

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA DE 30 DE MARZO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e cinco minutos do día trinta de marzo do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro (con retraso), Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

1.- (77).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 19 E 26.01.04 E DÚAS DO 16.02.04).

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes á sesión extraordinaria do 19 de xaneiro de 2004 e ordinaria do día 26 do mesmo mes. Igualmente apróbanse as actas correspondentes os dous Plenos extraordinarios realizados o día 16 de febreiro de 2004.

2.- (78).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE CAMBIO DE DELEGADO DO SECRETARIO NA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO HISTÓRICO.

ANTECEDENTES.- Con data 24 de marzo de 2004, o Secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, emitíu a seguinte proposta:

“De conformidade co art. 13.2 do RD 1174/1987, do 18 de setembro, sobre Réxime Xurídico de Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, esta Secretaría Xeral do Pleno propón a esa Alcaldía que na comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, actue como delegado do secretario para o exercicio das funcións da fé pública e asesoramento legal o funcionario Rafael Ojea Pérez, deixando sen efecto a resolución do 14.01.04 onde se nomeaba a D^a Margarida Parajó Calvo”.

Visto o anterior, a Alcaldía-presidencia, coa mesma data do 24 de marzo, resolveu o que segue:

Primeiro.- Resolver de conformidade coa proposta presentada, debéndose notificar a mesma ós funcionarios afectados.

Segundo.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este órgano realice.

Do anterior dase conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando este enterado.

3.- (79).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 26 DO PXOU DE VIGO: REORDENACIÓN DE VIAIS NA ZONA DE MEIXOEIRO-BEMBRIVE E ACCESOS Ó HOSPITAL DO MEIXOEIRO.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xaneiro de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto municipal de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. González-Yebra Pimentel e Alonso Fernández, coa conformidade do secretario xeral do Pleno, informan do que segue:

"1.- FEITOS/ANTECEDENTES:

1.1. O Consello da Xerencia de Urbanismo de Vigo, en data 14 de marzo de 2002 acordou iniciar o expediente de Modificación Puntual nº 26 do Plan Xeral de Ordenación Urbana na zona do Meixoeiro (Bembrive) e accesos ó Hospital do Meixoeiro conforme coa proposta formulada pola Oficina municipal de actuacións viarias, encomendándosele a tramitación do expediente ós servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia de Urbanismo.

1.2. Redactado polos servizos técnicos municipais o expediente de modificación puntual solicitado, remitiuse o 27 de xuño de 2002 a informe das consellerías de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo (CPTOPV) e de Cultura da Xunta de Galicia, en virtude do disposto na lexislación urbanística e sectorial de patrimonio cultural; neste último caso pola presenza, no ámbito da modificación, do xacemento arqueolóxico catalogado GA-36057028, do Castro de Areeiro.

O 8 de agosto de 2002 recibíuse informe do Sr. conselleiro de PTOPV da Xunta de Galicia, de data 29 de xullo de 2002, relativo á Lei 1/97 do solo de Galicia, no que se formulaban dúas observacións: a primeira referente á necesidade de solicitar informes sectoriais (entre eles o de Estradas e o de Cultura); a segunda sobre a necesidade de xustificación dos cambios de clasificación de solo que se producían.

1.3. O 25 de febreiro de 2003 recibíuse informe desfavorable do director xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, de data 13 de decembro de 2002, relativo á Lei 16/85, de 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, xa que a estrada proxectada (que por certo xa figuraba nese tramo así trazada no Plan Xeral vixente) atravesaría o propio castro, destruindo aproximadamente 2.500 m2 do xacemento.

1.4. Trasladados estes informes á Oficina Municipal de Actuacións Viarias, redactouse unha nova proposta modificada da reordenación de viais na zona, na que se elimina o vial que atravesaba o xacemento arqueolóxico, a partir da cal elaborouse unha nova proposta de modificación puntual do Plan Xeral.

1.5. Esta nova proposta de modificación puntual nº 26 do PXOU remitiuse a novo informe previo da CPTOPV, Consellería de Cultura e Demarcación de Estradas do Ministerio de Fomento, en xullo de 2003.

1.6. O 7 de agosto de 2003 recibíuse informe da Demarcación de estradas do Ministerio de Fomento, en relación coa estrada nacional N-120, no que se formulan unha serie de consideracións relativas ó cumprimento da lexislación de estradas para os proxectos de accesos e urbanización, que deberán posteriormente redactarse.

1.7. O 12 de agosto de 2003 recibíuse informe favorable do director xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia de data 5 de agosto de 2003, indicando, non obstante, que o proxecto de obra deberá ser informado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, por se houbera que introducir algunhas condicións de control e seguimento arqueolóxico en determinados puntos da traza.

1.8. O 7.01.2004 recibíuse o informe, fóra de prazo, do director xeral de Urbanismo de data 22 de decembro de 2003, no que se continúan formulando observacións; a principal relativa á imposibilidade, de acordo co disposto no artigo 95.1 da LOUGA, de conversión directa de solo non urbanizable común (equiparable a solo rústico) en solo urbano.

1.9. Por tal razón, a documentación á que se refire este expediente corrixiuse novamente, no senso indicado pola Consellería, é dicir, evitando calquera reclasificación de solo rústico en urbano, que anteriormente se formulaba unicamente para rectificar o que se entende un erro no PXOU e recoñecer a parcela completa do IES Manuel Antonio como integramente merecedora da clasificación de solo urbano e non só en parte.

2.- OBXECTO.

O presente expediente presenta as seguintes modificacións:

2.1 Ampliación a 16 metros da sección transversal dos viais xa previstos no PXOU para acceso o Hospital do Mexoeiro.

2.2 Eliminación do vial previsto ó norte de Viña Grande con 12 metros de largo e que afectaba ó Castro do Areeiro, pasando este solo a ser clasificado como SNU 4 (especialmente protexido da paisaxe e masas forestais) e SNU 7 (de protección arqueolóxica).

2.3 Clasificación do Castro de Areeiro como SNU 7, de protección arqueolóxica, na superficie delimitada no catálogo de patrimonio arqueolóxico, anexo ó PXOU de Vigo.

2.4 Ampliación do percorrido do vial que discorre polo cumio do Monte do Meixoeiro (Camiño do Areeiro), ata acadar a residencia de terceira idade en construción, con obxecto de comunicar ambas residencias, cunha sección transversal de 12 metros.

2.5 Previsión dunha segunda vía de acceso ó Complexo Hospitalario mediante unha conexión directa entre os actuais accesos e a estrada de Viña Grande, que se amplía ata o Centro de Repsol, cunha sección transversal de 16 metros.

2.6 Reforzo dos nós de interconexión entre os distintos viais para que se poida garantir a capacidade nas interseccións da rede viaria.

2.7 Agás os imprescindibles cambios de clasificación derivados da desaparición, ou ampliación do sistema viario, clasificación do castro de Areeiro como SNU 7, de protección arqueolóxica, non acontece ningunha outra variación respecto do PXOU actual. Os cambios que se propoñen nesta modificación puntual restrínxense, pois, ós mínimos necesarios e imprescindibles requiridos para a funcionalidade e accesibilidade dos equipamentos afectados e as rectificacións das clasificacións e cualificacións do Castro Areeiro.

2.8 Polo tanto, o cambio de cualificacións de diversos solos, e o feito de que ditos cambios determinen sumas de superficies netas positivas ou negativas non é en si mesmo significativo. Ditos cambios responden fundamentalmente á ampliación e modificación do viario público, dos que, en todo caso, resulta unha mellora substancial da accesibilidade das distintas parcelas que repercute directa e positivamente en cadanseu uso, gañando de maneira significativa a funcionalidade dos equipamentos existentes (é evidente que os equipamentos sen o seu viario de acceso non poden ter ningún tipo de uso, e se o teñen pode resultar coartado pola ausencia ou merma de capacidade e seguridade vial nos diferentes accesos, tal e como acontece na actualidade).

2.9 Coa modificación proposta non se produce ningunha conversión ou inclusión directa de solo rústico en solo urbano.

3.- A DOCUMENTACIÓN PARA APROBACIÓN INICIAL.

Unha vez corrixido a consecuencia dos informes previos solicitados da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, e da Consellería de Cultura, así como da Demarcación de estradas do Ministerio de Fomento, a modificación puntual comprende os seguintes documentos:

- Memoria técnica:

1.- Introducción

2.- Memoria informativa e xustificativa

3.- Consideracións xurídicas

ANEXO: Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico para a modificación puntual do PXOU de Vigo.

- Anexos documentais:

1.- Acordos plenarios relativos ó Protocolo de Colaboración entre o Concello de Vigo e a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais para a construción dunha residencia da terceira idade en Bembrive.

2.- Acordos relativos á cesión dunha parcela da Entidade Local Menor de Bembrive para a construción dunha residencia da terceira idade, no Monte de Areeiro.

3.- Ficha do Catálogo de Protección Arqueolóxica do Castro de Areeiro (Xacemento GA 36057028).

4.- Estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico para a modificación puntual do PXOU de Vigo (redactado pola Oficina de actuacións viarias do Concello de Vigo)

- Planos:

De información:

- I-1: Situación no termo municipal 1/25.000
- I-2: Ámbito da modificación sobre o planeamento vixente 1/2.000
- I-3: Superficies por ordenanzas no planeamento actual e na modificación 1/2.000 (reformado en febreiro de 2004)

De proxecto:

- P-1: Modificación proposta 1/2.000 (reformado en febreiro de 2004)
- P-2: Plano 20-29 do Plan modificado
- P-3: Plano 21-29 do Plan modificado
- P-4: Plano 22-29 do Plan modificado (reformado en febreiro de 2004)
- P-5: Plano 21-30 do Plan modificado
- P-6: Plano 22-30 do Plan modificado
- P-7: Plano 23-30 do Plan modificado

Esta documentación corrixida substitúe á primeira presentada, permanecendo no expediente a substituída coa correspondente dilixencia.

4.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestade administrativa, a denominada "potestas variandi", que corresponde ás entidades locais e á Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuais do Plan xeral.

De acordo coa disposición transitoria primeira 1. g) da vixente LOUGA "as modificacións e revisións do planeamento vixente á entrada en vigor da Lei deben axustarse ó disposto na mesma."

Os artigos 93.4 e 94 da LOUGA establecen que "A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación" e que "calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas."

O artigo 61 LOUGA incorpora, como novidade, á documentación do Plan xeral de ordenación municipal o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, que "terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do plan xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestructuras e servicios necesarios para garanti-los novos desenvolvementos en condicións de cualidade e sostibilidade

ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural. O documento elaborado deberá incluí-la correspondente ficha-resumo das afeccións que puidesen incidir en cada un dos recursos naturais e bens que se van protexer, o catálogo das medidas correctoras, se é o caso, e a xustificación da implantación das novas infraestructuras e servicios urbanos."

Finalmente, o artigo 94. 5 LOUGA determina que: "Non se poderán aprobar modificacións de planeamento que impliquen a diminución ou eliminación de dotacións públicas, sen preve-la substitución das que se eliminen por outras de superficie e funcionalidade similar no mesmo distrito ou sector, segundo se trate de solo urbano ou urbanizable, agás que se xustifique a súa innecesariedade e se manteñan os estándares de reserva mínimos establecidos nesta Lei."

A presente modificación fundaméntase en razóns de interese publico debidamente xustificadas na memoria que antecede: a insuficiencia da previsión viaria no vixente PXOU para os accesos ó Complexo Hospitalario do Meixoeiro; a eliminación da afección ó Castro do Areeiro que provoca o vial previsto ó norte do de Viña Grande, facendo desaparecer este e establecendo unha conexión directa entre os actuais accesos ó hospital e a estrada de Viña Grande.

A modificación incorpora, como anexo, un estudio de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, redactado pola Oficina de Actuacións Viarias, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoutadas.

A lixeira diminución de superficies de terreo destinadas a dotacións públicas, que ten lugar por efecto da modificación, débese ós axustes e ampliacións na rede viaria pública e compénsase coas novas dotacións viarias, das que deriva unha mellora significativa da accesibilidade das distintas parcelas e da funcionalidade dos equipamentos existentes.

Toda vez que a modificación afecta -coa pretensión de evitalo- ó Castro Areeiro, xacemento arqueolóxico catalogado GA 36057028, e incide nos accesos á estrada N-120 (Autovía A-52) Vigo-Madrid, o expediente, de acordo coas lexislacións de Patrimonio Histórico e Estradas, remitiuse a informe da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e do Ministerio de Fomento.

Cóntase co informe favorable da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de data 5/08/2003.

En base ó informado pola Demarcación de estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, o 14/10/2003, faise constar expresamente neste expediente que: "En canto ós accesos á estrada N-120, ou modificación dos existentes, deberase estar ó preceptuado no Título III, uso e defensa das estradas, Capítulo Segundo, accesos do Regulamento Xeral de estradas (art. 101 e seguintes) así como axustarse ás determinacións da OM do 16 de

decembro de 1997, pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e a construción das instalacións de servizo."

Por outra parte, de acordo co informe do conselleiro da CPTOPV, do 29 de xullo de 2002, deberá solicitarse informe das consellerías de Educación, Sanidade e Servizos Sociais en canto á diminución das respectivas superficies dotacionais, adscritas ás devanditas consellerías, que a modificación comporta. O informe do director xeral de Urbanismo da mesma CPTOPV, de data 22 de decembro de 2003 permite a continuación na tramitación do expediente ata a súa aprobación provisional polo Concello, e a posterior remisión á Consellería para aprobación definitiva (art. 85.5 da LOUGA).

Na tramitación do expediente haberase de seguir o disposto no artigo 85 LOUGA, sobre procedemento de aprobación do Plan Xeral: aprobación inicial; trámite de información pública, como mínimo durante un mes e como máximo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOGA e en dous dos xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes; aprobación provisional polo Concello Pleno e aprobación definitiva polo órgano autonómico competente.

É competente para aprobar inicial e provisionalmente a presente modificación do planeamento xeral, de acordo co artigo 123.1.i), da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, O Concello-Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros do Pleno (artigo 123.2 LRBRL)"

Polo anteriormente exposto os funcionarios asinantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 12 de febreiro de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 do mesmo mes, acorda a aprobación do expediente e a súa remisión ó Pleno da Corporación.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 26 do PXOU, relativa á reordenación de viais na zona de Meixoeiro (Bembrive) e accesos ó Hospital do Meixoeiro (expediente 7545/411), planeamento de iniciativa municipal redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de

Urbanismo, para dar cumprimento ó acordo do Consello de Xerencia do 14 de marzo de 2002.

Segundo.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licencias nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.

Terceiro.- Sométase o expediente ó trámite de información pública durante un mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 da LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Previamente á aprobación provisional, solicítense informes da Consellería de Educación e de Sanidade, relativos á redución de superficie dotacional que se produce por ampliación do viario.

4.- (80).- APROBACIÓN DEFINITIVA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEEC NO CUARTEIRÓN NÚM. 57 (VELÁZQUEZ MORENO, 35).

ANTECEDENTES.- Con data 4 de febreiro de 2004, a técnica de administración xeral da oficina de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sra. Riobó Ibáñez, informa do que segue:

"1.- O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo de Vigo, en sesión do 2 de outubro de 2003, aprobou inicialmente a modificación puntual do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo, no cuarteirón 57, polo que se elimina o parámetro da altura máxima en número de metros para o edificio do número 35 da rúa Velázquez Moreno, composto de planta baixa con entreplanta, dúas plantas e baixo cuberta, mantendo o número de plantas permitidas de catro, conforme á memoria e documentación elaborada polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro en decembro de 2002.

A solicitude de modificación responde, dada a catalogación do inmovible coa protección de "ambiental", á resolución da Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia do 22 de xullo de 2002, en canto autoriza unha consulta previa para derruba-lo inmovible, mantendo a fachada e reconstruíndo na parcela, adicionando unha planta e un baixo cuberta, que supón un incumprimento do parámetro da altura en dimensión e, xa que logo, de imposible autorización pola Xerencia de urbanismo. Asemade, este incumprimento é consecuencia dun erro material existente na ficha específica do plan especial, que obriga a adicionar unha planta e cunha

limitación en número de metros que concreta en 13,20, de imposible conciliación.

A finalidade da modificación, segundo informa a arquitecta municipal o 2 de xuño de 2003, é rectificalo erro citado e melloralo a ordenación de acordo co informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural, ó mante-la adición no mesmo plano das plantas inferiores como determina a ficha específica do edificio no Plan especial, e aumenta-la altura da planta adicionada relacionando a cornixa coa do edificio da esquina á rúa de Príncipe.

Se respectan as condicións, que por remisión do artigo 93.4 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece o artigo 62, en canto non afecta ós obxectivos xerais e criterios de ordenación, clasificación do solo, estrutura xeral e orgánica do territorio, catálogo, non implica un incremento da superficie de edificable, nin a alteración de usos globais.

2.- Previamente ó acordo de aprobación inicial, o expediente deixouse pendente co fin de que informase o Sr. secretario da Xerencia sobre a legalidade do mesmo, en canto á implícita concesión dunha reserva de dispensación, informe que emite o 29 de setembro de 2003 no que dunha forma moi clara lembra o concepto que a doutrina e xurisprudencia manexan sobre a "reserva de dispensación" urbanística.

3.- O expediente completo someteuse a información pública durante un mes, mediante anuncios no Diario oficial de Galicia nº 203, do 20 de outubro de 2003, e nos xornais diarios Faro de Vigo o 24 e 31 de outubro de 2003 e na Voz de Galicia o 1 de novembro de 2003, sen que se presentasen alegacións, segundo certificación expedida polo secretario da Xerencia de urbanismo o 9 de decembro de 2003.

Notificouse asemade á propietaria do edificio segundo datos do rexistro da propiedade e, de conformidade co disposto no artigo 78.2 do Regulamento de planeamento urbanístico, recabouse o informe da Dirección xeral de patrimonio cultural de Galicia, quen o emite o 11 de novembro de 2003 e de forma favorable.

4.- Na modificación, segundo dispón o artigo 93.4 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, seguíronse as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, fundamentándose, tal e como esixe o artigo 94.1 da mesma Lei, en razóns de interese público, cal é a mellora da ordenación urbanística, observándose as prescricións contidas no número 5 do citado artigo 94.

A aprobación definitiva do planeamento de desenvolvemento do Plan xeral (e, por tanto, tamén das súas modificacións), correspóndelle, entrada en vigor a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, ó Pleno da Corporación, segundo o disposto no artigo 123.1 letra "i" daquela, a proposta do Consello da Xerencia de urbanismo, de conformidade co previsto no artigo 8 letra "m" dos estatutos polos que se rexe a Xerencia de urbanismo."

Polo anteriormente exposto, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 19 de febreiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Coma xa saberán este tema pasou tres veces polo Consello da Xerencia. A primeira vez foi o 25 de setembro, cando estaba no Goberno o Grupo municipal socialista que elevou este asunto ó Consello da Xerencia e concretamente o daquela Voceiro do Grupo Popular, Sr. López Chaves, entrevistou e dixo (vou ler textualmente a acta): "Na súa opinión estamos ante unha reserva de dispensación ó levar a cabo unha modificación de altura que non se adapta ó Plan Especial. Cré que isto non se pode levar adiante". Posteriormente repetiu de novo que lle parece un grave problema de legalidade.

Logo deste asunto se retirou da orde do día. Levouse novamente ó Consello da Xerencia o 2 de outubro de 2003 e nesa sesión o Sr. López Chaves reiterou de novo, e cito literalmente: "Trátase de exonerar a un particular dunha norma xeral. O Concello non pode actuar así, se se quere facer habería que exonerar a todos". Cita edificios que teñen limitación de altura e di que a este edificio se lle suprime a limitación. Tamén di que os Tribunais teñen reforzada a tese de interdicción deste tipo de actuacións. Finalmente remata dicindo que os requisitos son dous, que hai que cumprir os dous, que a aprobación inicial si vincula á administración e que hai que resolver dende un principio todas as dúbidas.

Agora este asunto se trae ó Pleno coa mesma proposta de resolución que no seu día se levou polo anterior Goberno ó Consello da Xerencia.

Gustaríanos saber se anteriormente o Grupo Popular estaba errado, se agora mantén esta mesma posición e apoia unha proposta que considera ilegal... Nese sentido e para clarear as dúbidas, pregariamos que nos deran unha resposta.

SR. FIGUEROA VILA: Xa lle contestamos na Xerencia que ás veces as responsabilidades de Goberno conlevan que cando unha alcaldesa ou quen fai a orde do día inclúe nela un expediente loxicamente se vexa a responsabilidade do Goberno.

Nós xa dixemos claramente que é unha matización xurídica que está aí, pero de todos os xeitos imos votar a favor porque a responsabilidade de goberno lévanos a que este tema o votemos tamén.

SR. SOTO FERREIRO: Dikir que imos manter a nosa opinión sobre este tema que, por certo, é absolutamente coincidente coa do Sr. López Chaves, aínda que non sabemos se a que é ou polo menos a que era.

Coido que este é un tema que como teña a máis mínima reclamación non se aguanta. Imos votar en contra.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o expediente de modificación puntual do Plan especial e catálogo complementario de edificios, conxuntos e elementos a conservar de Vigo no cuarteirón 57, polo que se elimina o parámetro da altura máxima en número de metros para o edificio do número 35 da rúa Velázquez Moreno, segundo documentación redactada polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro en decembro de 2002.

Segundo.- Proceder á publicación do acordo de aprobación definitiva, no prazo dun mes dende a súa adopción, no Diario oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, nos termos do artigo 92.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e á remisión dunha copia autenticada do expediente administrativo completo e de dous exemplares do instrumento aprobado á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia conforme ó disposto no apartado 3 do citado artigo.

5.- (81).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO ESTUDIO DE DETALLE DE ORDENACIÓN DE VOLUMES NO CUARTEIRÓN NÚM. 36 DO PEEC (GARCÍA BARBÓN, 24-32).

ANTECEDENTES.- Con data 11 de febreiro de 2004, a técnica de administración Xeral, Sra. Riobó Ibáñez, da oficina de Barrios Históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo, informa do que segue:

"O Consello da Xerencia municipal de urbanismo, en sesión do 11 de xaneiro de 2001 aprobou inicialmente a modificación do estudio de detalle de ordenación de volumes no cuarteirón 36 do Plan especial de edificios a conservar, García Barbón 24-32, aprobado definitivamente o 30 de xuño de 1994 segundo documentación presentada por D. José Ramón Iglesias e outros, redactada polos arquitectos D^a M^a José Maldonado Tornero e D. Alberto Iglesias Álvarez, visada o 2 de abril de 2000.

O estudio de detalle é unha modificación do aprobado definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 30 de xuño de 1994, expediente nº 2398/411. Preténdese a realización dunha cuberta curva de cobre como ampliación e remate do edificio sito en García Barbón 28, construído segundo licencia nº 22997/421, outorgada pola Comisión de Goberno o 25 de xuño de 1996, con primeira ocupación concedida polo presidente da Xerencia de Urbanismo mediante resolución do 20 de marzo de 2000.

De acordo co estudio de detalle do cuarteirón 36 pódese consolidar un aproveitamento de 4.115,25 m² nun edificio de dez plantas, nove nos tres metros limítrofes coa rúa García Barbón 26, e seis plantas nun fondo de 4,5 metros respecto a García Barbón, expresando o informe técnico obrante no expediente da licencia de rehabilitación e adición que se teñen consolidados 3.963,72 m², xerándose co baixo cuberta 113 m² máis. A modificación non supón incremento da edificabilidade máxima permitida, nin das alturas, nin do número de plantas, nin da ocupación.

A Comisión de seguemento do PEEC-PERI Casco Vello, en sesión do 29 de novembro de 2000, informou favorablemente a modificación presentada e no mesmo senso a Dirección xeral de patrimonio cultural, segundo previsións do artigo 54 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, en canto se trata dunha actuación sobre un inmovible catalogado no PEEC.

Sometido o expediente ó trámite de información pública mediante a inserción de anuncios no xornal diario "Faro de Vigo" do 2 de febreiro de 2001, DOG nº 23 do 1 de febreiro de 2001 e notificación individual ós propietarios afectados, presentouse unha alegación, segundo certificación do secretario da Xerencia de Urbanismo do 8 de marzo de 2001.

A alegación formulada por D. Lorenzo Mateos Cortés e D. Eduardo Guillén Vázquez o 28 de febreiro de 2001, doc. nº 173359, en representación, segundo propia manifestación, dos propietarios das fincas números 24 e 26 da Avda. García Barbón, pretende que se comprenda na modificación unha actuación conxunta sobre as parcelas dos números 24 e 26 da Avda. García Barbón, aplicando os criterios que para o tapado de medianeiras ó descuberto recolle o PEEC e, xa que logo, os edificios pasen a ter nove plantas sobre as oito que contempla o estudio de detalle.

Os autores da modificación informan que esta alegación ten sido presentada durante a tramitación do estudio de detalle inicial, autorizándose unha elevación de cornixa dos edificios 24 e 26 da Avda. García Barbón,

enrasando coa do número 22 da mesma avenida, e elevar unha planta baixo cuberta ata a cota de 32 metros, superando a cumbreira en altura o nivel da medianeira do edificio sito no número 28, e ademais que as medianeiras dos edificios 22 e 28 non teñen a consideración de medianeiras ó descuberto segundo definición do apartado 8.1.i das Normas urbanísticas do PEEC, en canto unha vez edificadas as parcelas números 24 e 26, non deixarían ó descuberto dúas alturas de parede cega sobre a cornixa da edificación proxectada, circunstancia que ratifica a arquitecta municipal no seu informe do 11 de xullo de 2003.

Xa que logo, proporase a súa desestimación.

A modificación do estudio de detalle inicialmente aprobado axústase ás finalidades e determinacións dos artigos 30 da Lei do solo de Galicia do 24 de marzo de 1997 e 65 do Regulamento de planeamento urbanístico do 23 de xuño de 1978, e na súa tramitación seguíuse o procedemento sinalado no artigo 44.3 da Lei do solo de Galicia, respectándose asemade as determinacións propias do artigo 73 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de aplicación segundo Disposición transitoria terceira da mesma, así como o procedemento sinalado no artigo 86.2 da citada Lei, incluíndo o informe favorable do sr. director xeral de Patrimonio cultural da Xunta de Galicia.

Nembargantes, proposta a aprobación definitiva do estudio de detalle pola funcionaria que asina o 29 de setembro de 2003, retirouse da orde do día para informe do señor secretario sobre o "problema de fixación das alturas", que o emite favorablemente o 6 de outubro de 2003.

De novo o Consello, a proposta da Presidencia da Xerencia de urbanismo, en xuntanza do 9 de outubro de 2003, deixou pendente a resolución do expediente para que se comprobase se as notificacións estaban feitas. En concreto dubídase da capacidade do presidente da comunidade de propietarios do edificio afectado para representar á comunidade neste asunto.

A pesar de que existe xurisprudencia que recoñece a legalidade da notificación ós presidentes das comunidades de propietarios, en consonancia coa función da representación en xuízo e fora del en tódolos asuntos que lla afecten, establecida no artigo 13.3º da Lei 49/1960, do 21 de xullo, de propiedade horizontal, na súa redacción por Lei 8/1999, do 6 de abril, xurisprudencia que se achega co informe, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid número 246/2003, do 20 de febreiro da Sala do contencioso-administrativo sección segunda, e sentencias do Tribunal supremo Sala do Contencioso-administrativo, sección quinta, do 21 de setembro de 1985 e 29 de novembro de 1995, e de que o apartado 2 do artigo 86 da Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia non esixe a notificación individual a tódolos propietarios afectados, a diferenza do previsto na tramitación de plans parciais, especiais e de sectorización, co fin de evitar maiores dilacións ós promotores do estudio de detalle, procedeuse á práctica da notificación persoal a tódolos propietarios do inmovible do número 30 da Avda. de García Barbón, recabándose os datos á Delegación provincial de Economía e Facenda e Rexistro da Propiedade, sen que se teñan presentado alegacións."

Polo anteriormente exposto e de conformidade cos artigos citados, 127.1 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do Goberno local, e 3 letra "b" e 8 letra "m" dos Estatutos polos que se rexe a Xerencia de urbanismo, a técnica informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 19 de febreiro de 2004, por maioría, propón a aprobación da devadita proposta.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Para abondar máis no xeito de actuar, dicir que este asunto pasou a proposta do anterior Goberno polo Consello da Xerencia o 2 de outubro de 2003.

O Sr. López Chaves concretamente afirmou que a altura máxima no PEEC é de 24 metros e este edificio xa ten máis de 30. Semella que está fóra de ordenación e que hai unha normativa estricta que se está a incumprir.

Repetíu o Sr. López Chaves que o edificio ten máis de sete andares, que excede da altura máxima e que cando se presenten dúbidas razoables nun expediente se deberían contrastar as opinións coas doutros técnicos, porque ás veces tamén se erran e de feito hai sentencias contrarias ó Concello que tiñan informes favorables.

Ese mesmo día a Sra. Porro, agora Sra. Alcaldesa, afirmou que o seu Grupo respectaba tanto ós órganos como ós técnicos do Concello, pero que a súa obriga é denunciar as cousas que cre que están mal feitas.

Posteriormente, o 9 de outubro de 2003, cando se levou de novo este expediente ó Consello da Xerencia, o Sr. López-Chaves insistíu en que, polo que respecta ó fondo do asunto, segundo as normas de protección estrutural non se pode aumentar o volume do edificio e que tamén hai incumprimento das normas que regulan a altura e cita unha sentenza dun caso igual que se basea no tope que marca a ficha. Esta sentenza estima o recurso contra o Concello e ordena a derruba de dous andares. Di o Sr. López-Chaves que isto pode causar graves prexuízos ó Concello e que, na súa opinión, deberían atarse todos os cabos en aras dunha maior seguridade xurídica.

Comprendemos que efectivamente agora contrasten que este expediente reunía todos os requisitos legais para seren aprobados.

Non lle vou pedir á Sra. Alcaldesa que explique a súa posición porque non lle gustan os debates xurídicos coma dixo no anterior Pleno. Cando estaban na oposición si facían debates exclusivamente xurídicos nas sesións do Consello da Xerencia e nos Plenos.

Interpretamos que se agora, por responsabilidade, votan a favor deste acordo que está nos mesmos termos que os que no seu día se propuxeron, é que cando estaban na oposición estaban actuando irresponsablemente ó se opoñer por sistema.

SR. SOTO FERREIRO: Empézanse a acuñar certos termos e convén saírlles ó paso.

Coido que a principal responsabilidade que temos os demócratas que estamos nun estado de dereito é actuar consonte con el. Polo tanto a principalísima responsabilidade é votar consonte á lei. Digo isto porque aquí comézanse a dicir algunhas cousas que realmente poden confundir a demasiada xente.

Din que por responsabilidade van votar a favor pero hai que votar consonte a dereito e a partir daí cada quen ten opinións políticas e pódennlle gustar máis unhas cousas ca outras, pero esta miscelánea dialéctica que se está a dar agora mesmo entre o Grupo Popular, que di que aproba por responsabilidade, e o Sr. Ruiz, que semella que estaba en contra pero que, por responsabilidade tamén, cala...

Pois nós non calamos porque, se levan este asunto para adiante, nós imos votar en contra.

SR. RUIZ CENICEROS: Non estabamos daquela en contra nin o estamos agora. No seu momento votamos a favor e agora votamos a favor porque consideramos que, efectivamente, o expediente estaba ben informado, é legal e debe ser aprobado.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatros votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación do estudo de detalle de ordenación de volumes no cuarteirón 36 do Plan especial de edificios a

conservar, García Barbón 24-32, aprobado definitivamente o 30 de xuño de 1994 segundo documentación presentada por D. José Ramón Iglesias e outros, redactada polos arquitectos D^a M^a José Maldonado Tornero e D. Alberto Iglesias Álvarez, visada o 2 de abril de 2000.

Segundo.- Proceder á publicación do acordo de aprobación definitiva no Diario oficial de Galicia e Boletín oficial da provincia, con notificación ós propietarios afectados.

6.- (82).- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de febreiro de 2004, o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Rodríguez Bartol, informa do seguinte:

"I.- FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) establece o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

I.2. A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a inspección técnica das edificacións (ITE) a cargo de facultativo competente.

I.2. Seguindo instrucións verbais do Sr. xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo (XMU), por parte do técnico de admón. xeral que subscribe procedeuse á elaboración dun proxecto de «ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO», á vista do que a Alcaldía-Presidencia resolveu, mediante Decreto de data 04.03.2003, incoar expediente administrativo para a súa tramitación pola XMU.

II.- INFORME

II.1. É intención do Concello de Vigo aprobar, con base na previsión legal contida no artigo 200 da LOUGA, unha ordenanza municipal que regule o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

II.2. A XMU poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubriese que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

II.3. Ademais, de acordo co disposto no artigo 217.4 da LOUGA, no que se tipifica como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, o Concello poderá sancionar tal incumprimento con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

II.4. Os elementos fundamentais desta nova ordenanza poden sintetizarse nos seguintes:

II.4.1. Xustificación:

A súa promulgación xustifícase de forma inmediata no mandato legal contido na LOUGA, dirixido a todos os concellos galegos e orientado a acadar o mantemento das condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións suxeitas a esta obriga.

II.4.2. Obxecto:

O constitúe a regulamentación detallada da obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e o planeamento aplicable mediante a obtención dun informe-certificado de inspección técnica da edificación (CITE) expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

II.4.3. Contido e alcance:

Formalmente, a parte dispositiva da ordenanza consta de 12 artigos. A súa parte final divídese en 3 disposicións adicionais, 1 disposición transitoria e 2 disposicións finais.

A ordenanza complétase con 2 anexos: modelo de ficha técnica da edificación (anexo I) e modelo de certificado de inspección técnica de edificios - CITE (anexo II).

A ordenanza será de aplicación a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións e construcións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.), con excepción das edificacións e construcións declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.

Así mesmo, quedarían excluídos do control da ITE resultante da aplicación da ordenanza, sen prexuízo da súa suxeición ó réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente, os edificios e construcións de titulariedade pública da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración local, así como das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas. Non obstante, se ocupasen edificios en réxime de alugueiro ou outro título distinto do de propiedade, os propietarios dos inmobles sí estarán obrigados a efectuar a ITE.

No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

II.4.4. Prazos para a presentación do CITE:

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor desta ordenanza, os prazos máximos xerais para a presentación do primeiro CITE, empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados da seguinte forma:

- a) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan máis de 100 anos de antigüidade: 2 anos.
- b) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan entre os 50 e os 100 anos de antigüidade: 4 anos.
- c) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan 10 o máis anos de antigüidade e menos de 50 anos: 6 anos.
- d) Os edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan menos de 10 anos de antigüidade, deberán presentar o primeiro CITE dentro do ano seguinte a aquel en que cumpran os 15 anos de antigüidade.

Unha vez presentado o primeiro CITE, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta ordenanza.

II.5. O cumprimento da obriga formal establecida nesta ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia, en virtude das que poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.

Tampouco a referida Disposición transitoria poderá en ningún caso xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

II.6. Aspectos instrumentais:

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da ordenanza, prevese a constitución na XMU dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos á ITE, o «Rexistro de inspección técnica da edificación», no que deberán constar a data de presentación e o contido de cada un dos certificados de inspección técnica da edificación (CITE) e das fichas técnicas da edificación que se han presentar xunto con el.

II.7. Para a implementación desta ordenanza considérase imprescindible, antes da súa efectiva aplicación:

- 1) Crear na XMU unha oficina de control da ITE, coa axeitada dotación de persoal, equipos, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc. Tendo en conta a natureza e permanencia das funcións a realizar e a

responsabilidade implícita nelas, considérase que deberá estar dotada necesariamente con persoal funcionario.

- 2) Crear, tamén na XMU, o Rexistro informático centralizado dos edificios suxeito á ITE (art. 7 da ordenanza: «Rexistro de inspección técnica da edificación»).
- 3) Elaborar un censo de edificacións.

Así mesmo, considérase necesario:

- a) Subscribir convenios de colaboración cos colexios profesionais para a execución subsidiaria da ITE (art. 8.3 e Disposición adicional segunda da ordenanza).
- b) Instrumentar un réxime de subvencións para sufragar os custos asociados á realización da ITE e, de ser o caso, á execución das obras derivadas dela (Disposición adicional terceira da ordenanza).
- c) Elaborar unha guía informativa para clarexar as posibles dúbidas que puidesen xurdir na realización dos CITE.
- d) Levar a cabo unha ampla campaña divulgativa entre a poboación e os sectores interesados que, mediante cartas personalizadas, liñas de atención cidadá (010), etc., contribúa a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación da ordenanza.

En caso contrario e á vista da experiencia comparada doutras cidades, as posibilidades de éxito na aplicación desta ordenanza serán, con toda probabilidade, practicamente nulas.

II.8. Para a redacción do proxecto de ordenanza de Vigo tivéronse en conta, entre outras, as ordenanzas municipais de Barcelona, Madrid, Cádiz, Sevilla, Móstoles, Alcalá de Henares, San Sebastián de los Reyes, Alcoi, Granada, Zaragoza, Málaga e Toledo.

II.9. Coa intención de propiciar a participación activa e a colaboración dos servizos técnicos municipais, remitiuse unha copia do proxecto de ordenanza ós distintos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo e ás concellerías implicadas (Urbanismo, Tráfico, Seguridade e Transporte, Patrimonio Histórico, etc.), a fin de que estudiasen o texto do proxecto e formulasen as observacións que estimasen oportunas.

II.10. Ademais, por aplicación do disposto nos artigos 9.2 e 105.a) da Constitución española de 1978, 86.4 da L.30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común e 24 da L.50/97, do 27 de novembro, do Goberno, deuse audiencia polo prazo de 15 días ás organizacións e asociacións representativas; en concreto a todas as integradas no «Consello Sectorial de Urbanismo», que inclúe a colexios profesionais (arquitectos, aparelladores, enxeñeiros industriais e de CC.CC. e PP., deliñantes...), sindicatos máis representativos, partidos políticos con representación no Concello, Federación de Asociacións de Veciños, Colexio de Axentes da Propiedade Inmobiliaria, representación empresarial (CEP, APEC, APROIN),

Entidade Local Menor de Bembrive, Cámara de Comercio, Industria e Navegación etc.

Así mesmo, remitiuse copia e deuse audiencia ás empresas de control de calidade, ás asociacións de consumidores e ós colexios ou consellos (provinciais/autonómicos/estatais) de administradores de fincas, arquitectos, apareladores e arquitectos técnicos, enxeñeiros de CC.CC. e PP., axentes da propiedade inmobiliaria, enxeñeiros industriais, enxeñeiros técnicos de OO.PP., etc.

II.11. Rematado o trámite de audiencia, recibíronse escritos de observacións e suxestións por parte do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (Delegación de Vigo), Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos técnicos da provincia de Pontevedra, Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia, APROIN, APEC, Confederación de Empresarios de Pontevedra e Asociación de Amas de Casa e Consumo "Agarimo".

II.12. Todos e cada un deles foron obxecto de valoración técnica polos servizos técnicos e xurídicos da Xerencia de Urbanismo, motivando nalgúns casos a reconsideración, total ou parcial, de determinados preceptos e contidos da proposta inicial de ordenanza. Noutros casos, as modificacións introducidas no texto inicial respostan a determinadas observacións realizadas polos servizos técnicos da XMU ou ben introducíronse de oficio coa intención de completar e mellorar aquela regulamentación.

II.13. Dado o carácter preliminar e preparatorio da fase procedimental na que nos atopamos, non procede entrar agora na análise pormenorizada de cada un dos escritos; análise que se realizará con ocasión do estudo das alegacións que, de ser o caso, se formulen ó texto da ordenanza inicialmente aprobada.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. Os municipios están legalmente habilitados para exercer competencias en materias tales como a disciplina urbanística, o patrimonio histórico-artístico, a protección do medio ambiente e da salubridade pública (art. 25.2.d], e], f] e h] LRBRL e art. 80.2.d], e] e arts. 81.d] e 86.1.i] LALGA).

III.2. As ordenanzas municipais, en tanto que disposicións acordadas polas Corporacións locais para rexer con carácter xeral, son un medio ordinario de intervención na actividade dos cidadáns (arts. 84.1.a LRBRL e 5 do RSCL) e constitúen a manifestación típica da potestade regulamentaria recoñecida ás entidades locais nos artigos 4.1.a] da L.7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do réxime local (LRBRL) e do RD. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aprobou o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF) e 6.1.a) da L.5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).

III.3. Tal intervención na actividade dos particulares deberá axustarse, en todo caso, ós principios de legalidade, igualdade de trato, proporcionalidade e congruencia cos motivos e fins que xustifiquen a potestade e o respecto á liberdade individual (arts. 286 LALGA e 2, 4 e 6 do RSCL).

III.4. As súas disposicións serán aplicables en todo o non previsto pola lexislación básica e pola LALGA, non puidendo conter preceptos contrarios ás leis e a outras disposicións xerais de superior rango xerárquico pero si tipificar infraccións e establecer sancións de conformidade co determinado pola lexislación sectorial (arts. 4, 286 e 287 LALGA, 55 TRRL e 11 RSCL) ou, en defecto desta, de acordo cos criterios establecidos nos artigos 139-141 da L.57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local (BOE nº 301, do 17.12.2003).

III.5. A teor do disposto na precitada L.57/2003, corresponde á Xunta de Goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas (art. 127.1.a]) e ó Pleno da Corporación a aprobación e modificación das ordenanzas e regulamentos municipais (art. 123.1.d]); atribución esta última tamén recollida nos artigos 64.2.d) da LALGA e 50.3 do ROF. Ademais, conforme co artigo 8.m] en relación co artigo 3 dos Estatutos da XMU, correspóndelle ó Consello de Xerencia propoñerlle ó Pleno da Corporación a adopción de acordos en todos aqueles asuntos nos que a competencia se reserva a este.

III.6. De acordo cos artigos 49 da LRBRL (na redacción dada pola L.11/99, do 21 de abril) e 56 do RDLex. 781/86, do 18 de abril (Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local: TRRL), a súa aprobación axustarase ó seguinte procedemento:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública e audiencia dos interesados polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) De non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

III.7. Conforme co previsto nos artigos 70.2 e 65.2 da LRBRL e 196.2 do ROF, a ordenanza deberá publicarse integramente no BOP e entrará en vigor ós quince (15) días hábiles da súa publicación completa."

Por todo o anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 19 de febreiro de 2004, por unanimidade, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 1 de marzo de 2004, presta a súa aprobación ó informe-proposta citado.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO, elaborada pola asesoría xurídica da xefatura da Xerencia Municipal de Urbanismo e co texto que se transcribe ó final deste acordo.

Segundo.- Abrir un período de información pública polo prazo de 30 días para a presentación de reclamacións e suxestións.

Terceiro.- Declarar que, consonte ó establecido no artigo 49.c] da LRBR, de non se presentar ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, debendo publicarse o texto íntegro da ordenanza no BOP; ordenanza que entrará en vigor ós quince días da súa publicación completa.

Cuarto.- Dispoñer, con carácter previo á súa aprobación definitiva e entrada en vigor, a aplicación dos medios técnicos e humanos necesarios para o efectivo cumprimento desta ordenanza, que se concretan na elaboración dun censo de edificacións e na creación dunha oficina administrativa de control da ITE e dun Rexistro informático. Unha vez aprobada, procederase á subscripción de convenios de colaboración cos colexios profesionais, ó establecemento dun réxime de subvencións e á elaboración dunha guía informativa. Así mesmo, desenvolverase unha campaña divulgativa entre a cidadanía e os sectores directamente interesados.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICACIÓNS (ITE) DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I.- XUSTIFICACIÓN

Congruente co concepto xeral de propiedade privada acollido pola CE de 1978 no seu artigo 33, «como un haz de facultades sobre las cosas, pero también, y al mismo tiempo, como un conjunto de derechos y obligaciones» (STC 37/1987, do 26.03.1987, FX 2º), o contido normal do dereito de propiedade urbana está integrado non só por un conxunto de facultades senón tamén de deberes, entre os que se atopa o deber básico dos propietarios de manter os terreos e construcións nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público.

Este deber de conservación, positivizado na lexislación urbanística e da edificación, constitúe unha das manifestacións típicas da «función social

da propiedade» (art. 33.2 CE), delimitadora do contido do dereito de propiedade privada en atención á finalidade ou utilidade social que, neste caso a propiedade inmobiliaria, debe cumprir.

Dende hai tempo, vense constatando unha crecente preocupación social polo estado de conservación das edificacións e, en especial, polas consecuencias negativas derivadas do incumprimento polos propietarios das condicións de seguridade esixibles; causa en ocasións de graves danos para os bens e tamén, lamentablemente, de perda de vidas humanas.

Para facer fronte a esta situación é preciso que os poderes públicos e, en primeira instancia, as Corporacións locais, sexan quen de instrumentar medios de control preventivo e de fomento que complementen eficazmente as técnicas ordinarias de intervención restauradora (v.gr. ordes de execución) e as tradicionais -e imprescindibles- tarefas de policía administrativa vencelladas á vixilancia do mantemento daquelas condicións básicas de conservación.

No marco dunha necesaria cultura da rehabilitación e o mantemento, a inspección periódica ou técnica das edificacións (ITE) configúrase hoxe no dereito urbanístico autonómico e nas ordenanzas locais como un instrumento de tutela preventiva idóneo para potenciar o papel que a conservación debe xogar no mantemento da cidade e para evitar a progresiva degradación do patrimonio edificado, o deterioro urbanístico e social de determinadas áreas e a perda de identidade urbana asociada.

A realización de inspeccións técnicas periódicas deberá permitir coñecer o estado real das edificacións de Vigo e as súas posibles patoloxias, posibilitando unha mellora substancial dos niveis de conservación xeral e que se acometa a tempo a execución de medidas inmediatas que eviten tanto riscos para a seguridade das persoas como a necesidade de afrontar reparacións máis complexas e custosas.

Ademáis, permitirá un maior coñecemento e control do estado de conservación das edificacións e construcións, o que se reflectirá no Rexistro da ITE, que debería contribuir tamén a dotar de maior seguridade xurídica e técnica ós usuarios do mercado inmobiliario de vivendas de certa antigüidade ou rehabilitadas.

II.- FUNDAMENTO LEGAL

O artigo 200 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) determina o deber dos concellos galegos de regular mediante ordenanza municipal a obriga de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

A ordenanza deberá establecer as edificacións que quedan suxeitas a esa obriga en función da súa antigüidade e, en todo caso, incluíranse todas as edificacións catalogadas ou de antigüidade superior a 50 anos, os prazos e as condicións nas que deba realizarse a ITE a cargo de facultativo competente, que consignará os resultados da súa inspección expedindo un certificado no que describirá os estragos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para

manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio delas.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia deste certificado esixe remitirlles copia del ó Concello e ó colexio profesional correspondente.

A Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo poderá esixir dos propietarios a exhibición dos certificados actualizados de inspección periódica de construcións e, se descubrirese que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

No artigo 217.4 do mesmo texto legal tipifícase como infracción urbanística leve o incumprimento da obriga de realizar a inspección periódica das edificacións, sancionable con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a)].

III. COMPETENCIA MUNICIPAL

De acordo coa lexislación de réxime local, o Concello de Vigo conta, no desenvolvemento das súas funcións de policía urbana, coa habilitación legal precisa para exercer competencias en materias tales como disciplina urbanística (art. 25.2.d] LRBRL), patrimonio histórico-artístico (art. 25.2.e] LRBRL), protección do medio ambiente (art. 25.2.f] LRBRL), protección civil (art. 25.2.c] LRBRL) e protección da salubridade pública (art. 25.2.h] LRBRL).

IV.- CONTIDO E ALCANCE DA ORDENANZA

A «Ordenanza municipal reguladora da Inspección Técnica de Edificacións (ITE) do Excmo. Concello de Vigo» establece a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística e o planeamento aplicable mediante a obtención dun informe-certificado de inspección técnica da edificación expedido por técnico competente, co contido, na forma e nos prazos sinalados nela.

Esta obriga alcanza a todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións e construcións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino, con excepción dos edificios e construcións de titulariedade pública e os declarados en situación de ruina ou sometidos a expediente contradictorio de ruina, mentres non exista resolución firme.

Para todos os edificios existentes á entrada en vigor da ordenanza, os prazos máximos xerais para a presentación do primeiro CITE empezarán a contar dende esa mesma data e quedan fixados na forma establecida na Disposición transitoria única, sen que en ningún caso esta disposición poida xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

Para posibilitar o axeitado control do cumprimento das obrigas derivadas da ordenanza, prevese a constitución na Xerencia municipal de Urbanismo do Concello de Vigo dun rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, o «Rexistro de inspección Técnica da

Edificación», no que deberán constar a data de presentación e o contido de cada un dos Certificados de Inspección Técnica da Edificación (CITE) e das Fichas Técnicas da Edificación que se han presentar xunto con el.

V.- IMPLEMENTACIÓN

A virtualidade da ITE, na forma en que se regula nesta ordenanza, esixe que se dote á Xerencia de Urbanismo de maiores medios, materiais e humanos, a realización dunha serie de traballos técnicos previos (censo de edificacións, desenvolvemento de aplicacións informáticas, etc.), a creación do Rexistro da ITE, a subscripción de convenios de colaboración cos colexios profesionais directamente implicados, unha axeitada campaña divulgativa entre a cidadanía e os profesionais e, por último, a instrumentación dun réxime específico de axudas á propiedade para realizar as ITE e, de ser o caso, para levar a cabo as obras recomendadas.

Artigo 1.- Fundamento e obxecto da ordenanza.

1.1. Díctase esta ordenanza ó abeiro do disposto, especificamente, no artigo 200 da LOUGA, que establece a obriga dos concellos de regular mediante ordenanza municipal o deber de inspección periódica das edificacións para determinar o seu estado de conservación.

1.2. Regúlase nela a obriga formal dos propietarios de edificacións de acreditar o cumprimento do deber de conservación imposto pola normativa urbanística, concretado no mantemento das condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade.

1.3. De acordo cos artigos 9 da L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia (LOUGA), 19 da L.6/1998, do 13 de abril, sobre Réxime do solo e valoracións, 16 da L.38/1999, do 5 de novembro, de Ordenación da Edificación (LOE) e 24 do D.28/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (RDU), os propietarios de toda clase de edificacións e construcións deberán mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación. Os propietarios de inmobles e edificacións en solo rústico e en solo de núcleo rural estarán obrigados, ademais, a realizar as obras necesarias para a protección do medio rural e ambiental.

1.4. Os requisitos básicos relativos á funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade da edificación serán os recollidos no RDU (art. 25) na LOE (art. 3), no planeamento urbanístico e na restante normativa aplicable.

Artigo 2.- Obrigados.

2.1. Todos os propietarios, persoas físicas ou xurídicas, titulares de calquera tipo de edificacións e construcións situadas no termo municipal de Vigo, con independencia do seu uso ou destino (vivenda, oficinas, industrial, comercial, etc.) estarán afectados pola obriga formal establecida nesta ordenanza. Exceptúanse as edificacións e construcións

declaradas en situación de ruina por resolución firme e as sometidas a expediente contradictorio de ruina.

2.2. Quedan excluídos do control da ITE resultante da aplicación desta ordenanza, sen prexuízo da súa suxeición ó réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente, os edificios e construcións de titulariedade pública da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma e da Administración local, así como das entidades e órganos instrumentais de natureza pública dependentes ou vencellados a aquelas. Non obstante, se ocupasen edificios en réxime de alugueiro ou outro título distinto do de propiedade, os propietarios dos inmobles si estarán obrigados a efectuar a ITE.

2.3. No caso de vivendas ou locais integrados en comunidades de propietarios o deber de realizar a ITE corresponderá á propia comunidade.

Artigo 3.- Certificado de Inspección Técnica da Edificación (CITE).

3.1. A obriga formal de acreditar o cumprimento do deber de conservación da edificación verificarase mediante a obtención por conta e cargo do propietario de informe-certificado expedido polo técnico facultativo competente para levar a cabo esta función que el mesmo designe. O contido, forma e prazos de presentación do CITE serán os establecidos nesta ordenanza.

3.2. De conformidade co disposto no artigo 200 da LOUGA, para a eficacia deste certificado esixirase a presentación de copia do mesmo no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación que se ha constituír na Xerencia.

Artigo 4.- Ficha Técnica da Edificación.

Establécese a obriga de realizar unha Ficha Técnica da Edificación, relativa á situación xurídica, arquitectónica, urbanística e ó réxime de ocupación da mesma, segundo o modelo que se xunta a esta ordenanza como Anexo I.

Artigo 5.- Contido do CITE.

5.1. O CITE expresará se a edificación reúne as condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas pola normativa e o planeamento aplicables, especialmente no tocante a:

- Elementos de fachadas a espacios de uso público e medianeiras.
- Estabilidade estrutural.
- Estado xeral de conservación de cubertas e instalacións primarias.

Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo de anteriores inspeccións periódicas.

5.2. Para o caso de que non se acadasen as condicións citadas anteriormente, o CITE deberá expresar claramente o resultado desfavorable da inspección e sinalar as obras necesarias por realizar, con indicación de prazos de inicio e de execución das mesmas.

5.3. Comprenderá, así mesmo, a indicación das medidas inmediatas de seguridade que, de ser o caso, fose necesario adoptar por existir unha situación de perigo inminente para os ocupantes da edificación ou das colindantes ou para as persoas que transiten pola vía pública.

5.4. O CITE presentarase conforme ó modelo que se xunta a esta ordenanza como Anexo II, debidamente cuberto e acompañado de reportaxe fotográfica do exterior e o interior do edificio, plano de situación a escala mínima 1:2000 e plano de deslinde a escala 1:500.

Artigo 6.- Forma e prazo de presentación do CITE.

6.1. O CITE deberá presentarse no colexio profesional correspondente e no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, acompañado da Ficha Técnica da Edificación.

6.2. O primeiro CITE deberá presentarse dentro do ano seguinte a aquel en que o edificio cumpra 15 anos de antigüidade ou dentro do prazo específico de 3 meses se o propietario da edificación fose requirido ó efecto de forma expresa e motivada pola Xerencia.

6.3. O CITE deberá renovarse periódicamente, dentro do ano seguinte a aquel en que teñan transcorrido 10 anos desde o vencemento do prazo no que debeu presentarse o anterior e entregarse no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación da Xerencia, xunto coa Ficha Técnica debidamente actualizada, conforme ós modelos establecidos nos Anexos I e II da ordenanza.

6.4. Para os efectos desta ordenanza, entenderase como idade da edificación o tempo transcorrido desde a data de terminación total da súa construción. Non obstante, no caso de que se executasen, de acordo coa licencia e autorizacións sectoriais esixidas, obras de reforma xeral que afecten á edificación completa, o prazo de presentación do CITE así como o das sucesivas renovacións, comezará a contar a partir da data de emisión do preceptivo certificado de finalización de obra.

6.5. A idade da edificación acreditarase documentalmente mediante os seguintes documentos: certificado final de obras, licencia de primeira ocupación ou, no seu defecto, licencia de obras. En ausencia deles, por calquera medio de proba admisible en Dereito e, en particular, por estimación técnica en función da súa tipoloxía e características constructivas.

6.6. Sen prexuízo do anterior, a Administración municipal poderá colaborar cos interesados facilitándolles os datos e antecedentes dos edificios que obren nos seus arquivos e rexistros.

Artigo 7.- Rexistro de ITE e Libro do Edificio.

7.1. Para os efectos previstos nesta ordenanza, constituirase na Xerencia un rexistro informático centralizado dos edificios suxeitos a inspección técnica, denominado «Rexistro de inspección Técnica da Edificación» no que quedará constancia da data de presentación e do contido de cada un dos CITE e das Fichas Técnicas da Edificación que se presenten.

7.2. A función deste Rexistro será o control do cumprimento das obrigas establecidas nesta ordenanza.

7.3. Os datos que consten nel serán públicos ós únicos efectos informativos e estatísticos, verificándose o acceso ó mesmo de acordo co previsto no artigo 37 da L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.4. As copias acreditativas da presentación do primeiro e sucesivos CITE e as súas correspondentes Fichas Técnicas xuntaránse ó Libro do Edificio ou, no seu defecto, á documentación técnica do mesmo, e deberán ser conservadas polos propietarios e transmitidas, en caso de alleamento por calquera título, ós seus novos titulares, de conformidade co previsto na LOE (art. 16) e as disposicións posteriores de desenvolvemento da mesma.

Artigo 8.- Consecuencias do incumprimento da presentación en prazo do CITE.

8.1. Se a Xerencia descubrixe que non se efectuaron e presentaron en prazo as inspeccións periódicas da edificación previstas nesta ordenanza, ordeará a realización das mesmas, outorgando ó efecto un prazo de 3 meses.

8.2. Transcorrido este prazo sen que se cumprise o ordeado e sen prexuízo da aplicación do réxime sancionador previsto na LOUGA e no RDU, a Xerencia poderá realizar a ITE de oficio e a custa dos obrigados. Para estes efectos, notificaráselles a identidade do técnico colexiado designado e o custo estimativo da súa intervención. Os honorarios a percibir polos traballos da ITE serán exaccionados pola Xerencia ós propietarios, podendo recorrer, de ser o caso, á vía de constrinximento.

8.3. Coa finalidade de levar a cabo a execución subsidiaria prevista no parágrafo anterior, a Xerencia poderá formalizar convenios de colaboración cos colexios profesionais a fin de que os colexiados que reúnan os requisitos de capacitación e idoneidade técnica necesarios poidan realizar a inspección regulada na ordenanza. A designación do colexiado efectuarala o respectivo colexio segundo a súa normativa interna.

8.4. De non se formalizar estes convenios, a Xerencia poderá organizar un turno ó que poderán acceder todos aqueles titulados colexiados que reúnan os anteriores requisitos de capacitación e idoneidade técnica. A súa designación farase de forma rotatoria por orde de antigüidade na lista.

8.5. En todo caso, a formalización de tales convenios e a contratación dos técnicos para realizar as inspeccións adecuaranse ás previsións orzamentarias da Xerencia.

8.6. Non poderán concederse axudas á rehabilitación total ou parcial das edificacións sen cumprir en prazo coa obriga de presentar o CITE.

Artigo 9.- Consecuencias do CITE desfavorable.

9.1. Se o resultado da inspección técnica fose desfavorable, a propiedade deberá solicitar e obter licenza municipal e, de ser o caso, as oportunas autorizacións sectoriais para proceder á execución das obras indicadas no CITE nos prazos que no mesmo se determinen, o que acreditará co

correspondente certificado de finalización das obras emitido polo técnico director.

9.2. Cando as obras a realizar non teñan o carácter de urxentes, o prazo para presentar a correspondente solicitude de licencia de obras na Xerencia será de 2 meses.

9.3. Se, pola contra, do CITE resultase a necesidade de acometer medidas inmediatas de seguridade por perigo inminente, deberanse realizar no prazo previsto no mesmo.

9.4. A subsanación das deficiencias observadas farase constar, en todo caso, no Rexistro de Inspección Técnica da Edificación.

Artigo 10.- Ordes de execución por non realizar as obras previstas no CITE.

10.1. De se incumprir o disposto nos apartados 9.1., 9.2. e 9.3. do artigo anterior e con base no CITE, os servicios técnicos e xurídicos da Xerencia emitirán informe proponendo o órgano competente da Xerencia o inicio de procedemento para dictar unha orde de execución ou incoar de oficio o expediente de declaración de ruína do inmovible, de resultar procedente a adopción desta medida.

10.2. As ordes de execución que se dicten a resultados do CITE e dos informes técnicos e xurídicos municipais deberán conter a determinación concreta das obras que fosen precisas para restablecer as condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade das edificacións e fixar os prazos de comezo e execución para o cumprimento voluntario do ordeado polo propietario; prazos que estarán en función da importancia, volume e complexidade das obras por realizar.

10.3. Igualmente, determinarase se a entidade das obras esixe a redacción de proxecto técnico e de estudo de seguridade e saúde e a existencia de dirección facultativa.

Artigo 11.- Réxime sancionador.

11.1. O incumprimento do propietario da súa obriga de presentación do primeiro e sucesivos CITE no tempo e a forma establecidos nesta ordenanza, así como das ordes de execución das obras resultantes da inspección técnica, constitúe, de acordo co artigo 217.4 da LOUGA, infracción urbanística leve, que será sancionada con multa de 300 a 6000 € (art. 220.1.a] LOUGA).

11.2. Conforme co preceptuado no artigo 223 LOUGA, a potestade sancionadora exercerase mediante o procedemento establecido na lexislación do procedemento administrativo. O prazo para resolver o procedemento sancionador será de 1 ano contado desde a data da súa iniciación. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que se dictase resolución, producirase a caducidade do procedemento. No suposto de que a infracción non prescribise, deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

11.3. No tocante ós órganos competentes para a imposición das sancións e ós prazos de prescrición de infraccións e sancións estarase expresamente ó disposto sobre o particular na LOUGA.

Artigo 12.- Réxime xeral do deber de conservación.

12.1. O cumprimento da obriga formal establecida nesta ordenanza entenderase sen prexuízo do réxime xurídico ordinario do deber de conservación regulado na lexislación vixente e das facultades de inspección urbanísticas atribuídas á Xerencia.

12.2. No exercicio desa potestade municipal de policía urbanística poderá ordear en calquera momento, de oficio ou por instancia de parte e de acordo co procedemento previsto nos artigos 26 e seguintes do RDU, a execución das obras requiridas para o cumprimento dos deberes de conservación, adoptando ou ordeando ós propietarios a adopción das medidas provisionais e urxentes que, de ser o caso, resulten necesarias para garantir a eficacia da resolución que puidese recair e evitar a causación de danos ás persoas e ós bens.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- Documentación dos proxectos técnicos.

Os proxectos técnicos de edificación que se presenten a partir da entrada en vigor desta ordenanza para a obtención da correspondente licenza municipal deberán incluír obrigatoriamente na súa documentación as especificacións técnicas e detalles constructivos relativos ós elementos exteriores da edificación (fachadas interiores e exteriores, paramentos e cuberta) e ós demais elementos arquitectónicos susceptibles de desprenderse e caír sobre a vía pública ou afectar a terceiros (cornixas, gárgolas, aleiros, canles, imbornais, pretís, galerías, balcóns, ménsulas, cenefas, impostas, escudos, etc.); en especial cando se prevexa a execución dos revestimentos das fachadas mediante chapados ou aplacados. Incluírase, igualmente, a xustificación técnica da seguridade deses elementos de acordo coas regulamentacións aplicables.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.- Convenios de colaboración.

Ademáis dos convenios que se poidan formalizar ó abeiro do disposto no artigo 8.3 desta ordenanza e nos que se concretará a posible colaboración dos colexios profesionais nos procedementos de execución subsidiaria nos supostos de incumprimento polos propietarios da obriga de realizar a ITE, a Xerencia poderá realizar outros nos que se establezan mecanismos de coordinación e de intercambio de información útil e se prevexa a organización de xornadas técnicas e de difusión da ordenanza, cursos de formación e especialización para profesionais, campañas divulgativas entre a poboación e demais medidas tendentes a facilitar o cumprimento das obrigas derivadas da aplicación da ordenanza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA.- Réxime de subvencións.

1.- O Concello de Vigo poderá establecer, de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, un réxime de subvencións do que poderán beneficiarse os propietarios que acrediten fidedignamente a carencia de recursos económicos suficientes para sufragar o custo da inspección técnica da edificación regulada nesta ordenanza. En todo caso, o outorgamento das axudas axustarase ós criterios vixentes para o acceso á vivenda protexida, de forma que a súa contía estea en función dos ingresos da unidade familiar.

2.- As comunidades de propietarios non poderán beneficiarse destas axudas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA:

1.- Para todos os edificios existentes á entrada en vigor desta ordenanza, os prazos máximos xerais para a presentación do primeiro CITE, empezarán a contar desde esa mesma data e quedan fixados da seguinte forma:

- a) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan máis de 100 anos de antigüidade: 2 anos.
- b) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan entre os 50 e os 100 anos de antigüidade: 4 anos.
- c) Edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan 10 o máis anos de antigüidade e menos de 50 anos: 6 anos.
- d) Os edificios que á entrada en vigor desta ordenanza teñan menos de 10 anos de antigüidade, deberán presentar o primeiro CITE dentro do ano seguinte a aquel en que cumpran os 15 anos de antigüidade.

2.- Unha vez presentado o primeiro CITE, a preceptiva renovación efectuarase conforme ó réxime xeral previsto no artigo 6.3 desta ordenanza.

3.- En ningún caso esta disposición transitoria poderá xustificar o incumprimento dos deberes de conservación e mantemento da edificación.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA:

A promulgación futura e entrada en vigor de normas de rango superior ó desta ordenanza que afecten ás materias reguladas na mesma determinará a aplicación automática daquelas, sen prexuízo dunha posterior adaptación, no que fose necesario, da ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA:

Conforme co establecido nos artigos 70.2 e 65.2 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, esta ordenanza entrará en vigor ós quince días hábiles da súa publicación completa no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, unha vez aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación, e rexerá en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.

 <p>Concello de Vigo XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO</p>		Selo rexistro
ORDENANZA ITE. ANEXO I: FICHA TÉCNICA DA EDIFICACIÓN		

Modelo de impreso aprobado na ordenanza de Inspección Técnica de Edificacións do Concello de Vigo (BOP nº XX do XX/XX/XXXX)

DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	EDIFICIO	Enderezo:				Num.	Cód. Postal:		Parroquia	Clave:											
		Data de construción/rehab.		Registro da Propiedade		Tomo	Libro	Folio	Nº de Referencia catastral	Plano Cart.											
		1ª ITE en prazo favorable -		Requirimento de ITE		Execución subsidiaria		Anterior ITE desfav.		Anterior ITE											
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	TITULAR/ES	DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:				Teléfono:		Fax:											
		ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																			
		Enderezo:				Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal											
		Parroquia		Municipio		Provincia		Correo electrónico:													
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	TÉCNICO/S	DNI ou CIF		Nome e apelidos ou razón social:				Teléfono:		Fax:											
		Título		Colexio Profesional:		Número de colexiado:		Actúa como Técnico:													
		ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN																			
		Enderezo:				Núm.	Esc.	Piso	Pt.	Cód. Postal											
DATOS A CUBRIR OBRIGATORIAMENTE	TÉCNICO/S	Parroquia		Municipio		Provincia		Correo electrónico:													
		DATOS INFORMATIVOS (OPCIONAIS)	USO PRINCIPAL		Nº VIVENDAS	Oc	Pr	Al	Ba	Nº OFICINAS		Oc	Pr	Al	Ba	Nº LOCAIS		Oc	Pr	Al	Ba
			SUPERFICIE CONSTRUIDA POR USOS	VIVENDAS				OFICINAS			LOCAIS										
				Nº	Superficie	Subtotal		Nº	Superficie	Subtotal	Nº	Superficie	Subtotal								
TOTAIS																					
SUPERFICIE CONSTRUIDA TOTAL	SUPERFICIE CONSTRUIDA SOBRE RASANTE						SUPERFICIE CONSTRUIDA BAIXO RASANTE														
DATOS OPCIONAIS (A CUBRIR EN TODO CASO POLA SITUACION URBANÍSTICA)	SITUACION URBANÍSTICA	PLANEAMENTO XERAL VIXENTE			PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO			CLASIFICACION DO SOLO			CUALIFICACION DE SOLO										
		SI NON FÓRA DE ORDENACION POR :																			
		ALIÑACIÓNS		RECUADOS		VOLUME		ALTURA		OCUPACIÓN		USOS									
		EXISTE ANTERIOR EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE RUINA							Nº de Expediente												

ADMINISTRACIÓN)	SI NON					
	EXISTE EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN					Nº de Expediente
	SI NON					
	CATALOGACION	BIC	INCLUIDO EN ARI		AFECCIONS LEXISLACION SECTORIAL	
	LICENCIA DE OBRAS	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	
	LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN	PROMOTOR	DATA		Nº DE EXPEDIENTE	
	SUPERFICIE PARCELA	TIPOLOXIA	Nº DE PLANTAS SOBRE RASANTE	Nº DE PLANTAS BAIXO RASANTE	APARCAMENTOS Nº DE PRAZAS	ASCENSOR/ES NÚMERO
	SITUACION ARQUITECTONICA					
CIMENTACIÓN						
CORRIDA ZAPATAS ILLADAS LOUSA PILOTES OUTRAS						
ESTRUCTURA						
MUROS DE CARGA MADEIRA FORMIGÓN ARMADO METÁLICA MIXTA OUTRAS						
REVESTIMENTOS DE FACHADAS						
PEDRA CHAPADOS PEDRA TRANSVENTILADAS LADRILLO CERÁMICOS MORTEIRO MONOCAPA						
PINTURAS CHAPADOS METÁLICOS FIBROCEMENTO MUROS CORTINA OUTROS						
CUBERTAS						
TELLA FIBROCEMENTO PIZARRA CHAPA METÁLICAS TERRAZA PLANA OUTRAS						
INSTALACIÓNS EXTERIORES :						
ANTENA TV ANTENA TELEFONÍA MÓBIL PARARRAIOS CABLEADOS LUMINARIAS						
CAIXAS DE INSTALACIONS BAIXANTES CHEMINEAS RÓTULOS TOLDOS OUTRAS						
CONSTRUCCIÓNS ANEXAS						
GALPÓN GARAXE OUTRAS						
VISADO COLEXIAL			Vigo, de de			
			O Técnico Inspector O propietario			
			Asdo:..... Asdo:			

ORDENANZA ITE. ANEXO II: CERTIFICADO DE INSPECCIÓN TÉCNICA DE EDIFICIOS (CITE)

INFORME DE INSPECCION E DICTAME DE ACTUACIONS

EDIFICIO	Enderezo:	Num.	Cód. Postal:	Parroquia	Clave:

METODO/S DE INSPECCION EMPREGADO/S	
VISUAL	CATAS TESTEMUÑAS DE : A) XESO -B) CRISTAL -C) DIANAS -D) OUTRAS
INSPECCIÓN DE ARQUETAS OUTROS	
DESCRIPCIÓN DO MÉTODO EMPREGADO:	

CUADRICULAS PARA CUBRIR ÚNICAMENTE NOS APARTADOS NECESARIOS

1. ESTRUCTURA	1.1. CIMENTACION	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	1.2. MUROS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	1.3. PIARES	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	1.4. VIGAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
Causas probables:					
1.5. FORXADOS/LOUSAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
1.6. ESCALEIRAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
1.7. OUTROS:.....	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR					

2. ELEMENTOS INTERIORES	2.1 TABIQUES	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	2.2 FALSOS TEITOS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	2.3. CARPINTERIAS INTERIORES:	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
2.4. OUTROS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	

SI/NON
Características constructivas:
Deficiencias observadas:
Causas probables:
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR

3.FACHADAS A ESPACIOS DE USO PÚBLICO OU PATIOS	3.1 FÁBRICAS/FACHADA PRINCIPAL	Estado: Bo	afección puntual%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	3.2.FÁBRICAS/FACHADA POSTERIOR	Estado: Bo	afección puntual%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	3.3 VÓS/BEIRIS	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	3.4.CORNIXAS	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	3.5.BALCONS/GALERIAS inminente	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	3.6 CHAPADOS OU APLACADOS inminente	Estado: Bo	afección puntual%	afección 100%	perigo
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
3.7 ENFOCADOS/MORTEIROS	Estado: Bo	afección puntual%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
3.8 PINTURAS	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
3.8 CARPINTERIAS/VIDROS	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
3.10 OUTROS:..... inminente	Estado: Bo	afección puntual %	afección 100%	perigo	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR					

4. CUBERTAS	4.1 TELLADOS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	4.2 TERRAZAS/AZOTEAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	4.3 CANALÓNS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
4.4 OUTROS:.....	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR					
5. INSTALACIONES PRIMARIAS	5.1 SANEAMIENTO	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	5.2 FONTANERIA	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	5.3 ELECTRICIDADE	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	5.4 ALUMEADO	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	5.5 GAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
5.6 OUTROS (CPI etc.)	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	
SI/NON					
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR					
6. ELEMENTOS	6.1 TOLDOS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
6.2 ANTENAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente	

ANEXOS Ó INMOBLE	SI/NON				
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	6.3 CHEMINEAS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	6.4 BAIXANTES	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	6.5 RÓTULOS/CARTEIS	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	6.6 MASTROS/ BANDEIROLAS	Estado: Bo	afección puntual%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
	Características constructivas:				
	Deficiencias observadas:				
	Causas probables:				
	6.7 OUTROS:.....	Estado : Bo	afección puntual ...%	afección 100%	perigo inminente SI/NON
Características constructivas:					
Deficiencias observadas:					
Causas probables:					
MEDIDAS A ADOPTAR E OBRAS NECESARIAS A REALIZAR					

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS INMEDIATAS DE SEGURIDADE						
				Parcial	Total	Urxente
DEMOLICION/S:						
RETIRADA ELEMENTOS FACHADA:						
ARRIOSTRAMENTO FACHADAS:						
APONTOAMENTO FACHADAS:						
MACIZADO OU TAPIADO OCOS:						
APEOS:						
ACOTADO OU VALADO DE ZONAS:						
OUTRAS:						
DESALOXO DE PERSOAS:	Nº de persoas	Temporal	Permanente	Parcial	Total	Urxente
RETIRADA DE ENSERES:	Nº de enseres	Temporal	Permanente	Parcial	Total	Urxente:

EXECUCION DAS OBRAS NECESARIAS
PRAZO DE INICIO:
PRAZO DE EXECUCIÓN:
OBSERVACIONES:

OBSERVACIONES COMPLEMENTARIAS

DOCUMENTACION ANEXA
PLANO DE SITUACIÓN E DESLINDE :
DOCUMENTACIÓN FOTOGRAFICA CON LENDAS EXPLICATIVAS:
PLANOS:
INFORME COMPLEMENTARIO:

OUTRA/S:

CONCLUSION FINAL

INFORME FAVORABLE DESFAVORABLE

Don na súa cualidade de

DICTAMINA

Que á vista do informe, o edificio situado en X
Propiedade de: X

SI NON reúne as condicións básicas de funcionalidade, seguridade, salubridade e habitabilidade establecidas na normativa e o planeamento aplicables.

(*) = Incluir unicamente no caso de resposta negativa anterior

Considérase preciso realizar as obras indicadas no CITE, nos prazos de inicio e execución que alí se sinalan.

SI NON considérase necesario realizar o nomeamento dun técnico competente, tanto para a súa definición precisa (proxecto) como para o seguimento da execución (dirección de obras e dirección da execución das obras) e a prevención de riscos laborais (seguridade e saúde).

SI NON existen unhas medidas de seguridade que non admiten demora por motivo de inminente perigo para os ocupantes da edificación, os que ocupen as súas inmediacións ou os viandantes.

VISADO COLEXIAL

Vigo, de de

O Técnico Inspector O propietario

Asdo:..... Asdo:

7.- (83).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DO SANATORIO DE FÁTIMA.

ANTECEDENTES.- Con data 20 de febreiro de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto municipal de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. González Yebra-Pimentel e Alonso Fernández, emitiron o seguinte informe:

"1. Antecedentes:

1.1. O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo, con data 24 de outubro de 2002, a instancia da entidade CENTRO MEDICO GALEGO S.A. (CEMEGASA), adoptou o seguinte acordo:

S.Ordinaria 30.03.04

Primeiro.- Inicia-la formulación municipal da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, na zona da Clínica de Fátima, de acordo coa documentación técnica presentada polo "CENTRO MÉDICO GALEGO, S.A." e elaborada pola arquitecta D^a María Asunción Leboreiro Amaro, con data de marzo de 2002, coa inclusión, tamén, da modificación da aliñación da rúa Asturias, que pasa de 10 a 12 metros de largo; modificación incorporada á documentación do Plan Especial de Reforma Interior que se tramita nesta zona e para a aprobación do cal tramítase a presente modificación puntual.

Segundo.- Ordenar á Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia de Urbanismo a tramitación de dita documentación como unha modificación puntual de planeamento xeral, formulada polo Concello a solicitude de "CENTRO MÉDICO GALEGO, S.A", remitindo o expediente ó conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, a fin de obte-lo informe previo á aprobación inicial previsto no artigo 41.3 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia.

Terceiro.- Previamente á remisión do expediente á CPTOPV rectificíquese o plano nº 2 do expediente no sentido de acota-lo largo da rúa Asturias a 12 metros.

1.2. O 27 de marzo de 2003, por parte da técnica redactora da modificación, D^a María Asunción Leboreiro Amaro, presentouse unha nova documentación, xa corrixida e adaptada á Lei 9/2002, do 30 de decembro de 2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), para a súa aprobación inicial, que, informada o 11 de abril de 2003 polos servizos técnicos e xurídicos municipais da Oficina de Planeamento da Xerencia de Urbanismo, remitiuse á Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Vivenda (CPTOPV) da Xunta de Galicia para informe previo á aprobación inicial.

1.3. Con data 10 de xullo de 2003, o director xeral de Urbanismo emitíu o devandito informe previo formulando unha serie de observacións referentes ós planos, ó terreo denominado B, ás cesións e infraestruturas e á xestión do viario e estudo económico da actuación; observacións que, sen embargo, non impedían a continuación da tramitación do expediente, ó non se esixir no informe remisión do expediente corrixido para novo informe previo á aprobación inicial e remitirse ó disposto no artigo 85.5 da LOUGA, sobre remisión do expediente ó órgano autonómico competente, despois da aprobación provisional polo Concello, a efectos da aprobación definitiva.

1.4. Dado traslado do dito informe á técnica redactora, deuse por esta resposta ó mesmo en escrito do 25 de setembro de 2003, que figura incorporado ó expediente, e ó que se achegou a documentación corrixida, que deu lugar á documentación definitiva, con data de visado do COAG do 20 de outubro de 2003, que aprobouse inicialmente polo Concello-Pleno en sesión do 27 de outubro de 2003.

1.5. Sometido o expediente ó trámite de información pública, durante o prazo sinalado no edicto da Alcaldía, publicado nos xornais Faro de Vigo e Voz de Galicia os días 21.11.03 e 22.11.03, para a presentación de alegacións, non se presentou, durante o prazo concedido ó efecto, ningunha alegación.

2.- Contido e xustificación da modificación proposta:

2.1. O Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, vixente por aprobación definitiva do Consello da Xunta de Galicia do 29 de abril de 1993, regula o solo urbano cualificado coa Ordenanza 4.5 de "zona para outras institucións", nos seguintes termos:

"Corresponde a zonas reservadas para institucións de uso público non recreativo que se poñerán ó servizo da cidade ou dos seus arredores. Nestas zonas, e para cada proposta que se presente, as condicións de volume, uso e xestión serán as que resulten máis adecuadas para o obxectivo que se propoña sendo a edificabilidade media de 1,20 m²/m²; no caso de sobrepasar esta edificabilidade, terase que desenvolver un PERI que xustifique este incremento, ata un máximo de 5 m²/m²..."

2.2. Inicialmente, a pretensión da modificación era remitir todo o ámbito a esta ordenanza e a súa ordenación detallada a un PERI, o que coa nova lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, non é posible no solo urbano consolidado, a ordenación detallada do cal deberá figurar no Plan Xeral de Ordenación Municipal (artigo 54 LOUGA).

Por esta razón a documentación reformouse e a proposta de modificación inclúe, agora, dende o nivel do Plan Xeral, a ordenación detallada de toda a propiedade de CEMEGASA, que no Plan Xeral vixente está cualificada, en parte, coa ordenanza 1.1.B (edificación pechada) e noutra parte coa ordenanza 4.5 (outras institucións).

2.3. Coa modificación que se propón, toda a propiedade queda cualificada coa Ordenanza 4.5.- Outras institucións, reservada a institucións de uso público non recreativo que se poñerán ó servizo da cidade ou dos seus arredores.

A sociedade Centro Médico Galego, S.A., pretende completar o centro hospitalario existente, integrado pola clínica actual construída en dúas etapas sucesivas, a fin de complementar os servizos hospitalarios da cidade de Vigo, dos que hoxe é unha peza fundamental habida conta os servizos que actualmente presta. Dito obxectivo aconsella a cualificación de todo o ámbito, propiedade da interesada, coa ordenanza 4.5, de zonas reservadas para institucións de uso público non recreativo, que é a ordenanza máis precisa para a actuación que se pretende.

A modificación da aliñación da rúa Párroco Xosé Otero pretende axustar as aliñacións do PXOU á realidade existente así como dotar da mesma ordenanza e permiti-la construción dun pequeno soar actualmente existente, afectado polas actuais aliñacións do PXOU, que se mantería tralo reaxuste da aliñación e que permitiría resolver o tapado da parede cega do edificio colindante.

Por último, a modificación da aliñación da rúa Asturias, que pasa de 10 a 12 metros de largo, que se inclúe tamén como obxecto desta modificación puntual, ten a súa xustificación nas suxerencias formuladas na fase do avance do PERI do ámbito de Fátima que no seu día se tramitou por esta Xerencia Municipal de Urbanismo; suxerencias de ampliación que, abandonada por imperativo legal a tramitación do plan especial, se incorporan agora á presente modificación puntual.

O interese público da modificación queda con isto xustificado e así o apreciou o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no seu acordo de 24 de decembro de 2002.

Polo que á cualidade da ordenación proxectada se refire, non procede formular a esta ningua obxección técnica.

A edificabilidade total que se pretende localizar é de..... 23.673,84 m2c.

- No terreo A (Fátima antiga+nova+edificación proposta).. 23.023,84 m2c.
- No terreo B (pequeno edificio en esquina)..... 650,00 m2c.

Esta edificabilidade pretendida, referida ós 7.928,56 m2, cualificados coa ordenanza 4.5 (non 8.110 m2 como, por erro, se dicía no anterior informe), supoñen 2,90 m2c/m2, inferior ós 5 m2c/m2 que, como máximo, permite a Ordenanza 4.5.

2.4. As características cuantitativas da modificación proposta son as seguintes:

CONDICIÓN S URBANÍSTICAS VIXENTES: Segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 29.04.93 (DOG 10.05.93), e coas medicións máis precisas que se conteñen no documento que se presenta á aprobación inicial, os terreos teñen a seguinte clasificación e cualificación de solo:

Clasificación de solo: solo urbano: 9.915,16 m2
 Cualificación de solo:

- 4.5. Outras institucións 6.506,60 m2
- 1.1.B. Edificación pechada 1.590,13 m2
- Viario 1.818,43 m2

- As condicións do ámbito, segundo Plan Xeral vixente, resúmense así:

ORDENANZA	USO	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
4.5 OUTRAS INSTITUCIÓN S	(INSTITUCIÓN S DE USO PÚBLICO NON RECREATIVO Ó SERVICIO DA CIDADE E ARREDORES)	6.506,60 m2	32.533,00 m2c (5 m2c/m2*)
1.1.B. EDIFICACIÓN PECHADA	RESIDENCIAL, E OUTROS COMPATIBLES	1.590,13 m2	7.950,65 m2c
VIARIO	VIAIS	1.818,43 m2	0
TOTAL		9.915,16	40.483,65 m2c

(*) A ordenanza 4.5. establece unha edificabilidade media de 1,20 m2c/m2 que pode superarse, sempre que se xustifique o incremento, ata un máximo de 5 m2c/m2).

MODIFICACIÓN PROPOSTA:

ORDENANZA	USO	SUPERFICIE	EDIFICABILIDADE
4.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS	(INSTITUCIÓNS DE USO PÚBLICO NON RECREATIVO Ó SERVICIO DA CIDADE E ARREDORES)	7.928,56 m2	23.673,84 m2c (2,9 m2c/m2*)
VIARIO	VIAIS	1.986,60 m2	0
TOTAL		9.915,16 m2c	23.673,84 m2c

(*) Segundo a ordenación detallada establecida desde o Plan Xeral.

- A proposta supón unha modificación no uso urbanístico das parcelas en relación co planeamento actualmente vixente
0 uso residencial redúcese en 7.950,65 m2c.
0 uso de servizo público increméntase en 8.859,16 m2c.
- A superficie de viario increméntase en 168,17 m2 pola ampliación do ancho da rúa Asturias dos 10 metros inicialmente previstos a 12 metros.
- A edificabilidade total do ámbito, respecto da máxima permitida polo Plan Xeral, mediante a aprobación da pertinente figura de planeamento, redúcese en 17.911,81 m2c.
- A modificación inclúe unha variación no trazado viario da rúa Padre Xosé Otero, que recolle o vial realmente executado e permite a construción dun pequeno soar resultante, coa mesma ordenanza 4.5., que resolvería o tapado da medianeira existente.
- A modificación non afecta a ningunha zona verde nin espazo libre público.

3.- Tramitación administrativa e contestación do informe previo á aprobación inicial.

3.1. Rematada a fase de elaboración do planeamento e inmediatamente antes da aprobación inicial, remitiuse o expediente completo ó conselleiro competente en materia de urbanismo para o seu informe previo á aprobación inicial.

3.2. Solicitado e emitido o devandito informe, con data 10 de xullo de 2003, formuláronse neste, segundo xa dixemos, unha serie de observacións referentes ós planos, ó terreo identificado como B, ás cesións e infraestructuras e á xestión do viario e estudo económico da actuación; observacións que, sen embargo, como, tamen, dixemos, non impedían a continuación da tramitación do expediente, ó non se esixir no informe a remisión do expediente para novo informe previo á aprobación inicial e remitirse ó disposto no artigo 85.5 da LOUGA, sobre remisión do expediente ó órgano autonómico competente, despois da aprobación provisional polo Concello, a efectos da aprobación definitiva.

3.3. Polo que se refire ás devanditas observacións formuladas polo director xeral de urbanismo no dito informe do 10 de xullo de 2003, practicáronse, antes da aprobación inicial, as correccións e aclaracións que das mesmas derivan, aportando, en relación co apartado 1) do informe -PLANOS- un novo plano 18-24 do PXOU, reformado, en relación ó coa proposta de ordenación detallada da Modificación Puntual; suprimindo no plano nº 8, en relación co apartado 3) do informe -CESIÓN- a rotulación "CESIÓN DEL PERI";

aclarando, en relación ó apartado 4) -INFRAESTRUCTURAS- que as infraestructuras que se recollen no documento son as exteriores existentes que quedan recollidas no apartado 3.3.1.9. e nos planos 9 e 10 e, en canto ó apartado 5) -VARIOS- xustificando que por se tratar o ámbito dun solo urbano consolidado, de propietario único, a actuación non será das consideradas "sistemáticas", senón que se realizará mediante a cesión de viais e custeamento das obras de urbanización disposta no artigo 19. a) LOUGA. A cesión dos terreos necesarios para a ampliación da rúa Asturias e da urbanización complementaria, así como os prazos para a edificación e urbanización precísanse nos apartados 3.4, 3.5 e 3.6 da memoria.

Por último, no que se refire ó apartado 2) do informe -TERREO B-, dise neste que a proposta de edificación fixa 8 andares para este terreo, cando a edificabilidade máxima da ordenanza 4.5 é de 5 m²/m², polo que só poderían construírse 5 alturas en ocupación total do solo sen que poidan aplicarse en solo urbano consolidado transferencias de edificación.

Recollendo substancialmente a resposta dada pola redactora do documento a esta obxección, contestouse que o terreo denominado B é unha porción discontinua doutra parcela de maior superficie incluída no ámbito da modificación. O índice de edificabilidade da ordenanza 4.5 aplícase á totalidade das parcelas do ámbito, cualificadas con esta ordenanza, redistribuíndo a edificabilidade resultante entre os sólidos resultantes da ordenación detallada que se propón na presente modificación puntual; sólidos que non infrinxen as condicións de edificación da ordenanza, nin superan, tampouco, o dito límite de 5 m²/m² de edificabilidade máxima das parcelas do ámbito. O terreo B, aínda que efectivamente pode ter a consideración de soar, en canto que porción discontinua doutra parcela de maior tamaño do ámbito, pode emprazar -entendemos- a ordenación detallada proxectada para o mesmo e aloxa-la edificabilidade prevista nela ó non se superar no conxunto a edificabilidade máxima e non contravir a edificación proxectada os parámetros de edificación da ordenanza 4.5; ordenación detallada que, tal e como se ten xa dito e xustifica no expediente, responde á finalidade de resolve-lo tapado da parede cega do edificio colindante con este terreo denominado B.

4.- Consideracións xurídicas:

4.1. A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestade administrativa, a denominada "potestas variandi", que corresponde ás entidades locais e á Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode ter lugar mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. No presente caso, habida conta a entidade e características da modificación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuais do Plan Xeral.

De acordo coa disposición transitoria primeira 1.g) da vixente LOUGA "as modificacións e revisións do planeamento vixente á entrada en vigor da Lei deben axustarse ó disposto na mesma."

Os artigos 93.4 e 94 da LOUGA establecen que: "A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación" e que "calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas."

4.2. A presente modificación fundaméntase en razóns de interese público debidamente xustificadas na exposición que antecede e axústase ás demais prescricións contidas no artigo 94 e concordantes da LOUGA.

4.3. Tratándose dun solo urbano consolidado, trala entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e de conformidade co seu artigo 54, a modificación puntual deberá recoller a ordenación detallada do ámbito, sen que sexa posible remitir esta a un plan especial de reforma interior.

4.4. O expediente conta co informe do conselleiro competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, esixido polo artigo 85.1 LOUGA, no que se formulan unha serie de observacións que non impiden, repetimos, a continuación da tramitación do expediente, ó non se esixir no informe nova remisión do expediente para novo informe previo á aprobación inicial e remitirse ó disposto no artigo 85.5 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre remisión do expediente ó órgano autonómico competente, despois da aprobación provisional polo Concello, a efectos da aprobación definitiva.

Na tramitación do expediente observáronse as demais disposicións do citado artigo 85 LOUGA.

4.5. De acordo co disposto nos artigos 22.2.c) da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local (LRBRL), en relación co artigo 64.2.c) da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 3.b) dos estatutos polos que se rexe esta Xerencia Municipal de Urbanismo, é competente para a aprobación inicial e provisional do planeamento xeral (e, polo tanto, tamén, para as súas modificacións), o Pleno do Concello, a proposta do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo (artigo 8. m. dos seus estatutos) e mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 47.3.i. LRBRL)".

Polo anteriormente exposto os técnicos informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 26 de febreiro de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

Con data 26 de marzo de 2004, o secretario xeral do Pleno presta a súa conformidade ó informe-proposta citado.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente o expediente de modificación puntual do PXOU-93 de Vigo (expte. nº 7617/411), relativo á ordenación detallada dos terreos do Sanatorio de Fátima, segundo a documentación presentada pola arquitecta dona María Asunción Leboreiro Amaro, con data de visado do COAG do 20 de outubro de 2003, en execución do acordo do Consello de Xerencia do 24 de outubro de 2002, redactada á vista do informe emitido polo Conselleiro da CPTOPV da Xunta de Galicia de data 10 de xullo de 2003.

Segundo.- Sométase o expediente completo debidamente dilixenciado ó conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda para a súa aprobación definitiva.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo, en legal forma, ós interesados no expediente.

8.- (84).- PETICIÓN DE DECLARACIÓN DE NULIDADE DE ACORDOS PLENARIOS DO 27.11.92, 03.08.98 E 28.04.03, RELATIVOS Á PERMUTA DE PARCELAS MUNICIPAIS POR OUTRAS PROPIEDADES DE "MIRAFLORES VIGO, S.A.", SITUADAS NO ÁMBITO DO PERI "A BOUZA SUR".

ANTECEDENTES.- O técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, con data 20 de febreiro de 2004, emite o seguinte informe:

"1.- Con data 26 de outubro de 1992 o entóns concelleiro de Planeamento Urbanístico, en representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." asinaron un convenio a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m² de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un plan especial de reforma interior ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m²/m²- que é de 32.964 metros cadrados. Dito convenio ratificouse polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992.

Nas estipulacións do convenio fíxose constar como condición especial a de que "se por calquera razón non chegase a se aprobar definitivamente a

figura de planeamento mencionada no prazo de oito meses contados a partir do momento da presentación da mesma no Rexistro Xeral do Concello, para a súa tramitación, "Miraflores, Vigo, S.A." poderá esixir que se reinicie polo Ministerio de Obras Publicas e transportes o expediente para a determinación do prezo xusto correspondente ó solo da finca cedida por este convenio ó Concello de Vigo."

2.- Se ben a cesión da parcela de referencia ó Concello de Vigo non se elevou a escritura pública ata 1999, a mesma púxose a disposición desta Administración local e ocupada polo actual Ministerio de Fomento a virtude dos devanditos convenios. Non obstante o cumprimento da cesión convenida, por parte da entidade "Miraflores de Vigo, S.A.", esta Administración municipal non logrou dar cumprimento ó seu compromiso de tramitación do plan especial de reforma interior, prometido para ordenalos aproveitamentos recoñecidos a "Miraflores Vigo, S.A" en virtude do devandito convenio, pero si aprobou, co Plan Xeral de 1993, para os terreos nos que se pretendía a aprobación do devandito plan especial de reforma interior, a delimitación dun plan parcial, o denominado Plan Parcial Quirós e as determinacións da súa ficha de características, que incluían a edificabilidade prevista no convenio: "1m²/m² (*).-(*) segundo convenio con Miraflores, S.A., incorporando 2 m²/m² de finca cun total de 32.964 m² a engadir".

Así as cousas, "Miraflores Vigo, S.A.", con data 20 de decembro de 1996, a medio da formulación de consulta previa, solicitou que a edificabilidade recoñecida no repetido convenio se materializase no ámbito do Plan Parcial Quirós, previsto no PXOU de 1993, de conformidade coa súa ficha. Sen embargo, por considerar que tal posibilidade conlevaba unha importante sobreintensificación de uso no ámbito, proscrita polo artigo 26 da Lei 11/1985, do 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 4 de abril de 1997, pronunciouse sobre esta petición no sentido de dispoñer a redacción do Plan Parcial de acordo coa edificabilidade de 1 m²/m², prevista na súa ficha de características, que se aplicaría á superficie real do polígono, e trasladar a edificabilidade recoñecida á parcela de cesión a solos vacantes, con establecemento de criterios de ponderación en función da futura localización.

3.- De conformidade con este pronunciamento, o Pleno do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 1998, acordou: "Transferir 31.786 m² edificables dos 32.964 m² recoñecidos á entidade Miraflores Vigo, S.A., por acordo plenario do 27 de novembro de 1992 ás parcelas de titularidade municipal núms. 9 ó 13, ámbalas dúas inclusive, do proxecto de compensación do polígono I do PERI A Bouza Sur", precisando que "os 1.178 m² edificables que restan por adjudicar, materializaranse a nome de dita entidade na aprobación do correspondente proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, deducíndose do aproveitamento urbanístico que corresponda á Administración municipal, e coa seguinte observación: a totalidade da edificabilidade que se transfire debe destinarse a vivendas en réxime de protección oficial: vivendas libres de prezo taxado, vivendas de réxime xeral ou vivendas de réxime especial (...)"

Ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e co número 02/6866/1998, seguíuse recurso contencioso-

administrativo en impugnación deste acordo plenario no que, con data 17 de xullo de 2003, recaíu sentenza anulatoria do mesmo.

4.- A medio de escritura pública do 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co número 1.497 de orde do seu protocolo, produciuse a transmisión á entidade mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." de cinco parcelas municipais, sitas no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, resultantes do correspondente proxecto de compensación (fincas núms. "9", "10", "11", "12" e "13"), cunha edificabilidade total de 31.786 m², afectas ó destino de vivendas en réxime de protección oficial e ó pagamento da correspondente cota de urbanización. Tamén, na mesma escritura, "Miraflores Vigo, S.A." ratificou a cesión ó Concello de Vigo da finca obxecto do convenio do 26 de outubro de 1992, elevando nese acto o convenio a escritura pública,

5.- Á vista das recentes resolucións xudiciais recaídas en relación con ámbitos contiguos ó do plan especial da Bouza Sur e con xustificación na conveniencia de reordena-los aproveitamentos urbanísticos da zona -e dentro destes, os previstos para vivendas de protección pública no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, para o cal entendiase necesaria a súa adquisición-, posta de manifesto con ocasión da necesidade de execución das ditas resolucións xudiciais, o alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 19 de setembro de 2001, formulou á entidade "Miraflores de Vigo, S.A." a oferta de precontrato de permuta, que obra no seu expediente, das devanditas parcelas por bens do Patrimonio Municipal do Solo a determinar no momento da negociación da permuta prometida e con data do 28 de abril de 2003, o Concello-Pleno acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, a permuta das parcelas municipais, actuais e futuras, que se describen na citada parte expositiva, polas repetidas parcelas propiedade de "Miraflores Vigo, S.A.", sitas no polígono 1 da Bouza Sur; permuta que se someteu a unha condición resolutoria expresa consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, interposto contra o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaíse sentenza anulatoria do mesmo.

A permuta foi outorgada en escritura pública de data 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, actuando en substitución e para o protocolo do seu compañeiro de residencia D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo. Nesta escritura pública, na súa estipulación cuarta, precisouse que, no caso de que a resolución teña lugar, a Administración municipal podería optar entre esixir a restitución dos inmobles entregados en permuta ou ben considerar entregados os mesmos en concepto de pagamento por equivalencia das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio asinado, con data 26 de outubro de 1992, entre a representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores de Vigo, S.A." para a obtención dunha parcela afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos.

6.- Con data do 17 de xullo de 2003, segundo xa adelantamos, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no repetido recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveu anular "o acordo plenario do Concello de Vigo do 3 de agosto de 1998, sobre transferencias

de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio do 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de setembro seguinte."

Producida esta sentenza anulatoria, tivo lugar, automaticamente, de acordo co estipulado na permuta, a resolución da mesma e o Concello-Pleno por acordo do 21 de novembro de 2003 acordou requirir da entidade "Miraflores Vigo, S.A." a restitución dos bens entregados por esta Administración municipal en permuta.

7.- Por último, a medio de escrito de data de entrada na Xerencia Municipal de Urbanismo do 16 de maio de 2003, D. Eduardo Canabal Sanz solicitou a declaración de nulidade e revisión de oficio dos referidos acordos plenarios por consideralos constitutivos de delicto en base ás argumentacións que no dito escrito se conteñen.

8.- Dado tralado do dito escrito a "Miraflores de Vigo, S.A.", por esta, a medio de escrito do 6 de xuño de 2003, formularonse as alegacións que obran no expediente.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- A causa de nulidade invocada só podería operar tras unha eventual sentenza penal que declarase constitutivos de delicto os referidos acordos; acordos nos que, polo demais, na opinión deste informante, non se albisca a presenza dos elementos dos tipos penais que o reclamante invoca.

II.- De conformidade co artigo 102.3. LRJPA "O órgano competente para a revisión de oficio poderá acordar motivadamente a inadmisión a trámite das solicitudes formuladas polos interesados, sen necesidade de recabar dictame do Consello do Estado ou órgano consultivo da Comunidade Autónoma, cando as mesmas non se baseen nalgunha causa de nulidade ou carezan manifestamente de fundamento (...)"

Como queira que a causa de nulidade invocada nunca podería operar en ausencia dunha previa sentenza penal a petición de revisión de oficio carece manifestamente de fundamento e procede a súa inadmisión.

III.- De conformidade co artigo 127.1.k) LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, é competente para a resolución da presente reclamación a Xunta de Goberno Local."

Polo anteriormente exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo a máis dun terceiro apartado propoñendo facilitar ó reclamante a documentación solicitada.

No Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de sesión do 26 de febreiro, o secretario xeral do Pleno manifesta que o terceiro apartado é competencia da Xunta de Goberno Local, propoñendo o devandito Consello ó Pleno da Corporación a aprobación dos dous primeiros apartados da proposta citada.

A Xunta de Goberno Local, se sesión do 8 de marzo de 2004, presta a súa aprobación á devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Nós imos votar en contra se manteñen esta proposición.

Propoñémoslle ó conxunto dos Grupos políticos que se faga o que na nosa opinión se debería facer: retrotraer o expediente ó momento procesal oportuno e pagar a expropiación correspondente.

Iso é o que realmente correspondería facer e todo o demais, a partir daquel expediente, é un amaño urbanístico de monumentais e colosais proporcións.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecatro votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a solicitude formulada por D. Eduardo Canabal Sanz perante esta Administración municipal o 16 de maio de 2003, sobre declaración de nulidade e revisión de oficio dos acordos plenarios do 27 de agosto de 1992, 3 de agosto de 1998 e 28 de abril de 2003, reseñados nos antecedentes deste acordo.

Segundo.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

9.- (85).- AXUDAS DESTINADAS Á PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS. SOLICITUDE PLAN CONCERTADO DA CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS DA XUNTA DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de febreiro de 2004, a técnica da oficina da Muller, Sra. Gómez García, coa conformidade da concelleira delegada, informa do que segue:

"A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, por Orde do 18 de decembro de 2003, publicada no DOGA núm. 2, do 5 de xaneiro de 2004, convoca as axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas Corporacións locais. Esta Orde ten por obxecto a convocatoria de axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais de atención primaria e especializados polas Corporacións locais.

A Concellería da Muller do Concello de Vigo continua coa prestación de programas específicos da muller, susceptibles de ser obxecto da presente convocatoria:

Departamento da Muller (oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos dereitos da muller) Gastos de persoal....	171.735,37 €
Casa de Acollida de Mulleres e piso tutelado. Gastos de persoal e mantemento	254.666,15 €
Servicio de atención domiciliaria da infancia /SADI canguros	121.408,65 €
Plan Municipal contra a violencia de xénero	66.111,33 €
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida	<u>18.030,36 €</u>
TOTAL	631.951,86 €

Dado que todos eles valónrase axustados ó solicitado na devandita convocatoria, propónse a aprobación da solicitude e a súa ratificación posterior polo Pleno da Corporación Municipal".

Polo anteriormente exposto a técnica informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Alcaldía-Presidencia, con data 12 de febreiro, resolveu de conformidade coa proposta citada.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, en sesión do 22 de marzo de 2004, dictaminou favorablemente.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de subvención ó abeiro da Orde do 18 de decembro de 2003, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e publicada no DOGA num. 2, do 5 de xaneiro de

2004, pola que se convocan as axudas para o financiamento total ou parcial do mantemento e realización de programas e investimentos destinados á prestación de servizos sociais de atención primaria e especializados polas Corporacións Locais, por un importe de 421.301,24 Euros, desglosados do seguinte xeito:

Departamento da Muller (Oficina da Muller e Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller) Gastos de personal...	114.490,25 €
Casa de Acollida de Mulleres e piso tutelado. Gastos de persoal e mantemento.....	169.777,43 €
Servicio atención domiciliaria da Infancia/SAID Canguros....	80.939,10 €
Plan Municipal contra la violencia de xénero.....	44.074,22 €
Bolsas de axuda económica para a saída das mulleres da Casa de Acollida.....	<u>12.020,24 €</u>
TOTAL:.....	421.301,24 €

Segundo- Dar conta da presente resolución ó Pleno da Corporación Municipal para a súa ratificación.

10.- (86).- RATIFICACIÓN POLO PLENO DA CORPORACIÓN DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER, SEGUNDO A DISPOSICIÓN PRIMEIRA DO SEU REGULAMENTO.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de febreiro de 2004, a secretaria-delegada do Consello Municipal da Muller, Sra. Gómez García, co visto e praxe da concelleira delegada, informa do que segue:

"O artigo XIII do regulamento do Consello Municipal da Muller aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993 e publicado no Boletín Oficial da Provincia do día 13 de abril de 1993, indica que "as integrantes do Consello Municipal da Muller serán renovadas, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renoven os membros da Corporación, polo tanto no prazo máximo de tres meses, despois de se constituir o Goberno municipal, a presidenta dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder a designar ás novas compoñentes.

Consonte con esa disposición a presidenta convoca ó novo Consello Municipal da Muller o mércores, día 18 de febreiro de 2004. De acordo coas solicitudes de integración presentadas por diversas asociacións e en atención ás variacións de entidades e asociacións existentes en Vigo no día da data, presenta á súa consideración a composición e o calendario de xuntanzas anuais, segundo o previsto na disposición adicional primeira do regulamento..."

Polo anteriormente exposto a secretaria-delegada emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, na súa sesión do día 22 de marzo de 2004, dictamina a devandita proposta favorablemente.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a nova composición do Consello Municipal da Muller que quedará constituído do seguinte xeito:

PRESIDENTA (01)

D^a Lucía Molares Pérez

GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS (04)

Grupo municipal do PP:

Titular

D^a M^a Soledad Polo Lima

Suplente:

Grupo Municipal do PSdeG-PSOE

Titular:

D^a M^a Xosé Porteiro García

Suplente:

D^a Belén Sío Lourido

Grupo Municipal do BNG:

Titular:

D^a Carme Adan Villamarín

Suplente:

D^a Carmen García Mallo

Grupo Municipal de DPG:

Titular:

D^a Mercedes Verísimo Jaen

Suplente:

D^a Anxos Arias Millos

SERVICIO GALEGO PARA A PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER (01)

Titular:

D^a Felisa Baena Conejero
Praza de Europa, 15-a-21
Área Central. Polígono das Fontiñas
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
D^a Estíbaliz Osorio Ruiz

Suplente:

ASOCIACIÓNS DE MULLERES (14)

Inlúense neste epígrafe aquelas asociacións que conteñen nos seus estatutos todos ou algún destes obxectivos: defensa dos dereitos das mulleres, a defensa da igualdade de dereitos e oportunidades para as mulleres e a promoción das mulleres. Cada asociación deberá nomear representante e suplente.

GECM ALECRÍN:
Titular: D^a Nieves Ibarra Seoane
Rúa García Barbón, 30.51 of. 8
36201 VIGO
Suplente: D^a Corona Rodríguez Pérez

ASOCIACIÓN DE MULLERES ACCEDO:
Titular: D^a Concepción J. Paz Fernández
Rúa Urzáiz, 118, Edif.Tecla-entrechán
36208 VIGO
Suplente: D^a Josefa Gómez Borrajo

ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA:
Titular: D^a M^a Carmen Figueroa Freiría
Monte Calvario, 20-Bembrive.
VIGO
Suplente: D^a Elva Riveiro Vila

ASOCIACIÓN DE MULLERES ROSALÍA DE CASTRO:
Titular: D^a Carmen Casal Lago
Avda. Sta. Marina, 95 - Cabral
VIGO
Suplente: D^a Juana Lago Barciela

ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA:
Titular: D^a Aurita González González
Rúa Nigrán, 2-8º dereita - Coia
36209 VIGO
Suplente: D^a Herminia Pino Fernández

APM CONCEPCIÓN ARENAL:
Titular: D^a Pilar Martínez Otero
Rúa Canceleiro, 13-11 A
36202 VIGO
Suplente: D^a M^a Dolores Cordovés García

COORDINADORA FEMINISTA DONICELA:
Titular: D^a Rosa Soriano Martíns
Rúa Colón, 9-entrechán
36201 VIGO
Suplente: D^a Margarita Rodríguez Holguín

FEMINISTAS INDEPENENTES GALEGAS:
Titular: D^a María Xosé Queizán Vilas
Rúa Regueiro, 15-51
36211 VIGO
Suplente: D^a Mónica Bar Cendón

MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS:
Titular: D^a Luisa Ocampo Pereira
Rúa Urzáiz, 130-11 D
36201 VIGO
Suplente: D^a Paula Fernandez Otero

ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS:

Titular: D^a María Meijide Vecino
 Rúa Policarpo Sáenz, 12-31 of. 1
 36201 VIGO

Suplente: D^a Montserrat Lamas González

ASOCIACIÓN DE MULLERES DE BOUZAS:
 Titular: D^a Pilar Falque González
 Rúa Canovas del Castillo, 12-7º e
 VIGO

Suplente: D^a Aurora Sepúlveda Solís

ASOCIACIÓN DE MULLERES XESTAS:
 Titular: D^a Nieves Alonso Pérez
 Cº das Plantas, s/n. Xestoso-Bembrive
 36313 VIGO

Suplente: D^a Josefa Manuela Adrio Montenegro

COLECTIVO VIOLETA:
 Titular: D^a M^a Luz Maset Catalá
 Apartado de correos, 3054
 VIGO

Suplente: D^a María Santos Sobrido

OVARIAS, COORDINADORA DE MULLERES CONTRA A VIOLENCIA:
 Titular: D^a Isabel Prieto
 Manuel de Castro, 40-1º e
 VIGO

Suplente: D^a Dolores Arrabal

VOCALÍAS DA MULLER FEDERADAS (06)
 Representantes da Vocalía da Muller da Fed. Veciñal "Eduardo Chao" de Vigo
 Titulares: D^a Mercedes Penabella Romero
 D^a M^a Jesús Costas Alonso
 D^a M^a José Lemos Alonso
 D^a Manuela Rodríguez Amorín
 D^a M^a Carmen Fernández Comesaña
 D^a M^a Carmen Espiñeira Sanjurjo
 Praza da Princesa, 7.
 36202 VIGO

Suplentes: D^a Rosa M^a Álvarez Comesaña
 D^a Sergia Dávila

SECRETARÍAS DA MULLER DOS SINDICATOS (03)
Secretaría da CIG
 Titular: D^a Iolanda Alonso Regueiro
 Rúa Gregorio Espino, 47- entrechán
 36205 VIGO

Suplente: D^a Maruchi Álvarez Castro

Secretaría da Muller de CC00:
 Titular: D^a Elena Rodríguez Giráldez
 Rúa Hernán Cortés, 26-2º andar
 36203 VIGO

Suplente: D^a Lucía Calvo Martínez

Secretaría da Muller da UXT:

Titular:

D^a M^a Olga Alonso Suárez
Rúa Heraclio Botana, 2-3^o
36201 VIGO

Suplente:

D^a Consuelo Taibo Campo

REPRESENTANTE DA CASA DE ACOLLIDA DE MULLERES MALTRATADAS (01)
Rúa Pintor Lugo, 5
36211 VIGO

REPRESENTANTE CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (01)
Rúa Pintor Lugo, 5
36211 VIGO

SECRETARIA (01)

TOTAL

32 compoñentes

Segundo.- Establecer o seguinte calendario anual de xuntanzas:

- Mércores, 21 de abril de 2004
- Mércores, 16 de xuño de 2004
- Mércores, 15 de setembro de 2004 e
- Mércores 17 de novembro de 2004

Neste intre se incorpora á sesión o concelleiro Sr. López-Chaves Castro).

11.- (87).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 15/2004 CON CARGO A REMANENTES LÍQUIDOS PARA FINANCIACIÓN DO CONVENIO CONCELLO-CONSORCIO ZONA FRANCA E DO MODIFICADO DO PROXECTO DE APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA URZÁIZ.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido pola interventora xeral con data 23 de marzo de 2004:

“Con data 15 de marzo, a Sra. Alcaldesa-Presidenta desta Corporación, incoa expediente de modificación de créditos para afrontar, tanto a constitución dunha sociedade mercantil que terá como obxecto a execución de determinadas obras de urbanización, a explotación e xestión de diversos servicios públicos municipais e actividades culturais e turísticas, segundo o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria do día 2 de marzo de 2004, como a aprobación (segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 01/03/2004) do modificado do proxecto de execución do aparcadoiro subterráneo da rúa Urzáiz.

A devandita modificación implica, conforme ó estipulado polo artigo 177 do Real Decreto 2/2004, de data 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a aprobación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, ó non existir no orzamento vixente crédito orzamentario co que atende-lo mencionado gasto e non poder demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo do interese xeral.

A financiación para afronta-la devandita modificación farase con cargo ó remanente líquido de Tesourería.

Este expediente, previo dictame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD 2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os Orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do citado Real Decreto.

APLICACION

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
1110.8110000	Aportación sociedade mixta	3.000.000,00
5110.6110042	Modificado aparcadoiro Urzáiz	1.592.210,43

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
87000	Remanente líquido Tesourería	4.592.201,43

A presente modificación do Orzamento infórmase favorablemente por esta Intervención Xeral, ó se axustar a mesma á normativa legal esixible a este tipo de expediente."

Visto o anterior, con data 24 de marzo o concelleiro delegado de Xestión Municipal formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo. A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 25 de marzo de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. PÉREZ MARIÑO: Pensamos que a raíz do que acaeceu se ía retirar da orde do día esta modificación orzamentaria no que respecta ó financiamento do convenio Concello-Consorcio da Zona Franca.

Polo que respecta ó aparcadoiro subterráneo da rúa Urzáiz, maniféstolle o noso voto favorable a esa parte da proposta. Sen embargo estimamos conveniente asegurar a validez do acto.

Os créditos extraordinarios son aquelas modificacións do orzamento por mor dun gasto específico que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito.

Coidamos que no que respecta en concreto á modificación do proxecto de remate e adecentamento do aparcadoiro subterráneo da rúa Urzáiz, debía incluírse dentro do orzamento ordinario da Corporación que é en puridade onde tiña que caber. Ademais estamos ás portas de aprobar un orzamento e coidamos que é aí onde tiña que se conter. A fórmula de buscar unha modificación orzamentaria e crédito extraordinario non nos semella axeitada.

Sen prexuízo do anterior, votaremos a favor con estas salvidades que dixemos porque non queremos que sofra menoscabo, pero coidamos que o proxecto tiña que estar reflectido nun orzamento que se vai presentar.

Con respecto ó que é o financiamento do convenio Concello-Consorcio Zona Franca, coidamos que se tiña que retirar da orde do día porque a nosa contraparte, a Zona Franca, aprobou este convenio condicionándoo ó informe do avogado do Estado e como este foi negativo non ven a conto que se probe o convenio.

Neste proceso da creación da sociedade Vigo-2005 e o convenio coa Zona Franca estamos a facer unha cerimonia da confusión, da improvisación e da falla de rigor.

Co gallo da inauguración dunhas probas deportivas de hípica, vostede sinalou que había unha chea de empresas e institucións que querían participar nesta sociedade Vigo-2005. Cando nós lle preguntamos no Pleno, Sra. Alcaldesa, sobre a fórmula xurídica que ía atopar e propoñer para dar lugar a esta sociedade (que si estamos de acordo coa súa finalidade), non fomos quen de obter unha resposta axeitada. Logo nos enteiramos polos xornais, polos medios de comunicación de cal era a fórmula que se propoñía. Na reunión da correspondente comisión, xa dende un primeiro momento, á vista do convenio, fixémoslle coñecer as nosas advertencias de legalidade porque non cumpría os requisitos de legalidade fundamentais para que deran lugar á posibilidade de artellar xuridicamente o que era unha boa idea, porque as boas ideas se non se artellan xuridicamente quedan baleiras de contido.

Reiterámosllo a vostede persoalmente, reiterámolo no seguinte Pleno, pedimos que se retrasase 48 horas, que solicitaran un dictame interno ou externo. Aquí, por parte de todos os Grupos municipais, todo foron loanzas ós dictames que había. Cada quen saberá a quen se debe e se estaba no certo ou errado.

O rigor e a forma nos procedementos dos actos administrativos son fundamentais e sen iso non se pode avanzar. Pretender subverter os principios de legalidade é un craso erro, tanto é así que nese convenio se levaba a extinción dun convenio realizado no 2001 entre o Concello e a Zona Franca e como se fixo mal foi a causa de que non se fagan en Vigo durante tres anos os tres aparcadoiros que se tiñan que facer. Fíxese ata que punto foi importante. Para emendar ese torto buscábase unha fórmula que non tiña ningún compoñente de respecto á legalidade.

Hoxe atopámonos nun momento semellante. Non podemos aprobar a modificación orzamentaria cando a nosa contraparte nos di que o convenio non se pode asinar. Haberá que buscar outra fórmula, pero entre as fórmulas que propón o Avogado do Estado non se atopa ningunha que supoña a constitución dunha empresanin sabemos se é posible.

¿Non semella máis prudente, máis sensato que comecemos as cousas ben para as facer con rapidez? Porque as facer mal o único que supuxo é o retraso, algo do que vostede predica que é fiel inimiga, Sra. Alcaldesa. Neste caso facer as cousas ben supón consultar cos órganos técnicos axeitados para que nos digan qué tipo de fórmula xurídica se deberá empregar.

Ademais, Sra. Alcaldesa, vostede dixo aquí no Pleno pasado, cando se debateu este problema, que tivera unha comunicación e que lle dixeran que o informe da Avogacía era favorable. Coido que algunha disculpa terá que dar vostede para nos explicar por qué fixo aquela manifestación que resultou que non se corresponde coa realidade.

Sra. Alcaldesa, vostede é a adaiñ do consenso e todos os días dinos que hai que se poñer de acordo. Estámosllo pedindo por activa e por pasiva, queremos o consenso xunto có rigor. Pedímosllo na Comisión persoalmente e pedímosllo hoxe de novo no Pleno. Pedímoslle que para que poidan funcionar as institucións que se cren é preciso que nos asesorem. Esta cidade vive na inseguridade xurídica, non afondemos nesa desgraciada e real fama. Se queremos que as resolucións xudiciais que nos veñen logo e que tanto perturban a marcha deste Concello vaian pasando ó esquecemento, será preciso asesorármonos.

Este é un magnífico exemplo do que non se debe facer e polo que a Alcaldía debía pedir excusas e dicir que errou. Qué fácil é tirar a pedra e dicir iso de "non queren a Vigo", qué bonito é iso, semella que aquí están os que teñen os querer e os que non.

Sra. Alcaldesa, para nós a cidade é a nosa obriga, a nosa devoción, queremos que a cidade vaia o mellor posible pero para iso hai que cambiar os métodos porque de non os cambiar atoparémonos con enormes dificultades. Non divida vostede a cidade entre os que queren ou non queren a Vigo, entre os bos e os malos, ou entre os amigos e os inimigos.

Nós, na función que nos corresponde nestes momentos na oposición, coma a que faciamos antes na Corporación, tentaremos facer o mellor para a cidade, como seguro que vostede e o seu Grupo tamén pretenden. Pero para iso é necesario cumprir unha serie de requisitos e hoxe o primeiro sería a retirada do financiamento deste convenio que é inexistente, que nestes momentos non ten visos de realidade.

Pregaríalle por tanto, Sra. Alcaldesa, que retirase este punto da orde do día (e é a primeira petición que lle fago) ou que se vote por separado o financiamento do convenio Concello-Consorcio da Zona Franca e a modificación do proxecto do aparcadoiro subterráneo da rúa Urzáiz.

Non sei se lle quedou claro pero queremos que a sociedade vaia ben, que a boa idea que supón Vigo-2005 e que é achacable a vostede, poida froitificar pero para iso son obrigatorios e necesarios algúns elementos que ás veces non se cumpren.

Non sei en qué bando podemos situar ó Avogado do Estado, pero do situar no bando da neutralidade o seu informe é demoledor, dá ata catro razóns diferentes para dicir que o que se fixo está mal. Non pode ser máis explícito. Adoptemos humildemente as súas recomendacións e cambiemos a nosa postura, doutro xeito seguiremos a camiñar no torto camiño de tirar para adiante, da inseguridade xurídica, logo problemas e dentro dun ou dous anos viríannos recursos dos aparcadoiros e outros e diríannos que o que faciamos hoxe estaba mal feito.

Por todo o antedito reitérolle a miña solicitude de que se retire da orde do día, de que dea unha explicación plausible de por qué nos dixo que o Avogado do Estado estaba de acordo ou de que xa falara con el. Déanos unha explicación plausible de por qué non se retira hoxe e explíquenos cal vai ser a fórmula para poder levar a cabo a institución. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Lémbrolle, Sr. Pérez Mariño, que estamos no Pleno do Concello de Vigo, que os informes preceptivos son precisamente os do Secretario e Interventora deste Concello e por iso eu lle vou pasar a palabra ó Secretario.

Asegúrolle que nós pretendemos e queremos actuar con toda a legalidade para que todos os actos teñan validez. Estamos traballando con rigor e iso significa ter en conta os informes preceptivos deste Concello.

Polo tanto voulle pasar a palabra ó Sr. Secretario do Concello de Vigo.

SR. SECRETARIO: Efectivamente coñecín o informe o venres a última hora. Por asuntos do propio Concello estiven en Madrid a fin de semana e tiveron pouco tempo para ler o informe do Avogado do Estado pero onte á última hora si puideron realizar algunhas notas.

Como xa lles consta a todos os concelleiros, ó expediente do convenio a subscribir entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca para a constitución da sociedade mercantil Vigo-2005, incorporouse un informe da Avogacía do Estado de Pontevedra en razón da asesoría xurídica de Zona Franca onde se indica que o convenio en cuestión non é conforme a dereito.

Logo dunha detida lectura, esta Secretaría discrepa profundamente do contido e das conclusións do devandito informe. Ratificámonos integramente no noso informe de data 17 de febreiro que manifesta a legalidade absoluta do convenio a subscribir.

Como vostedes saben, o Avogado do Estado fundamenta a súa tese en tres aspectos. En primeiro lugar manifesta que non é de aplicación ás entidades locais o artigo 6.5 da Lei 30/1992. En segundo lugar indica que o convenio conculca o artigo 169.f da Lei 33/2003, do 3 de novembro. En terceiro lugar sinala que no convenio non se respecta o principio de defensa da competencia.

Respecto á primeira aseveración, manifestar que ese artigo 6.5 da Lei 30/92 é o que nós invocabamos como fundamento xurídico básico do convenio a subscribir. O devandito artigo indica textualmente o que segue: "Cando a xestión dun convenio (enténdese interadministrativo) faga necesario crear unha organización común, esta organización poderá adoptar a forma de consorcio ou sociedade mercantil".

O Avogado do Estado considera que este precepto non é de aplicación en tanto en canto o apartado primeiro dese artigo 6 non cita ás administracións locais.

Efectivamente non as cita. O devandito apartado primeiro fala dun xeito xenérico da potestade convencional dos entes públicos, limítase a dicir que "Os órganos da Administración do Estado poderán realizar convenios cos órganos das Comunidades Autónomas".

Ó meu xuízo, o Avogado do Estado esquece o sinalado no artigo novo da propia Lei 30, ese artigo 9 textualmente di o que segue: "As relacións da Administración do Estado, ou das Administracións das Comunidades Autónomas coas entidades locais rexeranse pola lexislación básica de réxime local, aplicándose supletoriamente o disposto no Título I desta Lei".

Nin que dicir ten que o artigo 6.5 que nós invocamos no noso informe está contido no Título I da Lei. Isto quere dicir que ese artigo 6.5 si é de aplicación, efectivamente, ás entidades locais malia o que diga o Avogado do Estado. É máis, coidamos que a súa teoría é totalmente novedosa porque nin aparece recollida na doutrina científica, nin dende logo na xurisprudencia ou polo menos coido que é así co pouco tempo que tiven para as consultar.

En definitiva, as empresas municipais de economía mixta participadas integramente por distintos entes públicos non son, como nos quere facer crer o Avogado do Estado, froito dun contrato, senón de lóxicas relacións interadministrativas que se materializan e formalizan mediante convenios, pois xa sabemos que entre dous entes públicos non se formalizan contratos senón que se subscriben protocolos, planes conxuntos, mesmo se organizan conferencias sectoriais e dende logo se formalizan convenios. É máis, para reforzar a nosa tese tan só podemos acudir ó artigo 102 do Regulamento de servicios das Corporacións locais onde expresamente se recolle que unha sociedade de economía mixta pode estar integrada por dous entes públicos.

Pero mesmo tamén podemos ir ó artigo 156 da Lei de contratos das administracións públicas que é o que define o concepto de sociedade de economía mixta e di que unha empresa de economía mixta é aquela na que a Administración participa en concorrencia con outras persoas naturais ou xurídicas. Cando di en concorrencia con outras persoas naturais ou xurídicas non se está refirindo a persoas xurídicas en particular ou a persoas xurídicas privadas, senón a persoas xurídicas en xeral, é dicir, a persoas xurídicas ben de natureza pública ou ben de natureza privada. Iso polo que respecta á non aplicación do artigo 6.5 da Lei 30/92.

Pero como tamén indicabamos un dos fundamentos do Avogado do Estado é que non se respecta no convenio o artigo 169.f da Lei 33/2003. Aquí tamén discrepamos profundamente da idea do Avogado do Estado.

Este é un convenio entre o Consorcio e o Concello para constituir unha sociedade mercantil, pero lóxicamente para a constitución desa sociedade mercantil hai que seguir uns procedimentos e trámites axeitados e como

vostedes saben, ó igual que o Concello ten que constituir unha comisión paritaria mixta entre funcionarios e concelleiros onde se redacte unha memoria que xustifique técnica, xurídica e economicamente a legalidade, a oportunidade e a conveniencia desa sociedade mercantil, á súa vez o Consorcio da Zona Franca, dentro do seu bloque de legalidade, dentro da súa lexislación sectorial, terá que constituir a comisión de estudo que coide axeitada para xustificar dende o seu bloque normativo e dende as súas competencias a conveniencia desta sociedade.

Iso quere dicir que efectivamente non se evita en ningún sitio do convenio o trámite preceptivo que a Zona Franca ten que cumprir de remisión do proxecto de estatutos ó Ministerio de Economía e Facenda para a súa elevación ó Consello de Ministros. En ningún caso no convenio se di que se evite ese trámite totalmente necesario. É máis, se nun momento dado a Sra. Alcaldesa pretendiera asinar a constitución desa sociedade mercantil, esta Secretaría en ningún caso permitiría que a asinara se no expediente non constase a autorización expresa do Consello de Ministros e coido que en ningún caso o notario autorizante tampouco o consentiría.

Pero dende logo esta Secretaría apoia totalmente á Alcaldía na sinatura do convenio a subscribir coa Zona Franca en tanto en canto o único compromiso que adquiren con ese convenio, tanto o Concello coma o Consorcio, é a constitución dunha sociedade mercantil, sen prexuízo, efectivamente, dos outros efectos xurídicos que se desprenden do convenio que é que durante o período de constitución da sociedade o Consorcio da Zona Franca podería tamén iniciar unhas obras de rehabilitación e de revitalización da área urbana coñecida coma centro de Vigo.

Hai uns mecanismos que o propio convenio prevé coma necesarios para que no caso de que non se constituise esa sociedade, o Consorcio da Zona Franca poidera recuperar as cantidades anticipadas. No suposto de que se constituira está claro que esas cantidades anticipadas se reintegrarían ó Consorcio da Zona Franca polo capital social da propia sociedade a constituir.

Por último, tamén facer mención ó principio de defensa da libre competencia sobre o que se pronuncia o Avogado do Estado. Tampouco aquí coincidimos coa teoría, nin moito menos. En ningún caso o convenio conculca ese principio erroneamente invocado pola asesoría xurídica do Consorcio na súa crenza de que estamos diante dun contrato. Repito novamente que non hai contrato, hai convenio. Nas relacións interadministrativas, nas relacións entre entes

públicos para xestionar e planificar en común competencias compartidas, nos convenios interadministrativos para aunar intereses en xogo, é perfectamente posible e dende logo legal pactar a integración de dúas vontades públicas no capital social dunha sociedade mercantil a fin de evitar duplicidades e acrisolar esforzos. Isto diciámolo textualmente no noso informe do 16 de febreiro deste ano.

Cuestión distinta sería se decidísemos crear unha sociedade mercantil con participación de entidades particulares. Aquí non teríamos máis remedio que respectar o principio de publicidade e concorrencia, non teríamos máis remedio que respectar o principio da falsa competencia e dende logo teríamos que iniciar un expediente concursal para ver cales deses entes privados ofertarían mellores condicións na suscripción obrigatoria das accións.

En definitiva, esta Secretaría, esta asesoría xurídica deste Pleno do Concello de Vigo, ratifícase íntegra e absolutamente no seu informe do 16 de febreiro e discrepa do informe do Avogado do Estado. Digo isto con toda humildade, sen ningún ánimo de acritude e, dende logo, respectando calquera outra opinión.

SR. SOTO FERREIRO: Atopámonos diante de dous informes xurídicos contundentes en canto a que os que os formulan semellan absolutamente convencidos dos seus argumentos e teses.

Primeiro, estou absolutamente a favor de buscar todas as fórmulas legalmente posibles para materializar o convenio en cuestión, iso para empezar e por se é o caso.

Dito isto, non sería ocioso que fosemos prudentes no Concello para administrar as nosas decisións. A prudencia non ten por qué ir acompañada de ningún modo con dilacións de ningún tipo.

É certo que os temas en dereito -xa o ven- son opinables e ninguén que sexa medianamente sensato pode pretender sacralizar cousas de dereito. Por exemplo, non hai moito, nos puntos anteriores nós votabamos en contra duns temas porque coidamos que modificar os fondos e rasantes e por eses volumes son flagrantemente ilegais; pero no Grupo Socialista onde hai tres avogados pensan que non, que nós non temos razón e que si son legais. Pois xa ven. Hai distintas opinións sobre temas de dereito e ó final son os Tribunais os que deciden. Digo isto para non sacralizar nada en ningún sentido. Pero o

que si penso é que o Concello non debe estar en avatares que poden semellar de dubidosa circunstancia.

Eu non sería partidario de actuar ata as últimas consecuencias antes de que a Zona Franca coma institución acabe por ofrecer a fórmula que realmente se acomode á súa legalidade.

En canto ó convenio de 2001, o Sr. Pérez Mariño di que naquel Pleno da Corporación houbo loas de todos os Grupos municipais. Iso foi dentro dunha orde porque o Grupo municipal ó que vostede pertence votou a favor do convenio no ano 2001 pero o meu Grupo non, foi o único que votou en contra por crer que era ilegal. Pero tamén expoñiamos dúbidas no Pleno no que se adxudicou isto e así o dixemos. Tiñamos dúbidas, non dende o punto de vista do Concello, senón sobre que a Zona Franca coma tal poida por si mesma tomar decisión definitiva sobre estes puntos.

Realmente o que non debemos facer de ningún xeito é tirar cara adiante e que semelle que a calquera prezo e de calquera xeito. Ben pouco tempo perderíamos con calquera destas dúas formulacións: Primeiro, eu non tería inconveniente en aceptar a solución que propón o Sr. Pérez Mariño e dicir que se deixe en suspenso, non para atrás, senón deixar pendente a modificación orzamentaria e resolver en días, se é posible, con reunións bilaterais cos asesores de Zona Franca e Concello para buscar a fórmula que realmente as dúas institucións poidan aceptar coma válida. Iso sería o máis prudente para todos.

Pero mesmo non me importaría aceptar outra fórmula: que se aprobe a modificación orzamentaria "sub condicionem", que viría ser unha versión moi semellante á anterior, é dicir, aprobar isto pero a condición de que no seu momento e antes de facer efectivo calquera movemento orzamentario, pola Zona Franca e o Concello se establezan os termos que no seu caso ratificaría o Pleno do Concello de Vigo.

Se tivera que opinar tampouco me importaría dicir que estou bastante máis perto (non ó 100%) en moitos dos aspectos das teses do Sr. Asesor do Pleno da Corporación que das do Avogado do Estado. Pero recoñezan todos vostedes que nin aquí nin en ningún lado podemos falar todos "ex cátedra" en un tema coma este. Mellor se nolo deixan a todos moi claro e que non apareza esta moi boa idea, como dicía o Sr. Pérez Mariño, coma se fose controvertida, se legal ou ilegal, é dicir, que apareza desvirtuada no seu fondo. Tamén polo ben da idea coido que deberíamos tomar unha decisión prudente nese sentido, Sra. Alcaldesa.

SR. PÉREZ MARIÑO: Existen dous informes xurídicos e a nós seméllannos igual de bos os dous porque non prexulgamos, nin estamos aquí para tomar partido por ningún dos dous. Seméllannos igual de bos sen prexuízo do que interiormente cada quen poida pensar, pero non é este o momento para que un saque a súa maior ou menor ciencia xurídica. Coidamos que son dúas institucións que son preceptivas en cada un dos dous organismos, unha é a Secretaría municipal e a outra a Avogacía do Estado.

Pero o que non podemos é avanzar sen ter un acordo dos dous porque avanzar sen ter un acordo, sexa cal sexa a solución que se tome a favor de calquera dos dous, desembocará nunha institución que nacerá coxeando e pódesenos gangrenar coma se gangrenou o tema dos aparcadoiros. Levamos tres anos de gangrena e agora tivemos que cortar xa por medio corpo porque estaba practicamente inservible; tres anos de retraso.

¿Qué é o que nos semella prudente e o que coidamos que hai que facer? Probablemente pedir un informe ó servizo xurídico do Estado que xa viu vostede, Sra. Alcaldesa, que son moi rápidos en o facer para que dirima (é o que se fai nestes casos) a controversia xurídica diante da que nós non nos debemos inclinar. Si somos conscientes, e obrigatoriamente témolo que facer, de que hai que ter en conta esa importantísima diverxencia que existe porque son dous informes que, polas explicacións que deu hai uns momentos o Sr. Secretario (moi plausibles, sobre todo polo pouco tempo que di que tivo), nos enfrontan con opinións xurídicas absolutamente contrarias, pero non contrarias nalgún floco, senón no miolo da cuestión. Ademais nos levan a que, como son dúas institucións que ademais vostede preside as dúas, unha poida dicir, neste caso o Concello, que para adiante, e a outra teña obrigatoriamente que manifestar que para atrás.

Hai que coller o touro polos cornos e, coma dicía o Sr. Soto, reunirse, na súa condición de Presidenta de ambas institucións, con Zona Franca e ver qué solución se vai buscar. Porque ademais é baldío que nós aprobemos esta mañá unha modificación de crédito orzamentario xa que imos ter un orzamento e unha partida ¿para qué? Se é algo que non se pode levar a piques porque a Zona Franca o aprobou condicionado, tendo a condición un resultado negativo entenderase que non o aprobou.

Saiamos de este impase con sentido común. Sair con sentido común é non tentar xuntar os informes porque non se poden unir, non é un problema de vontade, senón que como se fai cando hai conflitos xurídicos, é un

problema de consultar a un órgano dirimente superior, entendendo por superior que ten unha entidade ou un rango xerárquico superior aínda que é certo que non estaría por riba da Secretaría pero que o poderíamos entender, e sometérmonos a ese novo dictame que ademais nos sacaría desta decisión tan complicada porque o Sr. Soto di que lle soa mellor un pero se facemos aquí unha discusión xurídica e se vemos se é de aplicación a Lei do pasado ano 2003, de patrimonio das Administracións públicas que non cita o Sr. Secretario do Concello e si cita o Sr. Avogado do Estado, entramos nun barallete impropio do foro no que nos atopamos.

Por iso lle solicitaría de novo, Sra. Alcaldesa, coma lle solicitamos xa varias veces, porque a idea é boa, o fin é conveniente, a forma inaxeitada e coma a forma é inaxeitada e nas Administracións públicas a forma e o fondo convértense nun todo do que non se pode prescindir e teñen uns aspectos de rigor formal ben importantes, que suspenda ou saque da orde do día o financiamento do convenio. Tráíanos unha fórmula plausible que nos permita a todos aprobala coa sensación de que é unha resolución que vai permanecer no tempo. Unha resolución coma a que se pretendía aprobar, Sra. Alcaldesa, sería obxecto de recurso polos operadores privados, teríamola cautelarmente suspendida nos vindeiros meses e botaríase por terra todo o traballo e todo o esforzo de seu e de todos nós. Moitas grazas.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós ímonos pronunciar sobre a proposta de retirada do punto que entendo que é o que se está discutindo

O punto que estamos discutindo é unha modificación orzamentaria para dotar un convenio de colaboración entre a Zona Franca e o Concello para facer obras na cidade, para facer actuacións de reforma urbana por valor de 9 millóns de euros.

Estamos discutindo iso e non outra cousa: reservar unha parte de cartos municipais para dotar un convenio de colaboración con outra administración pública para facer actuacións na cidade coas que estamos todos de acordo porque van dende a creación de aparcadoiros públicos, ata a reforma de rúas do centro da cidade, ata o acondicionamento de zonas centrais da cidade cara a eventos que se van realizar o ano que ven.

Polo tanto coido que aí estamos todos de acordo. Tamén estabamos todos de acordo no anterior Pleno da Corporación sobre que era necesario facer todo ese conxunto de actuacións na cidade e canto antes mellor. Mesmo a Sra.

Interventora xeral nos recomendou que trouxeramos unha modificación orzamentaria para acubillar ese convenio.

Polo tanto eu entendo que esta modificación orzamentaria é máis necesaria que nunca porque se está clara a vontade política de todos os Grupos da Corporación e máis da Zona Franca de facer esas obras na cidade por valor de 9 millóns de euros, deberase substanciar en cartos concretos e compromisos económicos concretos por parte do Concello e máis da Zona Franca, independentemente de cuestións formais, xurídicas, procedimentais ou instrumentais do xeito en que se vaia executar ese convenio. Esa vontade política expresada unanimemente polo conxunto da Corporación e da Zona Franca. Ou sexa, estamos todos de acordo en facer obras na cidade pero sempre hai algo que nolo impide.

Sobre a forma e o fondo, eu entendo que se hai unha forma de obstaculizar as cousas é que no fondo non se queren facer. Repito de novo que non estamos discutindo un convenio porque xa o discutimos no Pleno pasado.

Os Concellos somos autónomos da Administración do Estado, polo menos nós defendemos a autonomía municipal, dende o punto de vista municipal os técnicos, asesores da Corporación, dixeron que este Concello pode asinar este convenio de colaboración coa Zona Franca. Polo tanto o Concello está acubillado polos servicios xurídicos, os únicos, non hai ningún de rango superior. Os servicios xurídicos do Estado, os avogados do Estado defenden ó Estado, non ós Concellos. Nós temos os nosos responsables políticos e os nosos técnicos xurídicos.

¿Que hai outro asesor xurídico da outra institución que é a Zona Franca e dille á Zona Franca que hai algunhas cuestións? Pois iso o falaremos no Pleno da Zona Franca. Teño eu interese, coma membro do Pleno, en coñecer de viva voz o que di o Avogado do Estado no Pleno da Zona Franca.

Pero isto non é nin a Zona Franca, nin xamais este Concello tivo en consideración para tomar as súas decisións un informe dun avogado do Estado. Puido ter en conta algunha matización dalgún técnico xurídico municipal sobre algún informe doutro técnico xurídico doutra Administración.

Polo tanto, primeiro, este Concello ten ós seus técnicos que din que podemos facer un acordo de colaboración coa Zona Franca.

Segundo, este Concello ten os seus responsables políticos e todos estamos de acordo en ter un convenio de colaboración coa Zona Franca para facer

obras na cidade, que semella que estamos todos de acordo en que son necesarias, urxentes, pertinentes e a cidade nolas pide a berros.

Estamos todos de acordo en que, se queremos colaborar coa Zona Franca, o Concello terá que achegar a súa parte de cartos.

Eu entendo que o que ven a debate hoxe na orde do día é a parte correspondente de cartos municipais. Ben, fagámolo e avancemos os trámites desa modificación orzamentaria que, precisamente porque os avanzamos e porque estamos todos de acordo porque é unánime, salvamos o debate orzamentario onde seguramente non todo o mundo estaría de acordo en todas e cada unha das partidas e polo tanto se alongaría a dotación orzamentaria deste convenio. Tramitemos esta modificación orzamentaria, dotemos a ese convenio con Zona Franca da nosa achega e xa falaremos cos técnicos e cos responsables políticos da Zona Franca sobre qué cousas hai que modificar dese convenio. Porque se a vontade política está expresada e é unánime e se hai cartos por parte da administración municipal e por parte da Zona Franca ¿qué problema hai?

¿Qué problema hai cando estamos todos de acordo e ademais temos todos cartos para facer algo no que estamos de acordo? ¿Un problema xurídico? Arranxémolo. ¿Un problema formal, instrumental? Xúntense todos os técnicos que se queiran e nun par de días modifiquemos o que sexa preciso. Se hai algunha dúbida, que todos a podemos ter á luz dalgún informe técnico-xurídico, blindemos esa dúbida, modifiquemos os textos do convenio. Se é pertinente, ou necesario, ou prudente busquemos outro instrumento de colaboración coa Zona Franca pero teñan en conta que o Concello e Zona Franca levan máis dunha década facendo convenios en Vigo e non todos foron tombados polos Tribunais, nin todos foron recorridos, pero todos eles foron beneficiosos para a cidade.

Polo tanto temos un acervo importante en convenios de colaboración entre a Zona Franca e o Concello de Vigo, suficiente para poder buscar o mellor xeito de substanciar o investimento no que todos estamos de acordo en que se faga conxuntamente entre Zona Franca e Concello de Vigo e o máis axiña posible. Por iso nós estamos en contra da retirada do expediente.

Pero permítanme que exprese dúas preocupacións. Eu sempre son prudente coas cousas da anterior Corporación, mesmo seguramente podó admitir críticas nalgunhas cousas, ¿qué Alcalde non erra? Pero xa levo tempo escoitando que aquel convenio dos aparcadoiros que eu asinei con D. Pablo Egerique hai tres anos non era bo e aínda non sei por qué, porque ningún Tribunal o

tirou. Durante estes tres anos si se estiveron facendo cousas, non é que ese convenio estivera parado tres anos. Eu podo escoitar iso unha vez e calar, escoitalo dúas e calar, pero á terceira digo que quen diga iso ou non se enteira ou minte porque se estiveron facendo anteprojectos, modificacións urbanísticas e polo tanto eses tres anos foron de necesaria preparación para a execución dese convenio que, por prudencia e habendo un recurso dos aparcadoiros privados, non se executou. Por prudencia, non porque houbera unha sentenza ou porque non se estivera traballando para iso.

Podemos discutir politicamente se era conveniente ou non, se era xuridicamente o mellor xeito de se concretar esa colaboración, pero lles vou expresar a vontade política pola que se asinou ese convenio, polo menos a miña.

Pola historia dos aparcadoiros subterráneos na cidade estou convencido de que en Vigo é necesaria unha iniciativa pública en aparcadoiros subterráneos. Persoalmente estou canso de que sexan empresas privadas as que xestionen os aparcadoiros de Vigo porque por iso son caros, por iso hai problemas na súa construción e logo por iso custa tanto traballo abaratar tarifas. Estou convencido que en Vigo, polo menos nos vindeiros anos, se queremos facer aparcadoiros rapidamente, con certa seguridade de que se van executar e facelos cunha certa seguridade de poder facer, en canto estean rematados, unha política de abaratamento de tarifas ou de facilitar a oferta, terémolos que facer con promoción pública.

Por iso hai tres anos se asinou con Zona Franca o convenio dos aparcadoiros e por iso nós seguimos interesados en que sexan dúas administracións ou dous entes públicos os que promovan os aparcadoiros da cidade e non se saquen a concurso privado. Aínda que consideramos que se non hai máis remedio o poderíamos facer así.

Pero eu persoalmente coido que é unha fórmula que hai que facer e coido que alguén está tentando boicoteala; dáme esa impresión. Dende hai tres anos semella que hai certos intereses en que non haxa unha iniciativa pública conxunta para facer aparcadoiros públicos. Eu dígolle a ese posible interese privado (por suposto que me estou refirindo ó interese privado) que tranquilos, que isto non quere dicir que non se poidan facer aparcadoiros privados en Vigo, pero si consideramos que é necesaria esa iniciativa pública porque xa hai demasiados fracasos nos aparcadoiros subterráneos de Vigo. Polo tanto, si é compatible coa iniciativa privada,

que estea tranquila, pero que non nos boicotee a posibilidade de promover publicamente aparcadoiros en Vigo sen por iso eliminar a competencia.

Por moito que os privados recorran calquera acordo, entendo que están defendendo os seus intereses, os seus únicos intereses empresariais que eu respecto, son lécitimos, pero non comparto coma administración pública.

En segundo lugar, a miña segunda preocupación que formule brevemente é que a min non me gustaría que no fondo deste problema o que houbera fose un intento de paralizar o investimento de 9 millóns de euros ou polo menos ralentizalo buscando adiar a execución desas obras. Coido que non sería bo, que hai que ir o suficiente a modo e sobre seguro para que xuridicamente teñamos o instrumento axeitado para colaborar entre Zona Franca e o Concello de Vigo.

Estou de acordo en ir paseniño nese sentido, pero o que temo é que detrás diso haxa un intento de que a Zona Franca e o Concello deixen de colaborar coma viñeron facendo durante os últimos anos. Fíxense que eu non coido que o BNG poida ter xamais a cor política da Zona Franca, ou mellor dito, que a Zona Franca poida ter a cor política do BNG por razóns obvias: é un órgano do Estado. Pero por riba das cores políticas, e cambiaron xa varias veces no Concello e na Zona Franca, sempre houbo unha colaboración. Coido que mesmo nos últimos anos esa colaboración, malia as cores políticas, axilizouse e ó BNG e máis a min gustaríanos que seguira así, que non busquemos en aspectos xurídico-formais, procedimentais, informes técnicos contrapostos porque hai algo máis profundo. Hoxe temos Zona Franca; ó mellor dentro dalgúns anos deixa de existir cunha sinxela decisión dun ministro, iso pode ser así. Mentres exista tirémoslle todo o partido para a cidade e niso deberíamos estar de acordo todos os Grupos políticos que canto máis cedo se faga, como mellor se faga e canto máis redunde en beneficio para a cidade mellor.

Polo tanto e resumo dicindo que se modifique o convenio coa Zona Franca no sentido que tecnicamente sexa máis axeitado e nós esteamos recomendados polos técnicos municipais que son os únicos que atenden ó criterio local, sendo premiáveis as propostas da Zona Franca.

Segundo, dotemos xa agora este convenio porque a aportación municipal vai ser a mesma independentemente do instrumento, así xa a teremos en marcha e polo tanto estamos gañando tempo.

Terceiro, Sra. Presidenta, nós insistimos de novo, e levamos agardando dende o Pleno pasado, en que convoquen vostedes a comisión que quedaron

vostedes de convocar para que os Grupos municipais definamos os proxectos que se teñen que substanciar nese convenio. Nós tampouco queremos que se empecen a facer cousas con cargo a este convenio coas que ó final cheguemos á conclusión de que para nós serían máis prioritarias outras. Polo tanto, convoque xa e canto antes, independentemente de que o convenio se modifique ou non, esa comisión municipal, definamos por consenso, se pode ser por unanimidade, os proxectos prioritarios para a cidade no marco dese convenio e fáganse. Moitas grazas.

SRA. ALCALDESA: Sr. Pérez Mariño, se quere votamos pero xa lle adianto que non o vou retirar da orde do día.

Eu non son quen para facer propostas xurídicas de cómo se ten ou non que facer, son os técnicos. Por parte do Concello os técnicos pronunciáronse nunha dirección.

Por parte da Zona Franca se pediu un informe (por certo, por vez primeira) á Avogacía do Estado, informe que tiña vostede antes ca min sendo eu a presidenta. Vostede quere que actuemos con rigor, eu quero actuar con rigor e con rigor estamos actuando xa que estamos tendo en conta os únicos informes preceptivos que ten que ter en conta o Concello de Vigo.

O que non se pode é xudicializar o Concello de Vigo. Vostede é un avogado que fai unha interpretación, eu non fago ningunha, eu non digo a que está ben ou mal; fago o que teño que facer que é ter en conta os informes do Concello de Vigo. Polo que se ve os avogados non todos están de acordo e non é todo dogma de fé, xa que uns opinan unha cousa e outros outra.

Polo tanto coido que para seguir actuando con todo o rigor, con toda a claridade coa que queremos levar adiante este proxecto, teremos que constituir esa comisión mixta que está prevista e pedir, se é necesario e tendo en conta as opinións do Sr. Soto que eu comparto, un informe externo a un avogado de recoñecido prestixio. Isto no ánimo mesmo de complacer, mesmo de clarexar, aínda que xa lle digo que a min me vale o único informe que me ten que valer.

Eu pedín un informe tamén con ese ánimo do complacer, para que non teña dúbidas e levar as cousas con diálogo e consenso. Vostede quería que informara un avogado do Estado e eu pedín un informe e contestáronme que precisamente o propio Concello é quen ten os seus órganos de asesoramento que é a Secretaría, contestáronme que o podía pedir mesmo a través da Deputación porque ista ten á súa vez asesoramento para os Concellos, pero

que eu non me podía dirixir directamente ós avogados do Estado. Así o fixen, eu pedinllo á Deputación e entón se reciben ordes dun avogado do Estado de paralizar ese informe. Non sei por qué nin vou entrar aí.

O Concello non ten problemas, quen os ten son os informes da Zona Franca. Imos tentar entre todos solucionar isto. Dende logo que dende o Concello non imos propoñer a solución definitiva xa que temos que contar coa outra parte.

Nesa comisión mixta e polas boas imos ter un só desexo por parte deste Concello: solucionar os problemas da cidade, os problemas graves de mantemento que é o único que temos que levar a bo fin.

Polo tanto, coido que non temos que paralizar a modificación que traemos hoxe a Pleno que é a aprobación inicial logo da que haberá un período de alegacións porque isto vai facer que gañemos tempo no caso de que as cousas vaian nunha dirección. Non temos que nos pechar en banda a ningunha das opcións que temos enriba da mesa e ó mesmo tempo podemos pedir ese terceiro dictame a ese avogado de recoñecido prestixio.

Hoxe traemos a aprobación inicial esta modificación orzamentaria porque queremos esa boa idea que vostede recoñecía e da que dicía que ten un fin conveniente e eu dígolle ademais que necesario e urxente; tamén lle pido que non imos xudicializar o Concello de Vigo, imos gañar tempo, non imos seguir perdendo tempo. Pódense facer actuacións paralelas. Imos reservar eses cartos e o debate aquí ten que ser o de cidade e non o de parálise. E de xeito paralelo a todas as actuacións que estamos a facer, probablemente o que imos acadar é que nesa comisión mixta, con todos os informes que poñamos enriba da mesa, teñamos o máis axiña posible a solución ós problemas de Vigo que en definitiva é o que nos ten que mover.

SR. SOTO FERREIRO: A ver se non sacralizamos as opinións de cada quen porque senón chegaremos ó maniqueísmo máis puro e duro.

Si é certo que latexa na opinión expresada por todos que nos semella boa idea, conveniente, interesante, urxente, que canto antes se resolvan problemas de Vigo mellor que mellor. As nosas potencias intelectuais teñen que estar concentradas en cómo facemos isto do mellor xeito posible, non en cómo amolamos máis, nin en cómo lle poñemos máis chatas en ningún sentido.

Déixeme dicirlle dúas cousas que non deben ser contradictorias. Non debe ser contradictoria a absoluta independencia do Concello de Vigo respecto de calquera outra institución (calquera é calquera) para que tentemos do

mellor xeito posible non só atérmonos a preceptos xurídicos, senón tamén a vixilar aquilo de "un bo fin non xustifica calquera medio". De ningún dos xeitos. Os medios son importantísimos en democracia, perdón, déixenme que corrixa: absolutamente fundamentais porque son os que garanten o dereito igualitario de todos, todos iguais diante da lei. Polo tanto nada de "pola conveniencia, importancia e urxencia" pasar coma cabalo de Atila por riba de calquera cousa, calquera circunstancia ou calquera opinión. Non. Nin tampouco fundamentar non sei qué tipo de oposición, lícita en todo caso, para tentar buscar ou sen querer acadar que se dilate no tempo a solución dos problemas.

Sra. Alcaldesa, eu ofrencinlle unha fórmula e voulla explicar a todos en medio segundo; ademais lle vou pedir ó Grupo Socialista que a acepte, e digo isto porque sería bo para o Concello, para Vigo e para todos que un tema coma este se votase por unanimidade.

Hai unha opinión da que eu lles falei que se calquera de vostedes se detén medio segundo a pensar nela é bastante obvia. Por unha banda, os cartos que se aproben para ese convenio non poderán ter ningunha virtualidade ata que o convenio non estea xuridicamente materializado. Eu fíxenlle a proposta a todos de que a modificación orzamentaria se aprobe coa condición de que estea aprobado o convenio en tempo e forma, con iso non se produce a máis mínima dilación e as conciencias que lexitimamente se poideran sentir conturbadas pola posibilidade de estar aprobando algo que acaso lles pareza a algúns ilegal, realmente poida servirlle de solución a todos. Digo isto co ánimo de tentar conciliar as posicións de todos dado que os fins son os mesmos.

O debate que introduce o Sr. Pérez Castrillo con respecto ós aparcadoiros públicos é outro debate, sinceramente coido que non toca hoxe porque ó mellor lle podo dicir sinxelamente que non teño inconveniente en que se fagan aparcadoiros públicos, pero ó mellor sería máis urxente investir os cartos públicos noutras cousas cando niso ó mellor si podería investir a iniciativa privada á que se lle podería dar pautas sobre prezo, aumentos, etc., nun concurso público. Pero ben, esa é outra discusión, eu tamén admito a licitude do seu argumento.

Pediríalles que fagan un esforzo de concentración polo ben de todos e que se votamos isto condicionado a que o convenio se leve adiante en tempo e forma, xa é cuestión de todos, de Concello e Zona Franca, chegar ós mellores acordos posibles para que realmente non teñamos ningún tipo de

revés diante de ningún tipo de Tribunal de Xustiza no futuro porque iso sería moi duro para todos.

Solicitar, como moi ben di a Sra. Alcaldesa (eu acepto esa suxestión dela), informes externos, si. Estar subordinado a algún tipo de informe externo, non. Que iso quede claro.

SR. PÉREZ MARIÑO: Sra. Alcaldesa, en primeiro lugar quéro lle clarexar cándo recibín o informe e quen mo mandou.

Este Grupo e en concreto os dous membros da permenente da Zona Franca recibímolos ás dúas do serán nun sobre enviado por un organismo que vostede preside. Indague vostede se nolo mandaron antes que ós demais. Ben é verdade que probablemente moita outra xente coñecía xa o contido do informe e mesmo eu escoitara falar del días antes.

Reitérolle de novo, Sra. Alcaldesa, que o recibimos oficialmente ás dúas do serán enviado por Zona Franca, institución que vostede preside e vostede poderá saber se se nos enviou antes ou non. Reitérolle de novo no terreo do valorativo: había moitas persoas nesta Casa que coñecían o contido con anterioridade.

En segundo lugar, di vostede que non se debe xudicializar o Concello; estamos totalmente de acordo pero con matizacións: un pouquiño si que non nos ven mal. Porque as decisións políticas que se escapan ós reberetes de formalidade e ó principio de legalidade non conducen xamais a bo porto. Por circunstancias de todo tipo e probablemente non achacables a ninguén en particular, a este Concello non lle ven mal o principio de seguridade xurídica e o principio de xudicialización; probablemente se tivesemos que inclinar o péndulo cara un lado, teriamolo que inclinar cara ese.

En terceiro lugar vaime permitir que faga agora unha afirmación valorativa, é que por máis que se empeñen esta modificación orzamentaria para o financiamento do convenio Concello-Consorcio quedarase en auga de castañas se o convenio non o asina a Zona Franca, e a Zona Franca ese convenio cos seus informes non o pode asinar. É máis, non o aprobou e entenderase que non o aprobou porque na aprobación condicionada a condición operou xa, e ó operar xa a condición ese convenio en concreto é de imposible aprobación. Poderase aprobar no futuro un moi semellante, pero ese en concreto perdeu xa a súa virtualidade xurídica.

Estamos discutindo sobre bases falsas. Non é posible financiar un convenio que non vai ter virtualidade e sabemos que xa non é posible que ese

convenio a teña porque a nosa contraparte, o Consorcio da Zona Franca, xa non o aprobou e dixo que foi porque operou a condición. Aprobouno condicionado a un informe concreto e ese informe xa se produciu negativamente. Non é posible a solicitude por parte da Zona Franca dun segundo informe, habería que facer un novo convenio coas modificacións que se queiran e sobre ese novo convenio pedir os informes que se queiran. Con todas as dúbidas que sobre as valoracións se poidan ter, permítame vostede que valorativamente diga que é así e non deixa de ser unha afirmación subxectiva.

Pois ben, pediríalle que vostede suspenda, se lle parece, o Pleno e consulte se é posible que se aprobe hoxe o financiamento duns cartos para un convenio que non é posible aprobar porque a nosa contraparte dixo que non é posible e que non o aproba. Dixo que non o aproba porque operou a cláusula da condición e ista é que non se pode aprobar. Vostede presidiu a sesión na que se acordou a aprobación condicionada.

Sra. Alcaldesa, isto supón, nin máis nin menos, que un novo retraso. Para poñer en marcha este vehículo teremos antes que encher o depósito de gasolina porque senón non nos vai andar.

SRA. ALCALDESA: Pois dende logo lle podo asegurar que eu non tiña ningunha información sobre ese informe.

SR. PÉREZ MARIÑO: Xamais dixen que a tivera vostede, Sra. Alcaldesa.

SRA. ALCALDESA: ... e dende logo vostede tiña ese informe antes ca min. Aquí do que se trata é de buscar solucións a un problema da cidade e esas solucións téñenas que dar os técnicos e os profesionais; hai que buscar saídas.

Tamén dentro dese informe do Avogado do Estado, como vostede ben sabe, danse saídas e polo tanto non temos por qué paralizar, seríamos nós os que paralizásemos un proceso no que poderíamos estar gañando tempo. Por iso me manteño en non o retirar.

Dentro das posibles solucións que se poden achegar poden estar os informes que ten a Zona Franca por parte do Avogado do Estado, poden estar as aportacións que dende aquí, de xeito conxunto coa Zona Franca, figuran no primeiro documento que viu a aprobación e lémbrolle que se elaborou de xeito conxunto con Zona Franca porque houbo un equipo de traballo no que

estaban técnicos municipais e técnicos da Zona Franca. Así que este non foi un invento única e exclusivamente do Concello de Vigo e ese documento foi única e exclusivamente do Concello de Vigo. Polo tanto coidamos que se se aproba inicialmente esta modificación de crédito é gañar tempo.

Sr. Soto, dende logo que o que non se pode é condicionar unha aprobación inicial, para iso está o período de alegacións.

Nós non nos pechamos a calquera solución, pero pensamos en que hai que gañar tempo. Por iso pensamos que temos que gañar tempo sabendo que ó mellor a solución definitiva está noutra fórmula. Pero xa está ben de paralizar a cidade.

SR. PÉREZ MARIÑO: Sra. Alcaldesa, queremos que isto vaia de présa, coidamos que vostede vai cometer un erro e dígollo con todos os respectos.

As dúas fórmulas que propón o Avogado do Estado como solución do problema non pasan pola aprobación que se pretende aquí nestes momentos. A solución haina que buscar noutras fórmulas. Coido que se comete un erro e se mo permiten, están vostedes teimando porque semella que o importante é non o retirar da orde do día.

Se coidasemos por un momento que non o retirando se solucionase algo, estaríamos encantados de que non o retirase, pero coidamos que comete vostede un erro. Pediríalle que o consulte antes de tomar unha decisión.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Só para fixar a posición do noso Grupo. Nós entendemos que esta modificación orzamentaria haina que facer de todos os xeitos e canto antes empecemos os trámites moito mellor, independentemente do contido do convenio.

Entendemos que haberá que modificar o convenio se a Zona Franca propón a súa modificación, pero é evidente que a reserva orzamentaria que mantemos valerá para calquera texto de calquera convenio de colaboración.

En todo caso dende a ortodoxia orzamentaria sempre é mellor aprobar ou modificar calquera convenio habendo partida orzamentaria previa. Polo tanto estamos creando esa partida orzamentaria previa.

Dende o punto de vista formal esa é a nosa posición e que tamén conste en acta a nosa posición política: nós apostamos por un ente público que promova aparcadoiros públicos en Vigo. Coidamos que é o mellor xeito de facilitar o abaratamento de tarifas e a oferta pública de aparcadoiros.

Sometémolo ó debate da Corporación e ó mellor hai outra decisión diferente. Esa é a nosa posición política.

Tamén apostamos pola colaboración agora, antes e nun futuro próximo coa Zona Franca para facer actuacións de reforma urbana en Vigo, non só as circunscritas a este convenio, senón fíxense vostede que está realizado tamén un convenio de rehabilitación do casco histórico. Nós mantemos que sería desexable que a Zona Franca intervira tamén (como fixo noutras cidades) na rehabilitación do casco histórico.

Polo tanto, a nosa posición é que mentres se tramita esta modificación orzamentaria, se vaian resolvendo os asuntos derivados do informe do Avogado do Estado da Zona Franca e establecer se son pertinentes as modificacións no convenio. Así estaremos actuando en paralelo, por unha parte dotando orzamentariamente ese convenio e ó mesmo tempo afinando e perfeccionando ese convenio de colaboración.

SR. SOTO FERREIRO: En política e na vida en xeral seguramente é interesante saber falar, pero dende logo é infinitamente máis importante saber escoitar.

Polo tanto, Sra. Alcaldesa, eu non teño ningún problema en aceptar a súa suxestión. Vostede non aceptou a miña, eu si acepto a súa.

Realmente tomo isto como o que é, unha aprobación inicial, deixando claro que se no período de exposición pública se produce un acordo con Zona Franca que nos conveña a todos, estarei encantado; se non reservámonos para tomar as decisións que consonte a dereito coidemos máis axeitadas na aprobación definitiva.

SR. PÉREZ MARIÑO: Só pedirlle que se vote por separado o que é a modificación orzamentaria para o convenio Concello-Consorcio da Zona Franca da modificación para o aparcadoiro subterráneo de Urzáiz.

SRA. ALCALDESA: Isto é unha aprobación inicial e non se pode confundir con erros. Ó ser unha aprobación inicial dunha modificación orzamentaria que vai nunha soa partida, non se pode dividir esa aprobación e se queren lle preguntamos á Sra. Interventora. Temos que deixar claro que no período de alegacións se pode modificar o que sexa necesario.

Nós o que pretendemos é gañar tempo e ¿qué gañamos? De entrada un trámite que tería que vir a Pleno de novo para aprobación inicial, pasar polo

período de alegacións e tamén logo perderíamos coma mínimo quince días. ¿Por qué imos perder eses quince días se nós nos podemos poñer a traballar ó día seguinte e traelo por unanimidade? Do que se trata é de gañar tempo e chegar a acordos con Zona Franca para que sexa posible ese convenio. Polo tanto o imos someter a voto e ademais pásolle a palabra á Sra. Interventora a ver se se pode ou non dividir.

SRA. INTERVENTORA: O que se trae a tramitación é o que se solicitou: un crédito extraordinario, un só, polo tanto o crédito en baixa é só un porque están globalizados. Teríamos que facer unha modificación informática que agora non é posible porque xa está procesado.

Outra cousa distinta é que no trámite de alegacións se solicite a partición para efectos da aprobación definitiva porque coma se ve no cadro, hai uns créditos en baixa que financian conxuntamente dúas altas.

No trámite de alegacións faranse todas as modificacións que se queiran porque logo é a aprobación definitiva que será do xeito que se queira. É dicir, na aprobación definitiva pódese alterar totalmente o crédito extraordinario sempre e cando vaíamos dentro da cobertura do equilibrio orzamentario e sempre e cando esteamos dentro da marxe que nos permite o superávit de liquidación que tivemos pola incorporación da prórroga, pola prórroga orzamentaria. Esa sería a nosa limitación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros e Sío Lourido, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 15/04, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 4.592.201,43 euros, do que 3.000.000,00 euros son para a aportación á creación dunha sociedade mixta e 1.592.201,43 para o modificado do proxecto de execución do aparcadoiro subterráneo de Urzáiz.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto Refundido da Lei Reguladora das

Facendas Locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Explicación do voto do Sr. Pérez Mariño polo Grupo municipal do PSdeG-PSOE:

O noso voto ven condicionado porque non estamos de acordo, non se nos deu ningunha explicación pola necesidade da modificación orzamentaria que solicitamos.

En segundo lugar porque entendemos que cunha parte poderíamos estar de acordo que é coa modificación orzamentaria para o proxecto do aparcadoiro subterráneo e coa outra non. Por esas circunstancias abstivémonos.

12.- (88).- DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 16.02.04, POLO QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS, Ó ABEIRO DA ORDE DO 08.12.03, PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2004, POR IMPORTE DE 3.044.890,21 €.

ANTECEDENTES.- A Xunta de goberno Local, na súa sesión do día 16 de febreiro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"25(165).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVICIOS SOCIAIS POLO CONCELLO DE VIGO Ó LONGO DO ANO 2004. EXPTE. 10017/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 10.02.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social e polo concelleiro-delegado de Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-la solicitude de subvención solicitada á Consellería de Asuntos Sociais, ó amparo e de conformidade coa Orde do 18 de decembro de 2004, para a prestación de Servicios Sociais polo Concello de Vigo ó longo do ano 2004, o importe do cal ascende a un total de 3.044.890,21 euros.

Deste total 2.559.889,70 euros estarán destinados ós servicios sociais de atención primaria, e 485.000,51 euros destinaranse ós servicios sociais especializados.

Darase conta ó Pleno da Excma. Corporación Municipal do contido desta petición, de acordo co artigo 8º da Orden citada."

Con data 10 de marzo de 2004, a diplomada univ. en traballo social, coa conformidade do xefe do sector de Acción Social e máis do concelleiro delegado, informa do que segue:

"A Consellería de Asuntos Sociais, por medio da Orde do 18.12.03, publicada no DOGA núm. 2, do 5 de xaneiro de 2004, convoca axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

Esta orde ten por obxecto o financiamento total ou parcial dos servizos sociais que prestan as corporacións locais, tanto os de atención primaria como atención especializada e de eliminación de barreiras arquitectónicas.

Dende sempre, o Concello ven solicitando as axudas que se coñecen xenericamente como "Plan Concertado".

Os expedientes de solicitude deben formularse por separado de acordo cos anexos I que establece a mencionada orde para os servizos de atención primaria e II para os servizos de atención especializada que incluírán os programas de accesibilidade e eliminación de barreiras.

A Xunta de Goberno Local de data 16.02.04 adoptou o acordo de solicitar a referida subvención e de conformidade co artigo 9.1.1 da Orde 18.12.03, dar conta ó Pleno da Corporación."

Polo exposto anteriormente a funcionaria informante propón dar conta de todo o anterior ó Pleno da Corporación.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 22 de marzo de 2004, dictaminou favorablemente o anterior informe-proposta.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

13.- (89).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE O SEGUNDO CINTO DE CIRCUNVALACIÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de febreiro de 2004, o voceiro do grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

S.Ordinaria 30.03.04

"Que o segundo cinto de circunvalación é unha das obras públicas máis necesarias para Vigo ningún o dubida. Vaia por diante por tanto que de ningunha das maneiras queremos poñer en cuestión unha obra tan capital para o futuro de Vigo.

Por iso, se ben o trazado actual aprobouse no seu día por BNG, PSdeG-PSOE e PP, recoñezo que sería moi difícil dicirlle que non a esa obra, aínda que o proxecto constructivo teña graves deficiencias de concepción, segundo nós. Quizais porque o proxecto é de hai 15 anos non se adapta ós tempos de hoxe.

Porque hai tres zonas onde se van facer uns estragos de gran magnitude como son a zona de Presas en Beade, a zona preto do enlace con Ricardo Mella e, sobre todo, en Valladares. As cortadas con fendas de trinta e moitos metros van ser arrepiantes. Os noiros previstos resultarán unha agresión paisaxística moi dura (semellante á construción tipo terceiro mundo da A-9 na Madroa) e, o máis importante, o estrago de solo e de comunicacións que se producirá neses lugares será irreparable.

E chegados aquí pregunto: ¿por qué non podemos negociar co Ministerio de Fomento un acordo que modifique puntualmente o proxecto do segundo cinto nos lugares que citamos? E conste que a negociación e as posibles solucións terían que se facer sen parar as obras, cousa posible. As solucións urbanísticas que se poderían adoptar serían moi vantaxosas en troco de agresivas. E a diferenza de custos sería asumible.

Consonte co antedito propoñemos:

Pedirlle á Xunta de Galicia que nos axude a negociar co Ministerio de Fomento outra solución constructiva no segundo cinto de circunvalación, con falsos túneis na zona de Presas, na zona preto do enlace con Ricardo Mella e máis en Valladares."

A Comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 22 de marzo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Expoñemos na nosa moción dous ou tres temas que poden e deben ser complementarios.

En primeiro lugar, dixémolo nalgunha reunión en momentos máis difíciles da campaña electoral municipal anterior. Lembro unha reunión en Beade na que estabamos dous Grupos políticos (outros dous non) para lles expoñer ás asociacións veciñais do rural cal era a nosa posición sobre o cinto e mantivemos alí que, discrepando sobre cómo estaba trazado o segundo cinto, estabamos dispostos a votar a favor e aprobar un mal cinto antes que non houbera cinto.

Esa segue sendo a nosa posición e malia que no seu día, coido que os tres Grupos, BNG, Partido Socialista e Partido Popular, chegaron a un acordo para votar a favor dun trazado que, na nosa opinión, presenta serias

deficiencias, nós estamos dispostos a dar o noso acordo que no seu momento non poidemos facer porque non existiamos coma partido político, pero estamos dispostos a llo dar e llo manter no futuro tal e como está. Como non nós gusta tamén nos preguntamos por qué temos que sacralizar un acordo co que realmente moita parte da cidadanía non está a favor.

Aproveito a oportunidade para felicitar ó Partido Socialista polos resultados electorais. Eu, cando presentei esta moción, recoñezo e digo que era dos que estaba confundido e pensaba que ía gañar o Partido Popular, miren por onde, polo que vexo debo ser dos que menos saben de política porque agora todo o mundo sabía o que ía pasar, pois o que fala, modestamente, non.

Daquela eu pensaba que facía unha moción para lle pedir ó Goberno municipal que negociara co Goberno do Estado reformas no trazado do segundo cinto.

Nas eleccións pasou o que pasou e, independentemente de felicitar ó Grupo Socialista polos magníficos resultados obtidos, o ben de Vigo é independente de quen estea no Goberno. Polo tanto agora o que pedimos é non só a negociación da Sra. Alcaldesa co Ministerio de Fomento para traballar na dirección que propoñemos, senón mesmo me quero acubillar a unhas proféticas verbas da Sra. Porteiro pronunciadas no seu día no Pleno da Corporación, cando dixo que se estaba no Goberno de Madrid, estaba disposta a axudar á Sra. Alcaldesa de Vigo a negociar, recoñezo que quen fala e coido que ninguén creu que esa posibilidade se fora dar realmente. Miren qué voltas dá a vida. Como dá esas voltas e como coñezo á Sra. Porteiro, estou absolutamente convencido de que vai tentar axudar a que as relacións do Concello de Vigo sexan as mellores posibles coas institucións do Estado. Polo tanto eu comezo por pedir a axuda de todos pero especialmente a súa neste tema.

Porque no fondo o tema trata de que hai tres lugares por onde pasa o cinto de circunvalación que producen unhas afeccións realmente graves.

No lugar chamado das Presas en Beade perto do cruzamento dese cinto coa avenida de Ricardo Mella.

En Valladares prodúcense unhas fendas de trinta e tantos metros que son proxectos constructivos que sinceiramente non semellan desta época. Esas construcións con falsos túneis serían bastante máis lóxicas para non producir unha agresión paisaxística de difícil valoración e tamén agresión na posibilidade das comunicacións interparroquiais nesas zonas.

Por todo iso pedía e sigo pedindo tamén que tentemos implicar á Xunta de Galicia para que nos axude a negociar con Fomento para implicar a todas as Administracións para lle dar unha correcta solución ó segundo cinto e estamos a tempo.

Que quede claro, e por se é o caso o dicimos na moción, que non estamos de acordo en que se paralicen indebidamente as obras. Pedimos que en paralelo que nas construcións (que como teñen un longo percorrido e só hai un contratista pódese estar traballando nun sitio si e noutro non) se poidan facer as modificacións que realmente non deixen en tan mal estado ese proxecto tal e como está concebido e actualmente en execución.

Por iso espero contar co seu apoio para que, entre todos, tentemos dicirlle á Administración do Estado e tamén á galega, para esta e para outras posibles situacións, que convén estudar xa os proxectos doutro xeito. Felizmente as xentes dos lugares cada vez teñen máis sensibilidade con respecto ós problemas que teñen que sufrir e padecer, e felizmente temos en Vigo unha participación cidadá moi activa en moitas cousas e que nos fai chegar ós Grupos políticos as súas inquiredanzas porque isto é o que lle acaeceu a quen fala. Teño que recoñecer que non descubrimos nós por nós mesmos o tema, senón que foron distintos colectivos no seu día, coma a asociación veciñal de Valladares e posteriormente a Comisión de afectados polo segundo cinto, os que nos meteron nesta problemática.

Repito que estou disposto a votar e a aprobar que continue a construción do cinto pero en calquera caso insisto en que coido que a nosa proposición sería moi conveniente. Gracias a todos.

SR. BARROS PUENTE: Sra. Alcaldesa, o Grupo municipal Socialista por unha cuestión de principios e por unha cuestión de convencemento en varias ocasións xa se referíu a varios aspectos desta obra que presentaban problemas. Mesmamente coma Grupo político temos a lamentable experiencia de que no momento en que o Alcalde de Vigo quixo visitar estas obras, mesmo lle foi tallantemente prohibido polo Ministerio de Fomento que levaba a obra, experiencia que nós non queremos de ningún modo que padeza a Alcaldía-Presidencia deste Concello en defensa convencida do principio de autonomía municipal.

Atendemos tamén á petición da Asociación de Veciños de Valladares visitando a zona porque estamos intimamente convencidos de que non pode ser ben para todos o que é mal para moitos e dende logo as agresións que quedan aí coma

delictos e denuncias patentes dalgunhas precarias, difíciles e moitas veces erradas decisións, nós queremos evitar porque as cuestións cuantitativas referidas a orzamentos que nun momento determinado semellan insuperables ou difíciles a algunha administración demostran logo co paso do tempo que son investimentos altamente rendibles cando se fan o mellor posible ou o menos mal.

Polo tanto este é o noso punto de partida. Como mesmo é reafirmármonos na vontade política de que estamos aquí para axudar a Vigo e para axudar á Alcaldía-Presidencia en todas aquelas xestións que, dados os avatares electorais, teñen agora a un Partido Socialista ó fronte da responsabilidade do Estado.

Polo tanto xa se referiu a iso en campaña e tamén nesta Corporación a nova deputada, Sra. Porteiro, coma outra deputada que neste caso tamén emerxe da Corporación de Vigo, Sra. Fernández, e polo tanto nós temos o certidume de que en canto a poder político, de representatividade, presenza, bos oficios, a todos os traballos de negociación que requiren estas cuestións, Vigo terá neste caso e tamén a Sra. Alcaldesa e agora Senadora, suficientes medios de interlocución. Polo tanto esta é a cuestión de principio.

A segunda cuestión é que coincidimos con que as obras non se poden demorar de ningún xeito, entendemos que nin siquiera para as mellorar, porque ambas cousas son compatibles.

Terceira cuestión, o noso compromiso está naturalmente en función das posibilidades técnicas e na negociación. O feito de implicar á Xunta é un feito de que o que "abonda non dana" pero en defensa da autonomía municipal nós pensamos que a iniciativa debe partir exclusivamente deste Concello e debe ser enfrontada pola propia Alcaldía-Presidencia en cuxo apoio nós estaremos absolutamente co convencemento que xa expresamos aquí como froito da nosa vontade política.

En último lugar dicir que nós tamén temos o convencemento de que o novo ou nova Ministro de Fomento, sexa quen sexa o seu titular, vai atender con todo cariño e interese unhas suxestións que nós pensamos que, por exemplo, o caso de Valladares que é o que mellor coñecemos algúns, terá realmente unhas consecuencias de tal magnitude que ben merecería (o mesmo que os outros dous casos) parármonos un intre para evitar que no futuro todos teñamos alí diante unhas mudas testemuñas coma outras que tantas veces nos ruborizan cando pasa algún tempo.

Polo tanto imos votar a favor desta moción e probablemente a nós chegaríanos con que a expresión "pedirlle á Xunta de Galicia" fose substituída en todo caso que a "Alcaldía-Presidencia recabe o apoio da Xunta de Galicia"; parécenos perfectamente pero que sen timidez se enfrente a iniciativa política de se dirixir ó Ministerio de Fomento.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós estamos de acordo coa intención da moción no sentido de que tamén coñecemos a problemática suscitada nas tres devanditas parroquias. Os colectivos tamén faláron con nós e nese sentido entendemos que mesmo hai actuacións que non necesitarían nin siquiera unha modificación do proxecto. Pola experiencia que ten este Concello na relación con Fomento, mesmo nas obras da autoestrada Rande-Puxeiros houbo modificacións, correccións e problemas que sinxelamente se solucionaron no que foi na marcha da obra.

Entendemos que, independentemente de se dirixir á Administración autonómica, si cómpre algún tipo de mesa ou traballo directamente coa Demarcación de Carreteras e coa empresa constructora, previa autorización do Ministerio de Fomento evidentemente, que permitira resolver moitos problemas que se suscitan que xa digo que coido que parte deles son actuacións que se poden facer no mesmo proceso de execución de obras. Independentemente pode haber algunha actuación que ó mellor requira algún outro tipo de modificación de proxecto pero nós entendemos, ou polo menos a historia do Concello nolo demostra, que unha actuación continua con Fomento permite resolver estes problemas.

Imos aprobar a moción con este espírito, no espírito de que se faga non só unha petición á Xunta de Galicia, senón que haxa unha actuación diante do Ministerio de Fomento evidentemente e logo unha reunión dun nivel máis técnico con Demarcación de Carreteras.

SR. FIGUEROA VILA: A min gustaríame primeiro manifestar diante dos membros da Corporación os traballos que se veñen realizando durante os últimos meses.

Constituíuse unha comisión na que estaban asociacións de veciños e a propia Federación de asociación de veciños desta cidade e xa levamos tres ou catro reunións. Tamén houbo unha reunión específica coa Comisión de afectados e sempre dende o Goberno houbo un compromiso con estes colectivos de preparar un documento que está xa case rematado, con todas as deficiencias e

demandas que presentaban os veciños, cuestións menores de terreos, entradas de augas, etc., e tamén co fondo do tema que é o trazado. Pero sempre lles dixemos a estes colectivos que baixo ningún concepto nós iamos poñermonos ó fronte da paralización desas obras. Así o dixemos e así imos seguir mantendo a nosa postura.

Tamén é certo que lles dixemos que ese documento o teriamos preparado para logo das eleccións cando houberse cambio de ministro (non sabiamos o que ía pasar), que se remitirían por parte da Alcaldía todas esas deficiencias ó Ministerio para poder principiar unha negociación. Imos seguir mantendo esa postura e coido que os colectivos que están aquí (algúns deles estiveron nesas reunións) saben da postura que, en nome do Goberno, eu lles manifestei persoalmente. É lóxico e coherente que nós sigamos mantendo esa postura.

O documento está case preparado e rematado. Hai dous técnicos municipais que están especificamente traballando no tema do segundo cinto. Ese documento está preparado. Nós o que si podemos é convocar unha Xunta de Voceiros ou unha reunión de todos os Grupos políticos para analizar ese documento e logo remitilo ó Ministerio ese documento.

Repetimos de novo que ese documento se remitirá ó Ministerio de Fomento pero dende o Goberno, baixo ningún concepto, sexa cal sexa a contestación do Ministerio, imos paralizar ou promover a paralización do segundo cinto porque coidamos que é unha obra fundamental para esta cidade e, á marxe de cuestións que nun momento determinado o poidan ou non aceptar dende o Ministerio, o máis importante é que esa obra se faga. Evidentemente que se podemos solucionar as demandas que presentan os veciños e a cidade, moitísimo mellor, nesa liña xa estabamos e xa estamos, pero dende logo con esa condición que coido que lles expresamos ós veciños. Pola nosa parte o máis coherente e respectuoso agora mesmo é seguir mantendo a mesma postura, non porque cambie un Goberno central o Goberno desta cidade ten que cambiar os seus plans.

Polo tanto si a todo o diálogo posible. Ese documento está case rematado, pasaraselles a todos os Grupos políticos para ver se hai algunha suxestión que facer e, dentro da vía do diálogo, de buscar os acordos con outras administracións, nesa liña tanto a Alcaldía como todo o equipo de Goberno vai estar.

Repetimos novamente para que non exista ningún tipo de malentendido que baixo ningún concepto, sexa cal sexa a contestación do Goberno central,

este Goberno se vai poñer ó fronte da paralización desas obras ou facer ningún movemento que non sexa o remate o máis axiña posible do segundo cinto. Por suposto que imos seguer na mesma liña de diálogo, de traballo e de conducta que xa estaba preparada para o novo ministro ou ministra. Imos votar a favor pero que quede constancia da nosa filosofía, non queremos malos entendementos nin por parte dos veciños, da Corporación ou dun Grupo político.

SR. SOTO FERREIRO: Agradecer a intervención dos voceiros e de cómo somos quen en poñérmonos de acordo en temas que son de interese xeral coma este. E como dicía antes, hai que saber escoitar, aínda que realmente esta moción estaba redactada para outro tempo político previsto, pero si hai que aproveitar as suxestións tanto do Sr. Barros coma do Sr. Pérez Castrillo. Sr. Barros, retiro a expresión "pedirlle á Xunta de Galicia que nos axude a negociar" e que se diga directamentee "Negociar co Ministerio de Fomento, sen prexuízo de realizar as xuntanzas técnicas pertinentes coa Xunta de Galicia para asuntos da súa competencia" e segue a redacción.

Evidentemente tamén ten razón o Sr. Pérez Castrillo sobre que hai cruzamentos coa avenida Ricardo Mella, nas Presas, xusto coa autovía do Val Miñor e é necesario coordinar as obras e as derivacións. Por exemplo, no tema das Présas que se poidan facer coa titularidade doutras obras da Xunta de Galicia e iso tamén en traídas de auga, etc.

Polo tanto, recoller esas dúas suxestións que, se lle interpreto ben, é o que lles preocupaba ós demais Grupos políticos dentro deste contexto. Celebrar tamén a posición do Grupo Popular e de que teña preparado un documento con espírito constructivo que recibiremos tentando chegar a acordos entre todos. Nada máis.

Precisión feita polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Barros Punte, durante o curso do debate:

Retirar do texto da proposta a expresión "pedirlle á Xunta de Galicia que nos axude a..."

Precisión feita polo Voceiro do BNG, Sr. Pérez Castrillo, durante o curso do debate:

Incluir outro punto que diga "Previa autorización do Ministerio de Fomento, crear algún tipo de comisión ou mesa de traballo coa Demarcación de

Estradas e máis coa empresa constructora que permita resolver os problemas que se vaian suscitando."

Vistas as anteriores precisións, o voceiro do Grupo DPG, Sr. Soto Ferreiro propón o texto que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Negociar co Ministerio de Fomento, sen prexuízo de realizar as xuntanzas técnicas pertinentes coa Xunta de Galicia para asuntos da súa competencia, outra solución constructiva no segundo cinto de circunvalación, con falsos túneis na zona de Presas, na zona preto do enlace con Ricardo Mella e máis en Valladares.

Segundo.- Previa autorización do Ministerio de Fomento, crear algún tipo de comisión ou mesa de traballo coa Demarcación de Estradas e máis coa empresa constructora que permita resolver os problemas que se vaian suscitando.

14.- (90).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE OBRAS NO LITORAL VIGUÉS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de febreiro de 2004, o concelleiro do grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"Aplaudimos a idea da Xunta de Goberno Municipal de facer a encarga da elaboración dun proxecto sobre o litoral vigués. É algo que precisamos en gran maneira, pois non temos máis que escoitar as permanentes controversias e frustracións, expresadas por tantas viguesas e tantos vigueses, sobre o difícil achegamento de persoas ata a beira do mar en demasiados lugares do noso litoral e, de xeito moi salientable, na parte central da cidade.

Sobre este particular, no seu día nós fixemos varios estudos e propostas que acompañamos por entedermos que conteñen solucións válidas e varias delas, mesmo necesarias para resolvermos os principais problemas do litoral vigués.

Porque segue a ser válida e necesaria a filosofía das nosas proposicións no sentido de que os vigueses teñan máis e mellores lugares para se achegaren ó mar, ó tempo que o noso porto, xerador principalísimo de emprego, sega a medrar de xeito razoable: coa recuperación na Guía, en Teis, dunha praia dun quilómetro de longo e oitenta metros de fondo (pasaría ser a segunda

praia máis importante de Vigo), coa ampliación de Samil e das outras praias, coa construción do Gran Paseo Marítimo de Vigo, coa construción do novo peirao de transatlánticos coa súa superficie adicada a parque público e coa expansión portuaria conveniente para atraques e movementos de contedores.

Por iso as propostas que fixemos no seu día complementámolas hoxe con outras que poden mellorar a relación dos vigueses co seu mar, como son a construción dun espigón duns 500 metros diante do Museo do Mar, que impediría a entrada do mar de fondo cara Alcabre e Bouzas, o que xunto cun pequeno crebaondas a realizar enfronte, na punta do actual terreo da Zona Franca, faría que o mar de fondo restante se perdesse cara ó interior da ría.

Polo dito, esas obras permitirían a rexeneración das praias de Bouzas e Alcabre para uso e gozo dos seus veciños e máis do resto dos vigueses, ó tempo que evitaría que o mar de fondo, cos seus embates, sega a estragar o paseo marítimo que bordea os terreos da Zona Franca.

Porque entón, cando temos preamar, a praia de Bouzas pasaría ter uns 500 metros de longo por 80 metros de fondo (uns 40.000 m2 de area), a praia de Alcabre uns 350 metros de longo por 70 de fondo (uns 24.500 m2 de area), a praia de Santa Baía uns 250 metros de longo por uns 70 metros de fondo (uns 17.500 m2 de area) e a praia de Cocho uns 100 metros de longo por 70 de fondo (uns 7.000 m2 de area).

E xa que logo, pedimos que o tal espigón se construa como peirao, de xeito que o Museo do Mar poida ter atracados alí ós seus barcos (hoxe ten un e no futuro esperemos que teña máis), e tamén para que se poidan facer nel algúns outros atraques que lle dean servizo ó Museo do Mar. Por exemplo os dos barcos que fan cruceiros turísticos pola ría, xa que poderían facer paradas alí para visitar o Museo, co que ó mesmo tempo melloraríamo-la promoción do Museo e a nosa oferta turística.

Escusamos dicir que en todo caso é da máxima urxencia e por iso mesmo, independentemente de cando se fagan as obras que propoñemos, facer a inmediata prolongación do colector que desemboca enfronte do Museo do Mar ata a cota menos vinte, como é de rigor. (¡Que sanidade do terceiro mundo a que produce os seus vertidos ó carón das praias que alí hai, contaminándoas, e que espectáculo vergoñento mesmo enfronte do museo do Mar!)

E ademais desa proposición facemos outra que permitiría a rexeneración da Xunqueira do Lagares e que o río non produza os gravísimos estragos que nos causa moitos invernos. En efecto, todos sabemos que esa xunqueira está moi prexudicada, case sen auga e con fondos contaminados, o que lles produce ós veciños da zona, a quen por alí pasamos e ós turistas que nos visitan, fedores dificilmente soportables nos veráns.

Para solucionarmos eses problemas propoñemos que se construa unha esclusa á altura da ponte que temos en Samil. Porque se saneámo-los fondos hoxe contaminados e regulando convenientemente a esclusa a construír, poderíamos manter sempre un nivel de auga que cubra toda a Xunqueira, axudando así á rexeneración da flora e da fauna autóctona.

E esa obra produciría outro beneficio, xa que inmediatamente despois da esclusa teríamos unha especie de pequena lagoa natural, cunha lámina de auga duns quince mil metros cadrados (15.000 m²) de superficie e cun metro e medio (1,5 m.) de fondura media, que podería ser habilitada como zona de lecer para os nosos rapaces con pequenas barcas, aparellos de pedais, etc.

Ó mesmo tempo, cando se arranxen os problemas da depuradora de Coruxo, cousa que esperamos que se faga de xeito inmediato, o Lagares, que alí ten unha anchura aproximada duns corenta metros (40 ms), pasaría ter unha fondura aproximada dun metro (1 m.) e como entre esa lagoa e a depuradora hai uns cincocentos metros (500 m.), teríamos outros vinte mil metros cadrados (20.000 m²) máis de lámina de auga, o que axudaría ó saneamento natural dese tramo do río e tamén permitiría a súa utilización caso de que fose de interese.

É dicir, que ademais do saneamento e rexeneración da Xunqueira do Lagares e máis do último tramo do río (cousa máis que suficiente para xustificar a obra que propoñemos), obteríamos para os nosos nenos unha zona de lecer duns trinta e cinco mil metros cadrados (35.000 m²). Algo así como a superficie do terreo de xogo de sete campos de fútbol.

Amáis do dito, entre a esclusa a construír e a desembocadura do río, o proxecto debería incluír unha canalización en pedra, con forma lixeiramente cóncava, do último tramo do leito do río, co que evitaríamos os estragos que alí se producen case todos os invernos, gañaríamos un gran areal limpo e estable na desembocadura e poderíamos unir as praias de Samil coa da Foz cunha pequena ponte de madeira, permitindo así unha maior e mellor mobilidade dos usuarios de ámbalas dúas praias.

Dicir por último que ó noso entender o financiamento destes proxectos teríamos que os obter da Xunta de Galicia para o tema do Lagares e a súa Xunqueira e con axudas da Zona Franca para o peirao que iría seguido do Museo do Mar.

Consonte co antedito propoñemos:

Que, con independencia da toma en consideración das proposicións que fixemos anteriormente sobre o litoral vigués, a Xunta de Goberno Local acepte as propostas que de seguido citamos e lles dea traslado ós técnicos que están a redactar o proxectos sobre o litoral vigués para que as inclúan no proxecto que están a elaborar.

1.- A construción dun peirao a seguir do Museo do Mar e un pequeno crebaondas enfrente, na punta dos terreos que alí ten Zona Franca, de xeito que permitan a rexeneración das praias de Bouzas e Alcabre, ó tempo que posibilitan nese peirao o atraque de barcos para servizos do Museo do Mar.

2.- Que se construa unha esclusa na ponte de Samil de xeito que permita a rexeneración da Xunqueira do Vao e máis do último tramo do río Lagares, polo que posibilitaría ós mellores usos posibles da zona.

3.- A canalización do leito do río Lagares entre a ponte de Samil e a súa desembocadura do mar."

A comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do 22 de marzo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Aplaudimos a idea do Goberno municipal de encargar a elaboración dun proxecto do litoral vigués. É algo que precisamos en grande maneira, pois non temos máis que escoitar as permanentes contraversias e frustracións expresadas tanto por vigueses e viguesas, e mesmo por xente que ven de fóra, sobre o difícil achegamento das persoas que ata a beira do mar en demasiados lugares do noso litoral e de xeito moi especial na parte central da cidade.

Sobre este particular no seu día xa fixemos varios estudos e propostas que achegamos. Entenderemos que teñan solucións válidas e varias delas mesmo necesarias para resolvermos os principais problemas do litoral vigués.

Porque segue a ser válida e necesaria a filosofía das nosas proposicións no sentido de que os vigueses teñan máis e mellores lugares para se achegaren ó mar, ó tempo que o noso porto, xerador principalísimo de emprego, sega a medrar de xeito razoable: coa recuperación na Guía, en Teis, dunha praia dun quilómetro de longo e oitenta metros de fondo (pasaría ser a segunda praia máis importante de Vigo), coa ampliación de Samil e das outras praias, coa construción do Gran Paseo Marítimo de Vigo no que habería un parque.

Todo isto xa foi exposto no seu día polo Partido. Pero agora facemos a proposta dunha prolongación no Museo do Mar cunha crebaondas duns cincocentos metros. Con iso poderíamos facer a rexeneración das catro praias que quedan alí.

É dicir, a praia de Bouzas pasaría ter uns 500 metros de longo por 80 de fondo en preamar, aproximadamente uns 40.000 metros de areal. A praia de Alcabre, que é a seguinte cara ó sur, pasaría ter 350 m por uns 70 metros de fondo aproximadamente, cuns 25.000 m² de praia. Logo a praia de Santa Baia pasaría ter tamén uns 70 metros de fondo por uns 250 metros aproximadamente de longo, cuns 18.000 m². A praia do Cocho que é a máis pequena e está mesmo onde o Museos do Mar, é unha praia de 70 metros, pasaría ter aproximadamente 100 metros por uns 70 metros de fondo. Todo isto acadaríamolo con este espigón que serve precisamente para protexer do mar de fondo cando ven de sudoeste que leva toda a area destas praias. Acadaríamos ter nesa zona uns 80.000 m² de praia.

Á parte de acadar esa praia para a zona centro de Vigo (pensemos que no PAU de Navia imos ter 25.000 persoas), os veciños de toda a zona de Coia e Bouzas non precisarían dos seus coches, sinxelamente irían a pé ás praias e iso sería moi importante.

Ó mesmo tempo que esta grande obra para a xente do centro de Vigo, con ese peirao (non é un recheo) acadaríamos que o Museo do Mar tivera un amarre para a goleta que ten na actualidade, posiblemente terá máis barcos tradicionais porque llos están donando e así tería permanente un amarre para que a xente os poidera visitar. Independentemente quedaría unha zona de atraque para calquera tipo de embarcación que quixera ir vistiar o Museo. Con isto, ter un Museo do Mar con visitas feitas dende o mar, sería un dos únicos do mundo e mesmo podería haber unha liña regular destes barcos de pasaxe con saídas de Moaña, de Cangas ou doutras zonas que virían visitar o Museo por mar. Pensamos que sería unha grande obra.

Independentemente de que se chegue facer esta obra (que espero polo ben de Vigo se faga) queda aí unha asignatura pendente: un emisario que está alí mesmo onde remata o Museo do Mar que me consta que no seu día o Sr. Fernández tentou prolongar por todos os medios aínda que non sei se por falla de medios ou porque houbo cambio de goberno non o puido facer. Pero é imprescindible alongar este emisario ata a cota menos trinta coma mínimo cara fóra, senón evidentemente que non se podería facer a obra.

Logo disto tamén, se nos imos cara ó sul, ímonos á desembocadura do Lagares e chegando alí temos o grande problema da Xunqueira. Nós entendemos que facendo unha esclusa na ponte que está mesmo na desembocadura do río poderíase acadar un lago natural ou artificial (polo chamar dalgún xeito) duns 35.000 m² onde se poderían poñer unhas pedaletas e facer un pequeno embarcadero onde está a zona de "Public" e todo o que é a Xunqueira, toda esa zona que nestes momentos coa baixamar ou con media marea todo é fedor daqueles lodos que están totalmente contaminados e facer aí unha grande zona de lecer.

Así mesmo entendemos que da ponte cara ó mar se podería canalizar o río para evitar precisamente que, con invernos malos ou cambios dinámicos de mareas que hai de cando en vez, se poida producir o que pasou hai un par de anos, coma todos sabemos.

En definitiva, unir cunha pequena ponte o que é a praia da Foz e a praia de Samil, así a xente que vai paseando pola praia podería pasar andando tranquilamente dende o Vao ata Canido sen necesidade de ir pola estrada.

Esa canalización faríase (iso diríano os técnicos) penso que con pedra e aproximadamente, reenchendo, sacando a area que está pegada ó muro e meténdoa nesa zona pegada ó picadeiro, onde se vai facer a canalización poderíanse acadar aí uns 5.000 metros máis de areal que nestes momentos está ocupando o río.

Evidentemente que todas estas obras teñen que ser consensuadas por técnicos. Nós fixémoslo e mesmo no tema de Alcabre temos estudos batimétricos de dinámica de litoral que din que esa obra é viable.

Penso que xa que o Goberno está coa rexeneración do litoral, estas son obras a ter en conta, que teñen pouco custo para a cidade e no futuro serían moi importantes.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós non nos pronunciamos sobre o conxunto das actuacións porque as habería que estudar con máis rigor, con todos os respectos para o Sr. Alonso que estou convencido que lle aplica moito rigor ás súas propostas, pero entendemos que deberían ser estudadas no conxunto das actuacións do bordo litoral.

Si estamos dispostos a que se remitan a Zona Franca que está a facer o estudo sobre o bordo litoral e en todo caso pronunciáremos sobre elas concretamente no seu momento e no seu conxunto.

Para nós hoxe o prioritario é o que está enriba da mesa e é que o Ministerio de Medio Ambiente licite e execute o máis axiña posible os proxectos de paseo de Alcabre e a Guía. Entendemos que eses proxectos si están feitos e deberían ser tramitados e executados xunto cun paseo de madeira que está na Xunqueira do Lagares.

Isto xa ten unha historia longa porque se non lembro mal, estes acordos co Ministerio de Fomento veñen dende o ano 94. Houbo unha época que mesmo foron retiradas partidas orzamentarias do Estado para a construción deses paseos e, por fin, hai uns anos novamente o Ministerio de Medio Ambiente comprometeuse a executar ditos paseos, redactou os proxectos e coido que o prioritario é a execución dos mesmos, sen prexuízo de que as actuacións que contempla a moción se poidan ver a seguir no conxunto global de actuacións no bordo litoral.

Nese sentido nós estaríamos de acordo, como con calquera outra proposta de calquera Grupo que non fose contraria ó que nós entendemos que debera ser o bordo litoral, en que se eleve ó equipo redactor do estudio do bordo litoral. Entendemos que todas aquelas propostas son boas na medida en que

todos os Grupos as facemos e ó final deben ter un estudo global e conterse nun proxecto global de recuperación do bordo litoral de Vigo, a maiores do que xa está ou que xa debería estar en execución.

Polo tanto non damos a nosa opinión sobre as propostas concretas, pero si queremos que sexan estudadas polos técnicos no conxunto dos proxectos do bordo litoral.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: En relación coa intervención do compañeiro de Corporación propoñente desta moción, a min gustaríame cinguirme ó texto e á proposta concreta que vostede fai, respectando absolutamente a súa intervención que de xeito xenérico nos expón a visión que ten o seu Grupo respecto das actuacións que hai que facer, ou dalgunhas das actuacións que vostedes entenden que serían necesarias no bordo litoral de Vigo.

Pero para evitar confusións, mesmo das persoas que nos poden estar escoitando, mesmo tamén dos propios membros da Corporación que poideran pensar que imos votar ou que imos debater outras cousas, exactamente o que vostedes hoxe nos propoñen ten que ver con facer un convenio coa Autoridade Portuaria para derrubar os tres galpóns nos que se gardan redes de mariñeiros e maila antiga lonxa de baixura...

¿Non é así? Pido desculpas. Perdón, Sr. Alonso, descúlpeme.

Respecto ás propostas que vostede nos fai, anunciamos a nosa abstención.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo vai votar a favor desta moción entendendo que se lle dea traslado ó estudo do bordo litoral que se está facendo dende a Zona Franca. Cando teñamos ese estudo analizaremos individualmente cada unha das propostas.

Con respecto ó que se falou neste Pleno sobre os proxectos de Alcabre e Teis, dicir que coido que están a piques de se licitar dous proxectos importantes. Tamén temos un pequeno problema cun proxecto do que xa está montado o expediente que é sobre a Xunqueira do Lagares, porque hai que facer unha cesión dun terreo privado; hai algunha dificultade pero dende a Xerencia de Urbanismo se está intentando resolver esta cuestión puntual.

Se o Sr. Alonso acepta a nosa proposta de dar traslado da moción a ese estudo do bordo litoral, remitiríamolo urxentemente ós técnicos que están facendo este proxecto e logo cando veña a debate desta Corporación analizaremos estas cuestións unha a unha.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Precisamente iso xa está posto aquí, ó final onde pon: "consonte co antedito propoñemos: Que, con independencia da toma en consideración das proposicións que fixemos anteriormente sobre o litoral vigués, a Xunta de Goberno Municipal acepte as propostas que de seguido citamos e lles dea traslado ós técnicos que están a redactar os proxectos sobre o litoral vigués para que as inclúan no proxecto que están a elaborar".

SR. PÉREZ CASTRILLO: Insisto novamente en que o noso Grupo non se pronuncia sobre as propostas e polo tanto non as pode aceptar. Si estamos dispostos a que sexan estudadas polos técnicos que están redactando os proxectos, que se vexa a súa idoneidade, mesmo o seu impacto ambiental, etc.

Quero dicir que nós apoiamos que sexan estudadas dende o punto de vista medioambiental, de idoneidade, de impacto e mesmo de concordancia cos fins que se buscan, pero nós non lles queremos dicir ós técnicos que aceptamos isto porque si. Con esa matización si votariamos a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que estamos todos de acordo coa matización que acaba de facer agora mesmo o Sr. Pérez Castrillo, é dicir, non nos pronunciamos sobre o fondo do tema, que se lle dea traslado, esa e todas as que veñan, porque logo os corporativos seremos os que fagamos o debate para tomar a decisión.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Alcaldesa, eu faría un chamamento ós membros desta Corporación porque eu comprendo que este é un debate moi interesante e unha iniciativa política moi respectable, pero, por sistema, se nos dedicamos a aprobar cuestións deste tipo con tantas reservas, ¿non sería mellor traer as propostas cos requirimentos técnicos necesarios? É dicir, que poidamos aprobar sen estar permanentemente facendo a reserva de que a aprobación estea condicionada a..., que o informe técnico pertinente avale a decisión política que imos tomar.

Sucede que nos poñen vostedes nunha situación realmente incómoda porque no fondo da cuestión podemos estar de acordo, pero o cómo vostedes pensan que se debe facer realmente suscítanos moitísimas dúbidas. En principio non estamos en contra, ata que non saibamos qué o que se pode ou non facer.

Polo tanto, esa é a razón do noso anuncio de abstención, queremos que iso quede claro. Tamén nos gustaría que non se nos someta a estes "trágala" que

semella que nos obrigan a nos posicionar en contra dunha iniciativa que pode ser boa, pero pode ser boa cando teñamos claro que se pode facer. Sinxelamente quería deixar isto claro.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Esta é unha idea política, loxicamente haina que facer logo tecnicamente, Sra. Porteiro. Se quere que lle traia un estudo batimétrico pois o traio, non teño problema en o solicitar e en o traer. Agora entendo que como idea política que presento, estou totalmente de acordo co que dicía o Sr. Castrillo e tamén co dito polo Sr. Figueroa. Agora serán os técnicos os que se terán que pronunciar.

Efectivamente que fai falla un estudio de impacto medioambiental. Evidentemente que o Lagares é moito máis bonito con auga e que estean por alí os patos e as garzas ciscados que non estando todo enmerdado de lodo. Claro que hai menos impacto ambiental tendo aquilo cheo de auga e non de lodo.

En canto ó das praias, sabemos que somos unha cidade turística e que precisamos máis praias. Se no mundo enteiro se fixeron praias no medio do Océano Atlántico, con mar de fondo e con temporais diarios, canto máis fácil será que se fagan dentro dunha ría das máis abrigadas do mundo, dito sexa de paso. As cousas son claras.

¿Qué hai que adornar tecnicamente estas cousas? Pois claro que si. Eu non son técnico, pero falen cos vellos da cidade, cos mariñeiros e coa xente aquí, porque á xente vella ás veces hai que lle facer caso.

Estou totalmente de acordo con todos vós en que hai que ter a parte técnica que é a parte bonita, pero as cousas as hai que facer. Se empezamos a traer as partes técnicas xamais chegaremos ó tema ó que hai que chegar. Estou de acordo en que os técnicos terán que decidir, ó mellor estamos todos errados, pero se cada vez que traio unha cousa a teño que traer avalada, pois vostedes tamén terán que traer avalada a próxima proposta que fagan.

SR. FIGUEROA VILA: O noso Grupo está en total desacordo co que acaba de dicir a Sra. Porteiro, é dicir, nós pensamos que estes Plenos son de debate puramente político e por tanto non se pode coartar nin condicionar a iniciativa política de ningún Grupo e menos se é dende a oposición, porque o Goberno aínda ten a posibilidade de ter ó seu dispor ós técnicos do Concello e a posibilidade de contratar outros técnicos para facer propostas concretas, pero non así a oposición que ten que facer debate político,

traer iniciativas políticas, logo esas iniciativas políticas terán que estar apoiadas polos membros deste Pleno e a partir daí os técnicos, tanto municipais coma doutras institucións, teñen que se poñer a funcionar e traballar en base a esas iniciativas políticas.

Polo tanto estamos moi lonxe da manifestación da Sra. Porteiro, senón que pola contra, pensamos que cantas máis iniciativas políticas e debates teñamos neste Pleno, moito máis se van enriquecer as decisións que tomemos todos os membros da Corporación.

Polo tanto e sen entrar no fondo do tema, nós animamos a todos os Grupos políticos a que traian iniciativas políticas desta magnitude, tan importantes coma poden ser as do bordo litoral porque logo os técnicos nos farán unha proposta e voltaremos tomar a decisión os políticos. Coido que o Pleno e sobre todo logo da entrada en vigor da Lei das grandes cidades, ten moito máis contido político que técnico.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Lamento que me explicase eu tan mal ou lamento que o Sr. Figueroa manipulase o que eu dixen. Entendo que me expliquei mal, é moi probable.

Vostede sabe que nada máis lonxe da miña intención que restrinxir o dereito de calquera concelleiro, de calquera membro da Corporación de ter iniciativa política.

O que me sorprende é que vostede, como membro do Goberno, lle dea tan pouco valor ó que aquí se vai aprobar nestas condicións. Vostede mesmo está dicindo que logo xa se verá.

Por tanto estamos facendo unha escenificación absolutamente teatral. Nós non estamos no Goberno, fíxese vostede, e estamos tendo unha actitude moito máis responsable que a súa, que ó final está deixando que todo quede nun xesto cara á galería.

Mire, a nós non nos parece axeitado que se diga que se acepten as propostas porque iso significa que se se aceptan se cumpren, ou polo menos nós lles damos ese valor ás decisións que se toman no Pleno e máis por maioría.

Vostede é quen nos está a dicir que esa decisión logo se levará a cabo ou non. Para que se leve a cabo vostede tería que ser o primeiro interesado en poñer moi clara esa condición.

Evidentemente que non ten por qué ter ningún Grupo da oposición, nin o dos Sres. Soto e Alonso, nin o noso, nin o do BNG os equipos técnicos que fagan

estes estudos, evidentemente non, pero deberían ser vostedes que son os que teñen a responsabilidade de xestionar esta cidade.

Polo tanto, Sr. Figueroa, ratifícome na abstención.

SR. SOTO FERREIRO: Dáme a impresión que o Grupo Socialista hai certo tempo que perdeu o norte. De verdade que non quero ferir pero, por se lle serve de reflexión pública, errar e cambiar os papeis pásanos a todos e polo tanto iso non ten ningunha importancia.

O que dixo vostede logo, acaba de rectificalo en boa parte no que acaba de dicir agora. Menos mal que non temos que traer documentos e estudos técnicos para avalar calquera proposta. É o que dixo vostede antes e, polo que dixo logo, semella que foi unha mala exposición. Aceptada a corrección. Aínda así e todo, Sra. Porteiro, ¿sabe a diferenza entre as actitudes que eu vexo nos outros Grupos e a do Grupo socialista ó que vostede representa agora? Que os outros temos unha vontade permanente de chegar a acadar acordos e vostedes semella que teñen unha vontade permanente de amolar e de poñer o pé; esa é a diferenza que eu percibo.

Os demais din que non saben se iso é tecnicamente correcto, queren que se estude pero que non se opoñen a que o estuden os técnicos. Así están deixando avanzar o proxecto para que realmente se estude, porque iso é o que dixeron e o que nós aceptamos tamén responsablemente.

Vostedes pódense abster, votar en contra ou tomar o outro papel doutro Grupo deste País chamado Galicia que outrora daba o non porque non e senón tampouco. Poden estar a iso que semella que é ó que están.

Eu non sei se é ó que están conscientemente, pero lle digo de corazón que dende fóra é o que semella. Por iso lles digo que ou perderon o norte, ou semella que o perderon. En calquera das dúas cousas deberan atender ó que queren dicir no fondo dos seus contidos.

Aquí hai unhas proposicións bastante claras e que, na miña opinión, o Sr. Alonso expuxo moi ben e que dende logo apoia ó 100% o noso Grupo político, claro está. Pero en todo caso ten a prudencia introductoria de dicir que se lle pase ós técnicos que están a redactar o proxecto do bordo litoral, porque efectivamente somos conscientes de que ó mellor hai outro proxecto que nós descoñecemos e que é mellor ca este; máxínesse vostede que iso acaecese. Nin siquiera nós mesmos damos ás nosas ideas ese cheque en branco. Pero diante desta proposición hai dúas actitudes; unha positiva, a de ver que pasa, a de pensar que non semellan malas ideas e ver entón que pasa. A

outra é de: "por se acaso, non". Esa é a súa actitude permanentemente coas nosas proposicións e coas dos outros. Alá vostedes, pero créanme que non lles arrendo as ganancias políticas coma segan así, de verdade e lamento de corazón terllo que dicir.

SR. PÉREZ MARIÑO: En primeiro lugar quérolle agradecer ó Sr. Soto os consellos políticos que nos dá, agradézollo; ás veces un ten a tentación de ademais de arranxar a súa casa, querer arranxar a dos demais.

Con respecto ó fondo, a proposición que temos que votar di textualmente: "Que a Xunta de Goberno acepte as propostas que citamos". Nós non lle queremos poñer este axustador á Xunta de Goberno porque non sabemos se isto é posible, pode ser desexable pero non posible. Segundo, que lle dea traslado ós técnicos, non para que vexan a súa viabilidade, senón para que as inclúan no proxecto que están a elaborar. Nós non podemos votar ningunha desas dúas cousas por respecto á Xunta de Goberno, por respecto ás posibilidades técnicas.

Non sei qué se nos pode pedir. Ás veces o Grupo municipal fai unha reflexión sobre o que poderíamos facer razoablemente con esta proposición aquí, esta mañá. ¿Poderíamos razoablemente aceptar as propostas tan importantes que se presentan aquí pola boa vontade de quen as presenta ou por informes que di que ten, sen máis? ¿Poderíamos facer iso? ¿Sería xusto que fixeramos iso, sería responsable que aceptáramos estas tres propostas que son dunha importancia tremenda? ¿Que lles digamos ós técnicos que as inclúan no proxecto? Non que as estuden, senón que as inclúan.

Sr. Alonso, Sr. Soto, non podemos, será malo para o noso futuro político, que lle imos facer. Pero o noso presente político e o noso xeito de entender a nosa responsabilidade que nola teñen que pedir os cidadáns no seu día, cando toque, pasa nestes momentos por non poder aprobar algo que de seren posible tecnicamente nos encantaría.

Pero non queremos de novo confundir a realidade con proxectos e ilusións sempre evanescentes, porque logo chegarán os técnicos e dirán o que si ou o que non. Debemos operar sobre as propostas dos técnicos, nós non sabemos nestes momentos se é bo construír un peirao a seguer do Museo do Mar e un pequeno creabaondas enfronte e sería unha irresponsabilidade que o dixeramos porque non o sabemos. Podemos dicir que nos gustaría que o houbera, pero iso cambia a redacción de toda a proposta porque esta di que se acepte e non que se estude.

Tampouco podemos pedir que se construa unha esclusa na ponte de Samil para que permita a rexeneración da xunqueira do Bao. Claro que estamos de acordo en que se rexenere pero non sabemos cómo se pode facer nin se a esclusa é o xeito técnico ou non. Nin podemos dicir cómo se teñen que facer as canalizacións do río Lagares.

Dixo vostede cousas preciosas. Cando estaba dicindo (que non ven na proposta) iso de ampliar as praias, que as 25.000 persoas do PAU de Navia ou de Alcabre poideran ir a pé á praia, iso encantounos a todos. Pero unha cousa é facer esta proposta no terreo dunha proposta política, outra dunha aceptación dunha proposta. Iso é o que non podemos facer.

Sr. Soto, compárenos vostede con quen queira, está dentro da súa posibilidade política, mesmo vostede repetiu que escoita; nós tamen escoitamos. Gracias polos seus consellos, de verdade que llos agradecemos porque coma persoas racionais tamen pensamos todos os días que podemos errar e ó mellor tamen estamos errando hoxe, pero a nosa responsabilidade política e persoal con nós mesmos e cos intereses que representamos nos impide calquera outra toma de decisión por moi boa, bonita ou rendible que poidera ser politicamente.

SR. PÉREZ CASTRILLO: A ver, Sr. Soto, para clarexar a súa intervención e corríxame se non é así.

Da súa intervención eu deduzo que a proposta se modifica no sentido de enviarlla ós técnicos para que estuden dende o punto de vista medioambiental a idoneidade destas medidas en coherencia cos obxectivos que vostedes presentan.

Nós non estamos seguros de que facer unha esclusa no Lagares posibilite a rexeneración da xunqueira dende o punto de vista medioambiental, non o sabemos. En todo caso si estamos dispostos a que haxa algún técnico que nos asesore sobre os beneficios ou prexuízos de facer esta obra. Nese sentido de estudar dende o punto de vista (porque dende a enxeñería se pode todo) da coherencia coa actuación de recuperación do litoral, coidamos que é bo que os técnicos estuden esas medidas que vostedes propoñen, non nos pronunciamos sobre elas. ¿Entendo que iso é o que vostedes queren someter a votación?

SR. SOTO FERREIRO: Efectivamente hai unha corrección con respecto ó que di ó texto e diante das formulacións súas e do Partido Popular, no que

vostedes din introducen unha matización de diferenza que é certa. O Sr. Pérez Mariño pon en evidencia e é certo.

Claro que nós sabemos escoitar porque dicíamos que pasara ós técnicos, pero evidentemente que era de xeito decisivo e nós estamos dispostos a que se faga non decisoriamente, senón a nivel de estudo. É máis, recoñezo a prudencia dos demais ó dicir iso por exemplo no tema do Lagares, porque aínda que nós coidamos que será unha medida beneficiosa, tamén é certo que ó mellor pode haber unha medida mellor ca esa e eu non o sei teoricamente.

Déixenme citar a un amigo e compañeiro dicindo que "a política élle cuestión de olfato, entroutras cousas". Cito textualmente e a mantenta para lles dicir que aquí hai unha vontade política de querer rexer a Xunqueira de Samil, a xunqueira da beira do Lagares e faise unha proposición para que se estude. Logo poden dicir que os técnicos din que iso non se pode facer cunha esclusa, que hai que facer outras cousas..., pois ben, aceptarémolo. Pero hai distintas actitudes; evanescentes son aquelas dos que falan para non facer nada, esa é a maior das evanescencias.

Son unha persoa que pode ter os defectos que vostedes queiran, pero que para ben ou para mal ten unha traxectoria e que non é nada evanescente, pode ser contravertida, non digo que non, pero hai demasiadas obras que din que non hai evanescencia nas actitudes políticas nin de quen fala, nin dos que permanentemente traballan con el.

Polo tanto, non teña problema, Sr. Pérez Mariño, porque as nosas propostas teñan conceptos de evanescencia, máis ben iso míreno vostedes dentro de si mesmos. Se vostedes mesmos din que a idea é boa e politicamente pode ser ou non rendible, eu dígolles que politicamente rendible pode ser todo e pode ser nada. Ó mellor é rendible a súa actitude política dos últimos tempos, non sei se o é ou non, a min paréceme que non, pero si a vostedes lles parece que si, alá vostedes. Pero o problema de rendibilidade ten dous aspectos, un do que actúa cara á galería e esa é a rendibilidade política, e o outro que actúa en función de ideas que lle parecen boas para a sociedade e teñen o aprecio da sociedade; son dous tipos de rendibilidade. Asegúrolle que nós permanentemente, con acertos ou erros, buscamos a segunda e tamén hai unha traxectoria onde se pode ver; ás veces aguantando touros moi difíciles nos que moi poucos creron nun determinado momento e aí están.

Polo tanto nese sentido claro que estamos abertos e acolleamos a emenda que "in voce" fan o Bloque e o Partido Popular no sentido de que lle deamos

traslado á Comisión do litoral dunhas ideas para que esta diga se son realmente compatibles cos estudos que están a facer, se os melloran ou os empioran, e teñan claro que se os empioran seremos os primeiros en votarlles que non.

Vostedes falan de que iso é o que hai que contemplar. Coa súa posición xamais haberá que contemplar nada porque xamais irá nada a ningún técnico, que máis dá, xa din que non antes de empezar e entón xa non se fai nin se contempla nada.

Este paso si vai dar a posibilidade de que algúns fagan o xuízo técnico, económico e xurídico que se deba sobre esta proposición; sobre esta e sobre calquera outra. Alá vostedes coas súas actitudes políticas, se a vostedes lles semella ben e votan en contra é moi respectable, tampouco teño nada que dicir en contra, alá vostedes, pero sería pouco coherente.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Alcaldesa, que dúbida cabe que é un debate sobre un tema moi importante e agradecémoslle que nos permita seguir afondando nel.

Sr. Soto, se o noso Grupo non tivese as dúbidas que expuxo, polas intervencións anteriores dos outros Grupos, non semellaba posible que hoxe se chegase a esa transacción que vostede está aceptando. En exercicio precisamente da nosa autonomía política e na busca do mellor acordo o noso Grupo presente esa dúbida que se recolle polos outros Grupos e vostede agora acepta.

Polo tanto, non se poña vostede tan drástico nin tan dramático. Nós estamos facendo unha oposición seria, estamos presentando algo que é evidente que tal e como viña redactado non se podía aprobar e que mesmo na primeira intervención do Goberno daba medo pensar que estaban dispostos a aprobar sen máis, condicionando quen sabe cómo.

Fai vostede moi ben e eu agradézolle a vostede e ó Sr. Alonso que recollan a proposta da oposición de cambiar esa redacción e facela posible para a poder votar. En ningún caso anunciamos un voto en contra, anunciamos unha abstención en base a cómo viña formulada a súa proposta.

Polo tanto pídlle unha vez máis, tanto a vostede coma antes llo facía a outro representante desta Corporación, que non atribúan ás persoas que falamos do Grupo Socialista cousas que non dixemos. Non dixemos de votar en contra, dixemos de abstermonos por cómo viña formulado o seu razonamento político.

Francamente me esperaría de vostede outro tipo de actitude política respecto de cousas que se producen neste Concello, pero, en fin, vostede tamén será responsable das súas actuacións, será o pobo quen o xulgará e esa é a marabilla da democracia. Nós somos responsables ante nós e ante o pobo de Vigo das nosas actuacións e agradézolle moitísimo, Sr. Soto, que estea vostede ó tanto do noso devir político. Nós estamos traballando (de verdade, pode crerme) con absoluto cariño cara á cidade de Vigo e co absoluto desexo de que, cando este Pleno tome unha decisión e un acordo, ese acordo se poida cumprir. Non nos parece que os acordos desta Corporación deban ser papel mollado e sinxelamente evitar un debate que, coma este, foi absolutamente froitífero.

SR. SOTO FERREIRO: Só para falar dunha parte da súa intervención, Sra. Porteiro. Coma eu non me vexo, non me escoito (felizmente, por outra parte) non sei se son drástico ou dramático, en todo caso supoño que son coma fun sempre e vostede debería coñecerme e saber que as miñas posicións poden estar trabucadas, que non sería a primeira vez na miña vida que me trabuco, pero infinitamente menos que outros, seguro, e que en todo caso son absolutamente sinceiras; perdón polo que poida errar pero son absolutamente sinceiras.

SRA. ALCALDESA: Coido que ó longo deste debate estaba totalmente claro por parte de todos os Grupos políticos, menos por parte do Grupo Socialista, o que se propoñía e o que se asumía por parte de Democracia Progresista Galega. Por tanto, Sra. Porteiro, a demagogia nestes casos asegúrolle que sobra e obras son amores.

Nós non restamos ningunha importancia a este debate, pero obras son amores dende o momento que por parte do equipo de goberno o primeiro que se fixo cando se asumiu a responsabilidade de goberno foi precisamente pedir un estudo do bordo litoral, pedirlle ó Porto de Vigo que se faga un novo plan estratéxico e un plan de usos.

Nós dámoslle total e absoluta prioridade e importancia a este debate e cremos que é bo e oportuno que todos os Grupos fagan proposicións e propostas como é o caso. Agradecemoslle ó Sr. Alonso que asuma as propostas que lle facemos o resto dos Grupos. Pasamos a votar.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Pido unha intervención por alusións personais. Gustaríame que fose tan amable de retirar a acusación de demagoxia que acaba vostede de facer.

SRA. ALCALDESA: Non a retiro porque é o que vostede utilizou cando lle contestou ó Sr. Figueroa. Nós non lle estamos restando importancia, polo tanto non o retiro. Pasamos a votar.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non sabemos o que estamos votando, Sra. Alcaldesa. ¿Poderíanos dicir coma queda redactada a moción? ¿Sería tan amable? Non é unha burla, nós queremos saber qué texto é o que se vai votar e temos dereito a solicitálo.

SRA. ALCALDESA: Estase votando a proposta do Sr. Alonso cunha modificación que é única e exclusivamente que se traslade ó estudo do bordo litoral.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: ¿Podería lérmonos como queda o texto, por favor?

SRA. ALCALDESA: Este é un intento total e absoluto de bloqueo da cidade, estano demostrando punto tras punto.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Alcaldesa, coma membro desta Corporación que representa a un Grupo político temos dereito a saber que é o que imos votar. ¿Alguén nos pode facer o favor de ler coma quedaría este primeiro parágrafo? ¿Sería tan difícil?

SRA. ALCALDESA: Sr. Alonso, léalo, por favor.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Con independencia da toma en consideración das proposicións que fixemos anteriormente sobre o litoral vigués, dámoslles traslado ós técnicos que acepten e redacten o proxecto sobre o litoral vigués para que se inclúa no proxecto que están a elaborar, se o estiman conveniente.

Retiramos o texto: "que o goberno municipal acepte as propostas". Iso retirámolo xa na primeira intervención do Sr. Pérez Castrillo; aceptámoslle que a retirabamos e logo cando intervíu o Sr. Figueroa dixémoslle o mesmo:

que nós retiramos onde poñemos aquí "Que a Xunta de Goberno municipal acepte", iso retirámolo o demais queda igual.

SR. TOBA GIRÓN: Imos acordar remitir un papel a un equipo técnico que está estudando o litoral, ¿si? ¿estamos de acordo? Coido que non debería haber demasiado inconveniente, deixando constancia antes de nada que hai algúns aspectos na moción cos que eu non concordo, pero coido que agora non é o momento do debate.

Propóñoilles que quede deste xeito: "Que con independencia da toma en consideración das proposicións que fixemos anteriormente sobre o litoral vigués, o Pleno da Corporación acorda remitir as actuais propostas ó equipo que redacta o estudo sobre o litoral de Vigo" ¿Seméllalles? Seguro que todos estamos de acordo.

SRA. ALCALDESA: É exactamente igual que o que dixen eu: darlle traslado ó equipo que estuda o bordo litoral.

Todos sabemos o que queremos e o que estamos dicindo, outra cousa é o enredo que se montou.

SR. TOBA GIRÓN: Todos estamos de acordo ¿por qué nos complicamos tanto a vida? Imos facelo fácil.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Alcadesa, pregaríalle que non crispase o Pleno, porque vostede ten que presidir e dirixírmonos a todos e a todas e mesmo cando erramos. Se nalgún momento a miña intervención suscita por parte dalgún membro desta Corporación incomodidade ou crispación, pido desculpas. Do mesmo xeito que lle agradecería moitísimo a vostede, como directora - insisto- deste grupo de persoas políticas que estamos aquí, que se disculpase por me acusar de bloquear este Pleno. Seméllame unha acusación tan inxusta e tan inaxeitada, como ademais se acaba de demostrar; estamos querendo saber o que estamos votando porque é o noso dereito e a nosa obriga e realmente entendo que só axuda a dificultar as relacións dos que aquí estamos.

Se vostede non se quere desculpar, tamén o entendo. Eu descúlpome, dígoo publicamente por se nalgún momento a algún membro desta Corporación a miña intervención lle puido molestar.

Estamos de acordo, Sr. Alonso, coa redacción logo desta aclaración e, por suposto, anunciamos o noso voto a favor.

Durante o curso do debate o poñente, Sr. Alonso Vázquez, modifica o texto do primeiro parágrafo da proposta que queda como segue:

“Con independencia da toma en consideración das proposicións que se fan nos antecedentes da moción sobre o litoral vigués, o Pleno da Corporación acorda dar traslado ós técnicos que están a redactar os proxectos sobre o litoral vigués para que as incluan no proxecto que están a elaborar, se o estiman conveniente, as seguintes propostas:”

Vótase a moción do Sr. Alonso Vázquez coa modificación transcrita anteriormente.

(No momento da votación está ausente a Sra. Molares Pérez).

VOTACION E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Con independencia da toma en consideración das proposicións que se fan nos antecedentes da moción sobre o litoral vigués, o Pleno da Corporación acorda dar traslado ós técnicos que están a redactar os proxectos sobre o litoral vigués para que as incluan no proxecto que están a elaborar, se o estiman conveniente, as seguintes propostas:

Primeiro.- A construción dun peirao a seguir do Museo do Mar e un pequeno crebaondas enfronte, na punta dos terreos que alí ten Zona Franca, de xeito que permitan a rexeneración das praias de de Bouzas e Alcabre, ó tempo que posibilitan nese peirao o atraque de barcos para servicios do Museo do Mar.

Segundo.- Que se construa unha esclusa na ponte de Samil de xeito que permita a rexeneración da Xunqueira do Vao e máis do último tramo do río Lagares, polo que posibilitaría ós mellores usos posibles da zona.

Terceiro.- A canalización do leito do río Lagares entre a ponte de Samil e a súa desembocadura do mar.

15.- (91).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE UNIÓN DO BERBÉS DO MAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 9 de marzo de 2004, o concelleiro do grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"O Berbés foi o berce de Vigo. E arredor dese barrio tense desenvolvido o noso porto, co tratamento do peixe primeiro e co tráfico doutras materias despois, ata se converter nun fundamentalísimo piar da nosa economía.

Pero o urbanismo vigués, en troco de respectar o lugar emblemático que é ese barrio, teno afogado con construcións portuarias a prol dun desenvolvemento mal entendido.

Coidamos por iso que canto antes recuperemo-la relación directa do barrio do Berbés co mar, mellor que mellor. Será recuperar parte da nosa historia e poñela nun lugar máis conveniente.

Por iso, sen prexuízo de que sexa unha das propostas a contemplar nos estudos que se están a facer para presentar un proxecto integral sobre o litoral vigués, cumpriría que se considerase un anticipo do mesmo e incluílo no convenio marco a desenvolver cara ó ano 2005.

Coa nosa proposta recuperaremo-la relación directa do barrio do Berbés co mar ó tempo que gañaremos un espazo público nun lugar que se vai prexudicar polo tráfico de vehículos e persoas que se relacionarán co centro comercial que alí se vai construír. (¡Vaia idea a de construír un centro comercial á beira do mar!).

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Facermos un convenio coa Autoridade Portuaria de xeito que se proceda ó derrubo dos tres galpóns nos que se gardan redes de mariñeiros e maila antiga lonxa de baixura.

2.- Estudar cos técnicos do equipo redactor do Plan Xeral outro emprazamento onde se construírán as naves para gardar as redes dos mariñeiros.

3.- Que a sociedade que promoverá os traballos en Vigo cara ó ano 2005, defina un proxecto de parque público no lugar onde hoxe se atopan as naves a derrubar. O proxecto contemplará a realización de dous pasos elevados para unir a actual praza do Berbés con ese novo parque a carón do mar."

A comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 22 de marzo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VÁZQUEZ: Sra. Alcaldesa, eu pídolle desculpas porque cada vez que presento unha moción se monta este guirigai, vou ter que deixar das presentar. Non entendo isto. Eu que non son político estou metido neste lío, pero a verdade é que hai políticos que levan toda a vida

facendo o que fan e outros estamos aquí e queremos ou tentamos facer algo pola cidade, con toda e coa mellor intención do mundo. Levo só catro días nisto pero todos poden ter a completa seguridade que cando presento algo é por ben, o único é que o Sr. Soto mo pasa ó galego no ordenador, porque a verdade é que eu escribo en castelán, e logo hai verbas que mesmo teño as miñas dúbidas porque non as entendo. Cando eu poño o papel diante para ler é onde a min se me vai o santo ó ceo, pero pasarei dicir a proposta.

Teño que dicir que isto saíu dunha conversa que tiveron coa Sra. Alcaldesa, que me preguntou qué se podería facer no Berbés para lle dar aliciente a aquela xente para a rexeneración do Casco Vello. Entón eu fun pola Ribeira, empecei mirar o que hai, mirar aquilo que se tirou onde estaba Sanidade Exterior, o buraco que quedou alí e falando con aquela xente, pensando en tirar todas aquelas naves e miren que con isto tiróuseme toda a xente enriba porque a xente do mar está que me rilla a min agora por lle tirar os galpóns, iso haino que dicir. Pero eu tiveron que poñer nunha man qué era máis importante, se atender á demanda de 15 ou 20 barcos ou atender á demanda de 50.000 ou 100.000 persoas.

Entón tiveron que actuar sensatamente porque o importante para o Berbés sería tirar estas chabolas, trasladalas a Bouzas que coido que é a zona axeitada, abrir isto porque tal e como está o túnel saímos del metémonos por riba da estrada e voltamos a baixar; entón sería abrir o túnel dereito e facer unha grande praza onde remata a rúa Real, onde está todo aquel molote de cemento e levar todo o tráfico subterráneo.

Pero a proposta en si é tirar a lonxa vella, que non se utiliza para nada, tirar os tres galpóns que quedan alí (o mellor haberá que empezar por eles) e facer unha grande zona verde para que a xente do Berbés teña a vista ó mar que tivo anteriormente pero que agora non ten e facer unha grande zona de lecer para que a xente teña aliciente para ir vivir ó casco vello e este recolla o que antigamente tivo: a súa convivencia directa co mar.

Ó mesmo tempo pediría, aínda que non sei se é lugar e sitio para o propoñer, agora que Zona Franca vai cambiar de presidente, ver se é posible non facer o centro comercial, con todo o dano e repercusións que iso teña e son moi consciente diso. Ver se iso se pode facer e deixar todo aquilo aberto cara ó mar. Non sei se isto último é ou non posible.

Esta parte non estaba na orde do día, pero xa que estou aquí o digo, total cando eu saco algo na orde do día xamais se fala diso, senón todo o contrario.

Pido desculpas de novo, Sra. Alcaldesa, porque cada vez que presento un papel aquí hai lío por todos os lados. Gracias.

SR. RUÍZ CENICEROS: O Grupo municipal socialista apoiará calquera actuación tendente a recuperar o espazo portuario para o uso público.

En todo caso coidamos que tal e como está no texto da proposta en vez de remitir ós redactores do Plan Xeral, sobre todo agora que o Sr. Alonso especificou que coida que esas dependencias deberíanse trasladar ó espazo portuario de Bouzas, haberíao que mandar mellor ós redactores do estudo do litoral ou da modificación do Plan Especial porque a ordenación do espazo portuario queda fóra das competencias do Plan Xeral. Pero aínda así e se non se modifica nese sentido a moción, non hai problema, será unha cuestión de que o equipo redactor non poderá facer nada.

Tamén estamos de acordo en que se incorpore dentro das actuacións que preparen as federacións náuticas do ano 2005 e que cos espazos que recuperen se acade un parque público. Poñemos só unha pequena observación na previsión de pasos elevados que unan ese parque público coa praza do Berbés en canto que non sabemos se urbanisticamente é posible, se é a mellor solución técnica e se é conveniente agora condicionar ese posible proxecto de parque público dun xeito tan radical.

Só lle pregariamos ó relator que admita a emenda de eliminar a última frase da terceira parte da moción que di: "O proxecto contemplará a realización de dous pasos elevados para unir a actual Praza do Berbés con ese novo parque a carón do mar". De xeito que a solución técnica dese futuro parque veña primeiro condicionada polos espazos que se obteñan porque nin siquera sabemos os galpóns que se derrubarían ou non, nin a superficie.

De se admitir esa emenda, que pregamos estude, votaremos a favor.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Nós estamos de acordo co espírito da moción. Coido que mesmo hai algunha proposta que no avance do Plan Xeral o equipo redactor propoñía para a Autoridade Portuaria.

Nese sentido estamos de acordo con que se derruben os galpóns e a lonxa de baixura e que iso pase ser unha unión coa actual Praza do Berbés, que sexa unha zona pública e de achegamento da cidade ó mar.

Nese sentido estamos de acordo cos puntos 1 e 2. Non sabemos se se quere un convenio ou sinxelamente que o faga a Autoridade Portuaria. En todo caso e dende o noso punto de vista iso non é substancial, polo tanto estamos de

acordo con esas dúas cuestións. Tamén en todo caso estamos de acordo en que se defina un proxecto de parque público no lugar no que se atopan esas naves.

Si coidamos, polo que comentamos xa no anterior Pleno e mesmo nesta sesión da Corporación, que os proxectos de Vigo 2005 deberían ser obxecto do traballo dunha comisión específica, como antes comentara, que coido que mesmo é vontade de toda a Corporación, e así se acordou, que se definan os proxectos da sociedade Vigo-2005 nunha comisión. Coido polo tanto que a Corporación xa non debería priorizar un deles, senón os analizar todos no seu conxunto, ver se un deles é este e ver que prioridade ten sobre outros ou que lugar ocupa no programa de actuacións; entendendo que nós pensamos que é importante esta actuación no programa de Vigo-2005.

En todo caso si nos gustaría que se retirara ese parágrafo para que non houbera unha directriz plenaria sobre esa comisión que singularizara este proxecto e que fora nesa comisión onde o estudáramos.

Tamén que non definíramos o proxecto a nivel de paso elevado, que quedara en que se fixera un proxecto de parque público, en todo caso co compromiso de que na comisión onde estudemos os proxectos de Vigo-2005 analicemos este. Polo tanto, que o punto terceiro quedara reducido a definir un proxecto de parque público no lugar onde se atopan as naves a derrubar.

Polo demais estamos de acordo cos puntos 1 e 2.

SR. FIGUEROA VILA: Para que non haxa máis polémicas, porque non sei se uns estamos neste Pleno e outros noutro completamente distinto, nós o único que entendemos, a ver se é certo ou non, que o que presenta Democracia Progresista Galega é recuperar unha zona do fronte litoral, que se una ó Berbés e que os técnicos dean a solución máis axeitada e logo que se traslade ós responsables do Porto para que contemplan esta posibilidade.

Se é así tal e como nós entendemos, imos votar a favor. Sobre a redacción que a faga quen considere oportuno.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Realmente o dos pasos elevados era unha idea, pero o ideal é meter unha máquina na entrada do Berbés e empalmar co túnel que está fronte á Caixa de Aforros, entón iso se tapa por riba e xa non fan falla os pasos elevados que sinxelamente estaban pensados para evitaren os gastos que iso levaría.

De todos os xeitos o mellor de todo é facer o túnel directo dende a entrada do Berbés, onde está o bar Almas Perdidas ata fronte a Caixa de Aforros, de xeito que evitaríamos os pasos elevados, teríamos toda unha praza, un grande parque e evidentemente gañamos máis terreo, así se gañan uns 10.000 metros máis de terreo. En canto ó tema dos pasos elevados non temos ningún problema se se fai co túnel porque pensamos que é unha obra importante.

En canto ó que dicía de poñer a prioridade, non sei qué di o Sr. Figueroa, nós propoñemos isto pero dirán os técnicos loxicamente porque eu sei pescar percebes; eu podo ter unha idea pero non sei se se pode facer un aparcadoiro, como di o Sr. Pérez Castrillo, porque aquilo está recheado e se fas un aparcadoiro igual chega a auga ata a Colexiata. Ou sexa que iso non é tan fácil, facer un aparcadoiro aí ten que ser moi custoso polas filtracións de auga que pode ter. Non o sei, serán os técnicos os que o teñan que dicir.

O que propoñemos e isto e aquí, onde pon o dos pasos elevados, estamos dispostos a retiralo e que se continúe o que é o túnel onde está a Caixa de Aforros ata a entrada do Berbés, é dicir, unir o casco vello directamente co peirao.

SRA. ALCALDESA: ¿Cómo queda a redacción, Sr. Alonso?

SR. ALONSO VÁZQUEZ: No apartado 3: "Que a sociedade que promova os traballos de Vigo cara ó ano 2005 defina o proxecto de parque público no lugar onde hoxe se atopan as naves de El Mar, e o proxecto contemple a creación duns pasos elevados...". Onde pon "proxecto" para adiante eliminado e aquí podemos poñer "que se continúe o túnel que vai dende o Berbés ata a Caixa de Aforros", ou ben cortamos e xa está e así non hai máis lios.

Proposta dos Sres. Pérez Castrillo e Ruiz Cenicerós formulada durante o curso do debate:

Retirar do punto 3 da parte dispostiva da moción o texto "O proxecto contemplará a realización de dous pasos elevados para unir á actual praza do Bebés con ese novo parque a carón do mar".

Vótase a moción do Sr. Alonso Vázquez xuntamente coa proposta formulada polos Sres. Pérez Castrillo e Ruiz Cenicerós.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Facermos un convenio coa Autoridade Portuaria de xeito que se proceda ó derrubo dos tres galpóns nos que se gardan redes de mariñeiros e maila antiga lonxa de baixura.

Segundo.- Estudar cos técnicos do equipo redactor do Plan Xeral outro emprazamento onde se construírán as naves para gardar as redes dos mariñeiros.

Terceiro.- Que a sociedade que promoverá os traballos en Vigo cara ó ano 2005, defina un proxecto de parque público no lugar onde hoxe se atopan as naves a derrubar.

URXENTES:

A.- MOCION DA SRA. MARTINS VILANOVA, DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE ESTABLECEMENTO DUN SERVIZO PERMANENTE DE PROFESORADO INTINERANTE PARA NENOS E NENAS QUE NON SE PODEN DESPRAZAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de marzo de 2004, a concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

“Un dos principais problemas derivados das enfermidades ou lesións traumáticas de longa duración é que os nenos e nenas que as padecen non poden asistir con regularidade ó seu centro educativo e recibir o ensino ó que teñen dereito. A súa escolaridade vese deste xeito dificultada acumulando retrasos escolares que só poden ser paliados coa adopción de medidas de apoio que garantan na práctica o dereito de todos os nenos e nenas á educación (Carta Europea sobre nenos hospitalizados aprobada o 13 de maio de 1985).

O goberno Vasco foi o pioneiro dentro do Estado e puxo en marcha con carácter permanente xa no curso 96-97 un Servizo de Asistencia Pedagóxica domiciliaria coa finalidade de atender as necesidades educativas deste alumnado. Con posterioridade temos outros exemplos na Comunidade de Madrid, Cataluña, Valencia etc.

Aquí imos máis lentos. Na Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, contemplase a posibilidade de establecer

servizos de atención educativa hospitalaria e domiciliaria cando as circunstancias así o aconsellen -prescripción facultativa considerando que alumno/a non poderá asistir ó seu centro escolar por un período superior a un mes- e dí que estes servizos estarán constituídos por profesorado que formarán parte dos centros específicos de educación e promoción de adultos ou, no seu defecto, dos institutos de educación secundaria autorizados para impartir ensinanzas de adultos nas modalidades presencial e a distancia.

No curso pasado a Federación de ANPAS de Vigo conseguiu que se atendera á súa demanda de atención hospitalaria para dous alumnos que estaban nas condicións esixidas na orde, que poideron contar así cun servizo consistente nunha profesora e 2 horas diarias de atención. Neste momento, ó aumentar o número de casos, a Delegación de Educación optou por rebaixar o tempo de atención ó alumnado en lugar de incrementar proporcionalmente o profesorado.

Por todo isto, propónse ó Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno Municipal faise eco desta problemática e insta ó Goberno Municipal a dirixirse a Consellería de Educación para solicitar o establecemento dun servizo permanente de profesorado itinerante que se especialice neste labor e se capacite para afrontar os problemas que hai que resolver nas diversas e sempre especiais circunstancias que acompañan estes casos.

2.- Que unha vez posto en práctica este servizo se leve a cabo unha campaña divulgativa sobre o mesmo, nos centros de ensino e hospitalarios."

INTERVENCIÓN DA SRA. MARTÍNS VILANOVA: Esta moción non ten problema de fondo. Trata da problemática dos nenos e nenas que teñen problemas de escolarización con relación a estar padecendo enfermidades de longa duración.

Sinxelamente é obter unha decisión do Pleno no sentido de se dirixir á Consellería de Educación para que se estableza un servizo permanente de profesorado itinerante que atenda estes casos.

Coidamos que aínda que fose fóra da orde do día non habería moito problema para o tratar hoxe.

(No momento da votación está ausente o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN DE URXENCIA.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. MARTÍNS VILANOVA: Un dos principais problemas que se derivan de enfermidades ou lesións traumáticas de longa duración é que os nenos e nenas que as están a padecer están en desigualdade de condicións e teñen problemas de retrasos escolares ó non poder contar con medidas de apoio que na práctica garantan o seu dereito á educación.

Existe unha Carta europea sobre esta problemática que é do ano 85, pero no Estado español as primeiras iniciativas neste sentido se deron a través das actuacións do Goberno vasco nos anos 96-97 que se puxo en marcha un servizo destas características. Logo houbo outros exemplos na Comunidade de Madrid, Cataluña, Valencia e coido que tamén en Murcia.

A respecto de Galicia non se fixo nada ata o ano 2002 cando se sacou adiante unha Orde na que se regulan as condicións e os criterios para a escolarización deste alumnado con necesidades educativas especiais e contempla tamén estes casos. Aí regúlase que, sempre que exista unha prescrición facultativa que aconselle que o alumno non pode asistir ó centro escolar durante un período superior a un mes, pois eses alumnos terán centro de atención domiciliaria, pero na práctica isto só foi atendido o ano pasado a raíz dunha demanda da ANPA de Vigo e contratouse a unha persoa para atender dous casos que estaban en condicións de necesidade de atención por períodos bastante superiores a un mes xa que eran enfermidades graves.

Aquí atopámonos con dous problemas, un é que non se conta cun servizo permanente especializado neste tema, outro que tampouco hai información sobre o dereito que hai a esixir esta atención.

O acordo que se propón que se realice neste Pleno vai dirixido nestes dous sentidos: Primeiro, que o Pleno municipal, que se fai eco desta problemática, insta ó Goberno municipal a dirixirse á Consellería de Educación para solicitar un servizo permanente de profesorado itinerante que se especialice neste labor e se capacite para afrontar os problemas que hai que resolver nas diversas e sempre especiais circunstancias que acompañan estes casos.

Que unha vez posto en práctica este servizo se leve a cabo unha campaña divulgativa sobre o mesmo nos centros de ensino e tamén nos centros hospitalarios. Moitas grazas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Actualmente a administración educativa ten establecidas no complexo hospitalario Hospital Xeral-Cíes dúas unidades escolares que veñen desenvolvendo o seu labor docente dende hai xa varios anos.

En canto a atención domiciliaria, dende hai varios cursos xa se están a atender no propio domicilio alumnos con problemas graves de enfermidade.

Na actualidade existe unha profesora con dedicación plena que ven desenvolvendo este labor docente e que atende no día de hoxe a tres alumnos no termo municipal de Vigo.

Ata este momento atendéronse todas as solicitudes presentadas, pero isto non impide que exista a posibilidade de realizar novas asistencias a solicitude de pais e tutores legais, de acordo co que establece a Orde do 27 de decembro de 2002, ante a dirección do centro e que a Inspección designe ó profesorado que sexa necesario para que preste este servizo xa que o número de alumnos é moi variable en función da evolución das circunstancias personais que dá lugar á necesidade desta atención escolar.

SRA. MARTÍNS VILANOVA: Efectivamente hai unha profesora que atende a estes alumnos, pero cando o número de casos aumentou non se aumentou ese profesorado, senón que se utilizou esa mesma persoa e rebaixouse o tempo de dedicación anterior.

Iso é o que fai notar a urxencia de que se cre un servizo permanente de atención a estes casos e ademais que se publicite suficientemente, porque xa digo que non hai información sobre este dereito de asistencia domiciliaria. Efectivamente que ten que haber moitos máis casos que dous ou tres porque os que nos dedicamos e traballamos neste medio sabemos que baixas de máis dun mes as hai con moitísima frecuencia.

(No momento da votación está ausente o Sr. Figueroa Vila)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola Sra. Martíns Vilanova, do Grupo municipal do BNG, sobre establecer un servizo permanente de profesorado intinerante

para nenos e nenas que non se poden desprazar, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Explicación de voto do Sr. Soto Ferreiro, polo grupo de DPG:

Nós votamos encantados a favor dunha proposta que nos semella tan intelixente e tan interesante malia que non hai ningún proxecto técnico que a sustente, malia que non sabemos os orzamentos que se poden derivar de apoiar esa proposta, etc.

16.- (92).- ROGOS E PREGUNTAS.

- * DO SR. ARIAS MOREIRA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE, FELICITANDO Á ALCALDÍA E Ó CONCELLEIRO SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO POLA FESTA DA RECONQUISTA.

INTERVENCIÓN DO SR. ARIAS MOREIRA: Moi brevemente neste Pleno que resultou bastante tenso e conflictivo; probablemente a razón dunha parte disto estivo exclusivamente en equívocos, dunha parte polo menos, quizáis non sobra unha felicitación que coido que é de xustiza porque este Grupo denunciou que é un xeito demasiado improvisado, demasiado atento á propaganda, escaso de rigor á hora de levar adiante algún proxecto, por certo, un proxecto estrela do Goberno municipal.

Sen embargo está claro que tamén hai cousas que vostedes fan ben ou moi ben e nese sentido este Grupo quere felicitar á Sra. Alcaldesa e ó meu amigo, Sr. López-Chaves, pola estupenda organización das Festas da Reconquista celebradas estes últimos días na cidade. Nada máis. Gracias.

- * ROGO DO SR. IGLESIAS CARRERA, DO GRUPO MUNICIPAL DO PP, SOBRE O AVE OURENSE-VIGO.

SR. IGLESIAS CARRERA: Non quero quitar importancia a este Pleno, falouse de moitas cousas, posiblemente foi tenso, pero tampouco me resisto a deixar no éter, porque penso que mañá, se non me trabuco, xa haberá outro debate aquí en Vigo.

Esta mañá lin nos xornais que o AVE Ourense-Vigo non vai ser prioritario nos próximos meses. Quero deixar isto no ar porque xa vexo que dentro de pouco teremos outro debate

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excm. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.